

# Xosé González Martínez

## Mestre de vontade enerxética

**Xosé González Martínez**

Mestre de vontade enerxética

XGM

Publica

galeguizargalicia

Colaboran

XUNTA DE GALICIA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
CONCELLO DE REDONDELA

Dirección

Carme Vaquero

Coordinación

Carme Vaquero
Xurxo Martínez González

Corrección lingüística

Xurxo Martínez González

Corrección de edición

Alba Pernas

Deseño e maquetación

Pio García

Edita

PIO GARCIA EDICIÓNS

© dos textos, os autores

Depósito Legal VG 164-2017

Imprime

Artes Gráficas Jadfel

# Introdución

XGM

A xubilación expresa un berro de ledicia e relaciónase co peche dun ciclo de traballo feito. Así nolo confesa a súa etimoloxía. A fin dunha etapa pero non o derradeiro paso. Botar o ferrollo a un período laboral pero non languidecer nos compromisos adquiridos.

A data do 7 de abril de 2017 será unha xornada significativa para Xosé González Martínez. Tras case trinta e oito anos ao servizo do Concello de Redondela, chegoulle o intre en que deberá deixar o espazo físico profesional dende o que desenvolveu tantas iniciativas a prol da cultura de noso.

A implicación intensa de Xosé González coa vila que o acolleu determinou o seu alcume: Pepe de Redondela. Así é coñecido por toda Galicia. Porque á beira do Alvedosa foi capaz de amplificar a mensaxe galeguizadora, de incidir en espazos dispares, de aglutinar no común compartido (dende unha posición ideolóxica pero non partidista) con man transversal. A inxente cantidade de proxectos realizados dende Redondela xustifican o seu sobrenome.

Arredor das súas propostas acumuláronse persoas de traxectorias variadas, profesións distintas e mesma conciencia galega. Porque o noso protagonista as incorporou en diferentes estruturas co gallo de comprometelas na responsabilidade social e nacional. Todo cunha metodoloxía persistente, constante, moi reflexionada, de quen non se desacouga ante as portas pechadas porque ten o convecemento profundo da necesidade de facer o que fai.

Xosé González é un dos bos e xenerosos porque na traxectoria vital o alento do seu esforzo dirixiuse a galeguizar Galicia. O seu facer forma parte da nosa memoria democrática e nacional, do noso acervo cultural e lingüístico.

Toda esta entrega e dedicación continuada de Xosé González, sempre co pensamento na patria, merece o recoñecemento colectivo do pobo de Galicia. Por este motivo quixemos expresar o noso agradecemento con esta obra que recolle máis de medio cento de colaboracións que repasan a súa intensa vida, comezando pola infancia en Teis e a loita antifranquista chegando até as iniciativas máis recentes de normalización lingüística: Administración, etiquetaxe, empresa, festas...

O libro que ten vostede na man, concibido dende o agarimo e o respecto que nos merece a súa figura, é unha peza de homenaxe a Xosé González Martínez. As sinaturas que participan dan conta do alcance do homenaxeado. Estamos certos que a lectura axudará a conformar unha idea máis precisa da dimensión de Pepe de Redondela.

Xurxo Martínez González
Carme Vaquero

# Prólogo

XGM



## Xosé González Martínez:
## unha biografía política singular

Non hai biografía que non sexa singular (no sentido etimolóxico), ou sexa, que non nos ofreza un acento, un matiz, un xesto ou un latexo inexistente noutras biografías contemporáneas, pese a seren estas millóns. Como se trata dunha biografía cívica, sempre ó servizo dunha causa, ¿como é que os historiadores novos (algún presente neste volume) non teñen feito un libro de catrocentas páxinas (polo menos) contando a asombrosa peripecia vital de quen, desde moi novo, militou, *radicalmente*, no nacionalismo galego, e hoxe, á beira dos setenta anos, segue a militar, con outras formas e xeitos, no nacionalismo lingüístico, actividade na que o Pepe non ten par? Se eu fose novo, faría ese libro, redactaría esa prodixiosa biografía, sempre polo miúdo, aínda naqueles episodios cos que estivese menos concorde. Para iso, recadaría os centos de documentos obrantes nos arquivos, entrevistaría a ducias de persoas que o trataron (sen excluír as críticas) e parolaría con el cen horas, e faríao, non só con magnetófono senón atento a un moi dilatado e minucioso cuestionario, nunca alleo a esas preguntas que, ás veces, nós mesmos non nos facemos. Sería o libro do ano, ou do lustro, ou da década... Se Clío preside esa investigación e se Clío é severa co protagonista da biografía, os lectores estariamos non só ante un libro revelador da biografía do país (1965-2017) senón revelador da personalidade, sempre *singular*, de Xosé González, chámese "o rapaz", "o Pepiño de Teis", "o Pepe de Redondela", "o Quixote da Normalización Lingüística" ou como se chame. Eu devezo por un libro así, por este libro.

Ben sei que hai outras biografías, máis ou menos contemporáneas en Galicia, dignas dun libro destas características, moi reveladoras algunhas, pero ningunha tan *singular* dentro e fóra do eido do nacionalismo. Xa é unha singularidade que Xosé González non sexa un home que pase á Historia (xa pasou) pola súa obra escrita: non é filólogo, nin historiador, nin poeta, nin erudito literario, nin economista académico, nin sociólogo titulado... É un home de acción, de acción enérxica, programada e teimuda, en momentos en que a acción esixe modos, hábitos e temples moi distintos. Non é o mesmo idear e coprotagonizar accións en 1969 (cando ingresa na entusiasta e redentora UPG) que programar e ser o ideólogo e motor indiscutible, desde hai trinta anos, da causa da normalización lingüística en mares que nunca antes foran navegados.

Esta faceta tivo, o 22 de xuño de 2002, un conato de recoñecemento máximo, e penso que é útil que se conte nun libro das características do presente. Nesa data, nun plenario da Real Academia Galega, un dos membros numerarios propuxo a Xosé González Martínez para ocupar a vacante dun académico de número, concretamente a de don Marino Dónega, falecido había pouco. Apoiaban a proposta de Ferro Ruibal, Constantino García González e Manuel González González, proposta que obtivo cinco votos (12, Manuel María; 3, Daniel Cortezón; e 3, abstencións). Estou convencido de que ninguén, naquela sesión plenaria, cuestionou os extraordinarios e eficaces esforzos de Xosé González para que o galego soase ou tivese predicamento en certos escenarios xurídicos, empresariais ou sanitarios. Sei dun académico, presente naquela difícil situación, que me dixera, había anos: "Con dúas ducias de persoas co compromiso do Pepe de Redondela, o proceso de normaliza-

ción lingüística non tardaría en obter éxitos decisivos". En efecto, para os académicos, a proposta creou unha situación difícil, dificilísima, tanto que a moitos custounos non pouco desestimala. A Academia é unha institución científica e literaria centrada, esencialmente, no estudo e no cultivo do idioma galego, e composta estatutariamente, por estudosos da Lingua (gramáticos, lexicógrafos, sociolingüistas...), por creadores nesa Lingua (poetas, narradores...) ou estudosos do feito literario (historiadores e críticos da Literatura). Daquela, o que os académicos desestimaron foi o perfil da candidatura non o labor e os méritos do candidato Xosé González.

Pero o Pepe de Redondela, de seu indesmaiable, seguiu á súa prédica e a súa praxe normalizadoras. Había tempo que non militaba en ningún partido: en realidade, había tempo que militaba, fóra de calquera sigla, na causa da normalización da Lingua Galega, unha lingua tan necesitada de ter presenza en certos espazos cultos e profesionais. A súa condición apartidaria non é allea a certos éxitos, e Xosé González sábeo. Arredor del existe un estraño Partido que vai desde avogados do Estado e maxistrados a adegueiros e comerciantes, todos eles –moitos non esquerdistas– comprometidos coa tarefa de instalar a vella lingua do país en espazos nos que, antano, florecera. Acontece que, nunha sociedade tan plural e tan complexa como a galega de hoxe, a defensa da Lingua pola Lingua, non sempre é verdadeiramente eficaz, sendo eficaces, porén, na súa medida, as accións apartidarias do Partido do Pepe de Redondela, normalizador máximo do Reino de Galicia, un Reino bastante señoriteiro onde as clases non subalternas –as civís e as eclesiásticas– convenceron a boa parte das clases subalternas de que o galego é unha opción subalterna. Nun mundo así, en tan duras coordenadas, a loita do Pepe de Redondela é, verdadeiramente, heroica, heroica e exemplar, pois ninguén, cun mínimo de sensibilidade social, pode ser alleo ós esforzos do Xosé González, en ocasións culminados con éxito, o que case é un milagre.

O compromiso de Xosé González coa Lingua non é só coa súa normalización –o Pepe é político, como en 1969– senón coa causa da súa propiedade e da súa corrección. En 2007 andaba alporizado coas xentes que dicían "pan i viño" (os tristemente famosos "éfobos"), e foi nese ano cando reuniu en Lestrove (en Lestrove!) un areópago de enxebristas nos que había desde xenerais galegos do Exército español a algún filólogo de esquerdas. Eu redactei e lin –a pedimento do Pepe– un manifesto en favor do verdadeiro fonema copulativo (pan e viño"), e nin así. O nome da proclama era *Manifesto dos cento setenta*, pois cento setenta eran os asinantes, número que coincidía cos anos transcorridos desde o nacemento de Rosalía de Castro. Precisemos que o acto de Lestrove, lugar tan rosaliano, foi o 24 de febreiro, e Rosalía nacera, nesa data, en 1837. Nestes minúsculos feitos, está o rigor e a pericia intelectual do Pepe sempre que organiza algún acto reivindicativo. Naquel de Lestrove, no *Manifesto* citábanse secuencias de Rosalía coma "soave e mimoso", "doce e sonoro", referidas ó noso idioma, xa empregadas pola inmortal Cantora no prólogo de *Cantares gallegos* (1863). Era un dos nosos "argumentos" contra a filoloxema i (de "pan i viño"), que inzaba xa daquela e hoxe ten andado moito camiño (excesivo, vergoñento). Xosé González Martínez, sempre home de principios, trona contra a antietimolóxica e castelanizante conxunción copulativa ("e" vén do latín "et", que, si, deu en castelán, "y" –escrito así– e en portugués "i" –escrito "e"–).



Pero este capítulo, significativo na biografía lingüística de Xosé González, é un máis na historia deste loitador lingüístico, que non ten par –penso– en ningunha comunidade con graves problemas no seu proceso de normalización lingüística.

Cando se escriba a gran monografía que Xosé González merece, hai que situar, na súa primeira gran formación, o nome preclaro do P. Xaime Seixas (1915-1994), xesuíta que non sei se foi profesor seu no Colexio que a Compañía ten en Vigo. Fose ou non alumno, cónstame que, fóra da igrexa, o pensamento e as palabras do P. Seixas influíron notablemente naquel "rapaz" tan inquedo para a causa social e para a lingüística. Xa aquí, non podo subtraerme a relatar un episodio acaecido o 3 de abril de 1968 na igrexa viguesa de San José Obrero, na que o P. Seixas oficiaba a misa funeral polo doutor Antón Beiras, ilustre oftalmólogo. Na homilía, sobre o doutor Beiras (galeguista comunista ou comunista galeguista), dixo o P. Seixas, entre outras, estas palabras: [Antón Beiras] amaba o idioma galego non só por ser o seu, senón por ser a linguaxe habitual do pobo traballador, do pobo labrego e mariñeiro.

Palabras insólitas, tan insólitas que ninguén as dicía en público e, menos, nun acto eclesiástico coma aquel. Eu estaba alí, sorprendido e agradecido, mesmo confortado. Era tal a novidade que tratei de reparar na expresión dos asistentes, algúns pertencentes á clase señorita da cidade, precisamente esa clase que non gusta do idioma galego por ser o do pobo labrego e mariñeiro. De súpeto, batín coa ollada emocionada dun mozote de dezasete ou dezaoito anos. Souben, non moito despois, que era "o rapaz", o Pepe de Teis.

E agora, nestes días, Xosé González Martínez xubílase, feito que eu acollo con xúbilo, con verdadeiro xúbilo, e non se trata dun xogo de palabras. Porque o Pepe, que nas últimas décadas dedicou horas e horas cada día á causa da dignificación e da promoción do Idioma, desde agora mesmo, el, que nunca dorme, dedicaralle as vinte e catro horas de cada día. Tampouco é un xogo, pola miña parte, dicir que o Pepe non dorme, pois sabido é que en soños maquina, trama e proxecta accións que, xa esperto, traduce en feitos.

Hoxe por hoxe, para achegármonos á vida de Xosé González Martínez –á vida e obra– contamos co presente volume, que é un volume de homenaxe escrito por voces amigas. Sempre foron así os libros de homenaxe dentro e fóra das nosas fronteiras. Pero a extraordinaria personalidade do homenaxeado e a portentosa realidade dos seus traballos e dos seus días esixen a magna biografía que veño reclamando. Non hai que agardar a dentro de dez ou doce anos, datas nas que este peculiar loitador enfrontarase, sen dúbida, a novos xigantes. Mentres, benquerido e admirado Pepe,

saudiña e cante o merlo!

Vigo, xaneiro 2017
Xesús Alonso Montero
*Presidente da Real Academia Galega*

## Lembranzas de Pepiño de Teis

Coñecín a Pepiño precisamente en Teis. Foi un contacto na clandestinidade do tardofranquismo. Dende O Morrazo a UPG determinara que debía producirse aquel encontro, probablemente coa intención de avaliar a posible formación dun cadro político. Aquilo ficou reducido a unha anécdota.

Despois tiven ocasión de compartir militancia dunha maneira máis activa. Lembro, por exemplo, a organización dun seminario de formación político-ideolóxica en Compostela ao cal asistiu Pepiño. Fora nun local curiosamente relacionado coa Igrexa e que conseguira Miguel Campuzano, que daquela compartíamos activa militancia en ERGA. Naquelas charlas quedaba acreditada a sólida preparación teórica e práctica de Pepiño. Lois Ríos xa me tiña comentado que Pepiño era a persoa con maior capacidade para a oratoria e para a escrita na UPG. Ninguén dubidaba do dinamismo que lle daba ao partido.

Máis tarde, despois do asasinato de Moncho Reboiras, novamente volvín coincidir na casa do meu compañeiro e amigo Luís de Nacidas, quen lle daba acollida e protección a Pepiño por ser este perseguido intensamente pola policía española. A situación, dentro do complicado, non deixaba de ser curiosa polo particular perfil de Pepiño. El pasaba de acatar a insistente recomendación de Luís por entender este que as súas saídas do domicilio poñían en risco a organización pero o dinamismo e carácter de Pepiño non entendía desas cortapisas.

O máis duro deses momentos políticos representouno a expulsión de Pepiño da UPG, que veu acompañada dunha cruel e crúa campaña de desprestixio político e persoal, moi típica naquel intre (e aínda hoxe). Aquela actuación trataba de agochar debates de fondo que co tempo e a práctica puxeron de manifesto que o problema de fondo estaba dentro da UPG: existía unha corrente de pensamento de carácter pequeno-burgués que acabou finalmente por abrazar con entusiamo o réxime que impuxo o posfranquismo.

Moito máis adiante volvín saber de Pepiño pola súa formidable laboura a prol de todo o que fose a defensa e promoción da lingua e da cultura galegas. Tamén noutras facianas galeguizadoras como a promoción dos produtos etiquetados na lingua propia.

Tiven ocasión de compartir actos de distinto tipo con Pepiño. Comprobei que mantén a súa lucidez e firmeza en defensa dos intereses nacionais e sociais de Galicia. Aquí, abofé, seguiremos compartindo esperanza e ideais.

Cangas, 5 de xaneiro de 2016
Mariano Abalo

Quen isto escribe, funcionario do Concello de Redondela como o propio Pepe de Teis, podería caer na tentación de falarlles da traxectoria profesional do homenaxeado, da que fun testemuña directa durante moitos anos, dos días cando absolutamente toda a brillante política cultural da Redondela de entón pasaba polas súas mans e do ostracismo que a partir de determinado momento sufriu por parte de quen tanto lle debían. Tamén podería falarlles de como fun testemuña directa, moitas veces dende o seu propio despacho, das consultas que lle fan políticos de todo signo e condición ou literatos ou xuristas ou músicos ou policías ou empresarios, así como vellos galeguistas ou académicos, para pedirlle un dato, unha lectura ou o seu parecer sobre algún asunto concreto. Tamén podería falarlles das distintas campañas que, primeiro en Redondela e logo por toda Galicia, ideou para dar cobertura a súa única paixón: a defensa intransixente da nosa lingua, ou como foi o creador ou instigador de innumerábeis proxectos que hoxe damos por normais, como se dende sempre estivesen aí, pero que sen el igual nin existirían. Fálolles dos distintos servizos de normalización lingüística existentes en Galicia, da tradución ao galego do Código Penal e do Código Civil ou de que o Diario Oficial de Galicia se escriba... en galego!

Neste relato, que á forza ten que ser moi comprimido, podería enumerar unha restra de iniciativas debidas a súa incansábel militancia galeguista. Asegúrolles que enchería o espazo de que dispoño coa lista das distintas células de galeguidade ideadas por el en recunchos onde ata entón ninguén labrara. Aínda así este exercicio, que de seguro sería revelador, en canto a que descubriría a intensidade e calidade do traballo realizado por Pepe, non daría a medida do valor que el ten para min. Particularmente estoulle agradecido por facerme entender que estamos obrigados a desmitificar as persoas, que a Historia a construímos entre todos e que as claves, moitas veces, están na letra pequena, no detalle puntual.

Dende entón prefiro quedarme coa intrahistoria das cousas, coa aplicación do microscopio para entender mellor os feitos. El sabe moito diso dende que exerceu de monaguillo co Padre Seixas ou dende que sendo un ben novo secretario xeral da UPG houbo de pasar o indicíbel por graza dalgún dos seus propios acólitos, ou das vivencias mantidas no seu contacto directo cos políticos redondeláns. De todas as maneiras non caerei na tentación de contarlles algunha anécdota, nin sequera as que xa están contadas por outros nalgunhas publicacións ao alcance de calquera de nós. Desexo que sexa o propio Pepe o que nolas conte a todos cando estea en situación de publicar as súas memorias, que lles aseguro serán amenas, divertidas e didácticas. Así que non llelas vou pisar nin moito nin pouco.

Tampouco vou contar a primeira conversa que mantiven con el, a pesar de lembrala perfectamente, pero si dicirlles que grazas a Carme Pérez Vaquero, amiga dos dous, descubrín un Pepe máis íntimo, moi tímido nas relacións persoais e ben diferente a quen eu imaxinaba, un home que non paraba de pensar, de cavilar, sempre alerta, sempre en acción, sempre á cabeza dun cativo Estado maior –o que constituían Carme e algúns outros– librando unha batalla nova. Sempre pensando o inimaxinábel, cunha apertura mental que o leva en ocasións a actuar de verdadeiro "funambulista" para manter un equilibrio ben difícil de soster en ocasións.

Algo que me chama fondamente a atención de Pepe é a súa capacidade para pasar dunha situación de profundo silencio, na que parece repousar abstraído ou reflexionando, a unha retórica realmente prodixiosa, na que unha sinxela conversa acompañando o café da sobremesa convértese nunha torronteira de palabras que ninguén é capaz de interromper. Agrádalle o dato exacto e dispón dunha memoria prodixiosa e unha precisión digna dun reloxeiro suízo. Tan rica que ás veces parece impedilo pensar de maneira sintética, pois o seu pensamento é arborescente e todo semella ter unha conexión que en ocasións só se fai evidente cando remata o seu parladoiro. Digresións que valen para que os que o escoitamos entendamos o valioso significado da intrahistoria, que é, como tantas veces se encarga de facernos notar, quen explica as cousas moitas veces.

Poderíalles falar tamén das nosas camiñadas pola ecopista de Valença, da nosa paixón compartida pola Historia e o País noso (a el débolle moitos apuntes, comentarios e guías para fiar a agulla en varios dos meus libros e a el débese que aínda exista documentación sobre o penal de San Simón, da que me nutrín para escribir), da súa visión da política, do seu amor polo viño noso (que tamén comparto) ou dos cánticos de serea que rexeitou en máis dunha ocasión, con moi bo criterio.

Para pechar estas liñas quixera transmitirlle a Pepe que, segundo o meu particular entender, ninguén recolleu e entendeu mellor ca el o espírito daquel texto de Álvaro Cunqueiro que se iniciaba pedindo mil primaveras máis para a lingua galega. Se neste País houbese xa non mil homes senón cen co entusiasmo e a capacidade de Pepe outro galo nos cantara.

Gonzalo Amoedo López
*Funcionario do Concello de Redondela*

## Ben deitamos de Pepe

Oíra falar moito de Xosé González Martínez. Foi na segunda metade da década dos anos 1980 cando coincidimos e nos presentaron. E ben deitamos del moitos dos que daquela e aínda agora nos movemos na Administración de Xustiza.

Perfecto coñecedor do país e das súas xentes, tamén coñecía –e padecía– as singularidades dunha Administración tan peculiar como a da Xustiza. Tirando dos fíos –como el adoita dicir– soubo penetrar nela amodo mais, en todo caso, a moita máis velocidade da que se move esta. Infatigable optimista, foi ilusionando a un fato de maxistrados, xuíces e fiscais para que fosen empregando o galego no seu quefacer diario. Venceu non poucas resistencias, retesías e andrómenas hoxe felizmente superadas. Custa pensar na actualidade que se tivo que pasar polo período da dobre columna –galego/castelán–; que se alegase que o galego non era tan preciso como este último e que, entón, non servía para a xerga e tecnicismos xurídicos; que unha cousa era falar galego e outra moi distinta escribilo; que o galego estaba ben para falalo nos despachos e mesmo polos corredores do pazo de xustiza, pero non para o intre do xuízo, etc.

Converteuse nun auténtico creador de ánimo e vontade alí onde non a había ou estaba ben adormecida. Como bo activista, organizou toda unha morea de iniciativas ata entón impensables na Administración de Xustiza (a tradución dos textos legais ao galego, os primeiros códigos no noso idioma, formularios para os xulgados, etc.). E só coa súa capacidade de sedución e perseveranza foi ilusionando a non

poucos maxistrados, xuíces, fiscais, notarios, rexistradores, letrados da Administración de Xustiza, procuradores, graduados sociais, e funcionarios dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial.

Froito diso foi a creación, tamén ideada por Pepe, da Irmandade Xurídica Galega. No mes de xuño do ano 2008, xuntou en Celanova centos de persoas coa finalidade de levar o espírito normalizador do galego a toda aquela xente relacionada coa Administración de Xustiza e a cantas asociacións e sindicatos tivesen o eido do Dereito como escenario das súas actividades profesionais. O feito dende entón non sería posible sen o pulo, organización e mantemento das ilusións por parte de Pepe.

Encargouse de facer o traballo doutros que nin querían nin sabían facelo. Mesmo cando se celebraba o día central dos actos que promovía se convertía nun perfecto anfitrión e dáballes acubillo e protagonismo a todos. Bulía por entre a xente saudando, aledándose de que acudisen, mais fuxía de ser o centro de atención e así non era nada frecuente velo nas recensións dos medios de comunicación. O que nun tempo se deu en chamar a transversalidade se cadra se fixou no que facía Pepe. Cando precisabas del, estaba feito. E, se non, sabía engaiolar, chamar, acudir, etc. Se de alguén se pode predicar que é bo e xeneroso, abofé que é de Pepe.

Non se enferruxou no tradicional deseño e desenvolvemento das actividades. Tanto organizaba cursos e conferencias como creaba foros, fundacións ou outras irmandades galegas –de agroalimentarios e de adegueiros, da sanidade–, restauraba a memoria lingüística, etc. Había días que ocupaba toda a bandexa de entrada cos seus correos electrónicos. Montou páxinas na rede, creou canles de comunicación informática. E cando podía soltábache: Oes, sabes cantas visitas levamos na páxina na que saíu o acto doutro día? Comprometido e apaixonado sempre, e feliz como o primeiro día, trataba de contaxiarche o seu entusiasmo. Por iso gañou o respecto e admiración de todos. E non ten acougo. Mesmo o que poderá ler neste libro se cadra o vai usar para tirar outras iniciativas. Así que preparádevos.

Benquerido Pepe, sabes que me presta moito a túa amizade e gábome dela. De ter coñecido a Marisa e de falar coa túa sempre nena Antía. E coma sempre, como ti dis, se é de pota, tomaremos un café.

Xosé Xoán Barreiro Prado
*Maxistrado*



## No día da xubilación de Xosé González Martínez

O Concello de Redondela é recoñecido como un dos municipios de Galicia con maior iniciativa cultural e compromiso coa lingua galega. Dende a nosa vila xurdiron iniciativas e proxectos que pronto foron extrapolados a outros lugares.

Xosé González foi un dos funcionarios do noso concello que máis e mellor traballaron para que Redondela conseguise ser unha referencia. O Servizo de Normalización Lingüística foi o primeiro que se formou en toda Galicia por iniciativa súa no ano 1982. A continuación comezou o traballo de galeguización da documentación administrativa, os cursos de formación e mellora para o funcionariado ou as campañas de dinamización social a prol do galego. Accións que foron modelo para outros lugares.

O seu traballo tamén se abriu a propostas culturais ambiciosas e que conseguiron o éxito. A recuperación da Festa dos Maios ou a convocatoria e posterior relanzamento do Premio de novela longa Blanco Amor (cun enxeñoso modelo económico mancomunado) son dous claros exemplos.

Durante a súa longa traxectoria como traballador público do Concello de Redondela achegou de maneira constante ideas innovadoras para manter o mesmo nivel de excelencia cultural e lingüística. Así, dende 1979 Xosé González colaborou coa Administración local e coas distintas corporacións de igual maneira e intensidade, pensando no pobo redondelán e en Galicia.

O fin que moveu toda a actividade de Xosé González foi e é o engrandecemento de Galicia, da súa cultura e da súa lingua. O seu compromiso coa nosa terra, realizado dende Redondela, converteuno nunha das figuras máis activas e dinámicas, sempre imaxinando novos proxectos e espazos onde intervir a prol da normalización.

Ademais, Xosé González soubo xuntar esta imaxinación coa práctica, procurando a participación de máis axentes para garantir non só o éxito das campañas senón tamén a corresponsabilidade co país. El está detrás de moitas iniciativas aprobadas polo Parlamento de Galicia en materia lingüística e cultural e promoveu outras tantas en diversos concellos. Penso no acto celebrado en 2015 que Xosé González promoveu dende o noso municipio para honrar os xuristas que usaron de novo o galego na xudicatura. A través de todo isto colocou ao noso municipio como un espazo protagonista e modélico.

A nosa lingua precisa avanzar na súa normalización, gañar novos espazos e manter os existentes. Quedan moitos retos e moitas tarefas por diante. Precisaremos de todas as mans. E sabemos que entre elas estará a de Xosé González, disposto á galeguización coa mesma forza e azos que mantivo nestes case corenta anos de servidor público.

Para o Concello de Redondela, e para min como Alcalde, é unha honra ter contado entre o seu cadro de persoal cun traballador coma Xosé González, quen dedicou moitas horas da súa vida á nosa vila co propósito de convertela nunha ampla alameda de cultura, respectuosa coa súa tradición, pioneira na defensa da lingua e firme defensora de Galicia.

Grazas por todo o feito por Redondela e os meus ánimos para seguir co traballo a favor da lingua e cultura galegas.

Javier Bas Corugeira
*Alcalde do Concello de Redondela*

## Instantánea en Polaroid con 'Pepiño Teis' cando novo.

Daquela aínda non era o 'Pepe de Redondela'. Nen sequer aínda tampouco 'Pepiño Teis'. Fora mesmo antes diso. Vai aló tanto tempo que inda eu era daquela un mozo e Pepe, digo Xosé González, un rapazigo adolescente. Falo de hai arredor de meio século. Cara meiados dos sesenta do XX, máis ou menos –se a memoria non ma xoga. Fora polo entón cando nos coñeceramos. En Vigo, claro. Quero dicir: na etapa da miña andaina vital na que eu residira e traballara en Vigo, do 63 ao 69. E fora por obra do 'Padre Seixas', Xaime Seixas Subirá, xesuíta absolutamente atípico no seu tempo e lugar, nacionalista galego e adepto á 'teoloxía da liberación'. Compostelán, amigo dende a infancia do meu tío Antón, fora canda il e Xaime Illa membro dos 'Ultreias' das mocidades do Partido Galeguista da República, e mantiveran de por vida a súa 'irmandade' na lealdade aos afectos, as ideas e os valores comúns –sendo cura un e o outro comunista. Se cadra o apóstolo do galeguismo máis perseverantemente optimista que coñecín: o seu saúdo, de encontro e despedida, era decote "os tempos son chegados". Invariabelmente, que eu lembre, des que eu era un neno –e pasmaba ao escoitalo.

Pois fora o 'Padre Seixas' quen un bó día, no meu tempo vigués, falarame dun fato de rapaces que il trataba –e, seguro, adoutrinaba no galeguismo– e propuxérame que lles dera unhas sesións a xeito de seminario de formación iniciática no eido da economía galega. Eu traballaba no entón para a editorial Galaxia, na que tiña ao meu cárrego a edición da *Revista de Economía de Galicia* –fundada no 1958 por iniciativa de Xaime Illa, quen seguía a ser formalmente o seu direitor– ademais de realizar outra serie de labores diversos, dende recensións de libros e textos variados 'de recheo' para *Grial* e a propria *REG*, asinados cun pintoresco repertorio de pseudónimos, deica a correición de galeradas e outras probas de imprenta das publicacións da editorial. E o meu lugar de traballo era o da biblioteca da recén constituída *Fundación Penzol*, sita no fermoso edificio da rúa Policarpo Sanz propriedade da Caixa de Aforros de Vigo, cáseque fronte ao García Barbón, e anos despois convirtido en centro cultural, antes de pasar a millor vida, digo, propriedade bancaria cando do expolio das Caixas (populares) de Aforros galegas perpetrado polos cipaios da XdG e o 'famoso' MAFO do Banco de España.

E fora alí onde me dera cita co fato de rapaces enviados polo Padre Seixas, e que resultaron ser precisamente o Pepe, digo Xosé González, e máis Xaquin 'O Rubio', os dous irmaus Reboiras, e o Santamaría Conde. Non son quen de relembrar canto durara aquilo nen cantas sesións de 'seminario' chegaramos a celebrar. Si que a temática sobardara de imediato o eido da economia galega, para aventurármonos na exploración do pensamento nacionalista e as suas expresións políticas no pasado e no presente.

E non debín resultar moi sedutor, ou a miña actitude non ser proselitista, senón simplesmente didáctica. Dígoo porque, na altura, eu xa militaba no PSG e, porén, dos cinco rapaces, agás o Santamaría, os outros catro embarcarían no pailebote da UPG. Certo tamén que, na mesma altura, os lindes desas demarcacións eran máis ben difusos na prática, e érano inda máis no meu caso, por mor da miña persoal relación cotián, absolutamente fraternal, con Ferrin na U e con Cribeiro no PC, e a nosa constante colaboración en tarefas comúns, baixo cobertores como a Asociación Cultural presidida por Camilo ou o Cine Club promovido por Cribeiro, ou na agra aberta das actividades clandestinas antifascistas –máis intensas e comprometidas no caso diles ca no meu. En rigor, daquela, eu non sabería tracexar con precisión o meu linde ideolóxico co proxecto 'upegallo' do Mc'Ferrin, e de feito moi axiña acabaríamos por redactar xuntos, e máis co Camilo, o documento conxunto UPG-PSG. Mais o caso é que, daquel fato de mozos 'seminaristas' na Penzol, 'Pepiño Teis', Xaquin 'O Rubio' e os dous Reboiras convirtiríanse en cadros políticos membros do núcleo dirixente da UPG ferrinián nos primeiros setenta. E é mesmamente nesa etapa cando eu vou ter trato máis estreito e frecuente co Pepe González na actividade política: especialmente no decurso das sesións de traballo e debate do CFPG (Consello de Forzas Políticas Galegas) –até o 'golpe dos coroneis' na U e a subseguinte voladura do Consello.

Nese traxecto vital de escasos dous lustros, o rapaz inquedo, febrilmente curioso e famento de saber que era o Pepe dos encontros na Penzol, tornárase nun mozo activista, de enerxía ao parecer inesgotábel, e nun formidábel polemista, adversario temíbel nas confrontacións dialéticas que tiñan lugar no CFPG –que, porén, no plano persoal, non avolvían o limpo fluxo da fraternal relación que mantiñamos entre il e máis eu. Relación bruscamente interrompida, non por desencontros ideolóxicos nen políticos, senón pola viaxe aos infernos que eu emprendo após as eleicións do 77 e da que non retornarei hastra catro anos máis tarde, cando volvo nacer, desta vez a unha ben diferente nova vida.

E velaí que, máis ou menos, iso cadra, en paralelo, co comezo da segunda fase na andaina de Xosé González, coa mudanza no xeito do seu permanente combate a prol da Nosa Terra, a etapa na que vai ser Pepe de Redondela, o incansábel, imaxinativo e habelencioso loitador na fronte cultural do nacionalismo emancipador, motor dunha práctica de extensión e normalización do uso do idioma de noso nos diversos eidos da sociedade, dende as institucións da administración civil e a maxistratura, deica o tecido empresarial autótono. Un fecundo labor constante e constantemente recomenzado, sen desmaio, coa teimosía dos bós e xenerosos pondaliáns.

Mais esa andaina xa dá para un filme enteiro: non cabe nunha foto fixa, nesa instantánea en polaroid na que eu me lembraba retratado con Pepe, digo Xosé González, cando novo, moito antes de se tornar en Pepe de Redondela, mesmo tamén se cadra antes de ser Pepiño Teis, na biblioteca da Penzol no fermoso edificio da rúa Policarpo Sanz, Vigo, meiados dos anos sesenta –se a memoria non ma xoga. Brindo logo por Pepiño Teis, Pepe de Redondela, disque tamén Xosé González, cunha cunca de bó Amandi, do de verdade –mencía e merenzao. Longa vida e... cante o merlo!

Reboraina de Aguiar, 28 de decembro, día dos santos Inocentes do 2016.

Xosé Manoel Beiras Torrado

## Facer normal o que debería ser normal

Nesta sentenza podería resumir a miña opinión sobre Xosé González Martínez, ao que coñecín neste terceiro milenio. Todo comezou cunha chamada telefónica de Carme Vaquero (a persoa encargada nos últimos tempos de estruturar e poñer orde as ideas galeguizadoras de Pepe). Vista a proposición, a miña resposta tería que ser si ou si:

*– Xosé Carballido?*
*– Si, diga*
*– Chámolle de parte da Asociación Álvaro das Casas. Sabemos que vostede é unha persoa apaixoada do mundo do viño e tamén comprometida coa defensa do galego, como lingua. Queríamos convidalo a participar como xurado na segunda edición dos Bacelos de Prata, galardón que se entrega a algunha adega que utilice o galego na etiquetaxe ...*

O sector agroalimentario galego leva anos reinventándose. Crises sucesivas e cíclicas obrigan a repensar a nosa actividade, e o exemplo paradigmático témolo no sector vitivinícola. Desde que a partir de 1892 a Filoxera arrasara a práctica totalidade do viñedo galego e forzara un terrible éxodo cara a Cuba, Arxentina, Chile ou Brasil, no primeiro cuarto do século XX comezamos a replantar os viñedos con híbridos ou con cepas enxertadas resistentes á praga. A Guerra Civil e a posterior Guerra Mundial condenaron á viña ao abandono e provocaron a paralización do mercado europeo do viño, que non se recuperaría ata mediados do século pasado. A demanda de gran volume de viño, inclina a produción cara a cantidade en troques da calidade, que queda nun segundo plano. Pero a finais de século, os mercados demandan calidade e as nosas xentes demostran unha vez máis a capacidade de adaptación comezando un proceso de reestruturación no que reaparecen as variedades clásicas.

Nun mercado tan agresivo e competitivo, o concepto “calidade” xa non é suficiente e búscanse outros elementos ligados ao noso clima e territorio, por tanto inimitábeis: personalidade, singularidade ...

Pero Xosé González Martínez, o Pepe de Redondela, estaba convencido que había que dar un paso máis. Había que acadar a excelencia. Un gran produto, unha gran calidade, un viño singular, pero elegantemente vestido. E que mellor vestimenta cunha etiqueta redactada no mesmo idioma que deu nome a estas castes de prestixio: Treixadura, Loureira, Espadeiro, Merenzao, Sousón, Brancellao... Por que non ligar un produto froito dunha terra e dunha cultura a unha lingua vehicular desa propia terra e desa propia cultura.

Así promove unha asociación, *Álvaro das Casas*, que entregaría un Bacelo de Prata como recoñecemento a aquelas adegas que etiquetaran os seus viños en galego. Trátase de facer normal o que debería ser normal.

Naquela edición, na que participei como xurado, apenas media ducia de botellas etiquetadas en galego formaban parte da candidatura a este galardón. Oito anos máis tarde, 250 marcas optaban ao galardón. Íase consolidando un camiño timidamente iniciado. Canto terá que ver Xosé González no empedrado deste camiño, para facelo transitable?

Pero non parecía suficiente e, principiando o 2012, vexo na pantalla do móbil o número de Pepe. Sabía que o tempo de relax tiña rematado:

*– Oes. Cada vez son máis as adegas que etiquetan en galego, pero non podemos relaxarnos. Creo que había que crear unha Irmandade de Adegueiros para seguir a promover o uso do galego na etiquetaxe, pero tamén na relación comercial normal, nas facturas, na publicidade, nos rótulos das adegas ... e tamén, para buscar a complicidade dos consumidores. Xa temos moitas empresas que etiquetan en galego. Agora precisamos moitas persoas consumidoras que opten por consumir precisamente estes produtos etiquetados en galego.*
*–Perfecto. Paréceme unha boa idea, pero ...*
*– Pois veña. Ponte a redactar un acta fundacional e a buscar adegas que se incorporen a esta Irmandade. Antes do verán, temos que facer un acto para darlle visibilidade a isto. Veña. Adeus.*

Pois nada, a traballar. Así é Pepe. Nos seguintes trinta días recibirás unha chamada diaria (ou dúas, se procede) para ir vendo como vai a cousa. En tanto, el mesmo comeza a contactar coas adegas para que se sumen a este proxecto. E as cousas acaban materializándose. E así, nese primeiro ano, ademais das empresas que se adheriron á Irmandade, diversos colectivos asinaron a chamada *“Carta de Consumo Responsable e Solidario”*. O segundo ano, tivemos que repensar o tema, pois outras empresas e artesáns do sector manifestaron «que tamén queremos estar aí» polo que a inicial Irmandade de Adegueiros acabaría por se converter na Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE) coa incorporación de empresas produtoras, elaboradoras e comercializadoras do leite, do queixo, do viño, do mel, do pan e da fariña, da cervexa, dos ovos, das carnes, da sidra, do café, dos pementos, do vermú, do chocolate e das nosas producións en xeral. Un movemento de

normalización do idioma que, arrincando timidamente en contadas empresas familiares ou societarias, hoxe forma parte xa do patrimonio inmaterial do noso legado. Seguíase a facer camiño. Canto terá que ver Xosé González no empedrado deste camiño, para facelo transitable?

A mensaxe era clara e contundente: cando eliximos os produtos a consumir, temos a opción de escoller aqueles que están a manter unha economía sostíbel e que xeran riqueza, valor engadido e emprego de proximidade, ao tempo que axudan a manter viva unha cultura, unha lingua e unha forma de ser.

Temos un deber responsable á hora de decidir por que produtos optamos, coa conciencia de que os produtos galegos contribúen ao noso desenvolvemento económico, permiten fixar poboación e garanten a pervivencia do noso país.

Temos un deber solidario con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de etiquetar en galego as súas elaboracións ou utilizan o noso idioma na súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.

Xunto con estas persoas emprendedoras, asumiron este compromiso inicialmente as organizacións sindicais UXT, CIG, CCOO, SLG, Unións Agrarias, FRUGA e Xóvenes Agricultores ; o ano seguinte serían as organizacións políticas ANOVA Irmandade Nacionalista, Partido Popular de Galicia, Esquerda Unida, Compromiso por Galicia, Partido Socialista de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego. Posteriormente o Parlamento Galego, solemnemente e por unanimidade, manifestou a súa adhesión a esta iniciativa, como así consta no seu Diario de Sesións. Logo, asociacións culturais e de consumidores de toda Galicia e, na última convocatoria da IRGADE, as alcaldías das sete grandes cidades e dun importante número de concellos deste país, asinaron este compromiso.

Quen é capaz de xuntar tan variadas e significadas sinaturas nun mesmo documento? Canto terá que ver Xosé González Martínez no empedrado deste camiño, para facelo transitable? Cando será normal o que debería ser normal?

Déixovos, pois está a chamarme polo móbil o Pepe de Redondela. Isto aínda non rematou.

Xosé Carballido Presas
*Coordinador da IRGADE*



*"Hai homes que loitan un día e son bos.*
*Hai outros que loitan un ano e son mellores.*
*Hainos que loitan moitos anos e son moi bos.*
*Mais hai os que loitan toda a vida; eses son os imprescindibles".*

Bertold Brecht

Sentín por primeira vez falar de Pepe o día que fun a Pontevedra para ingresar na Irmandade Xurídica Galega. O acto celebrábase na Deputación Provincial, e eu entrei alí un pouco despistada, descoñecendo completamente o protocolo. Achegueime a un amigo e pregunteille que tiña que facer: "Fala co Pepe" —díxome—. Como non sabía quen era Pepe porfiei con outros. "Onde me debo poñer?" —O que che diga o Pepe—. E así, unha e outra vez, todos me dirixían ao famoso Pepe, que daquela, por certo, non me fixo moito caso pois, coma sempre, andaba rebulindo por aquí e acolá, a organizalo todo.

Hai diso uns cantos anos e, a día de hoxe, logo de compartirmos moitos momentos, Pepe é para min unha desas persoas *especiais* que habitan a nosa vida. El implicoume de cheo no seu —no noso— compromiso, apegoume o seu entusiasmo, embercelloume en mil iniciativas, e non me deu, en fin, máis alternativa que saltar ao campo e xogar.

A admiración e o agarimo que sinto por el veñen da súa calidade persoal, do seu xeito entrañable, acaroado, de ser. Pero tamén do seu traballo incansable, imaxinativo e prolífico a prol do noso común ideal: restituírlle ao galego a presenza e a visibilidade que merece, como vehículo de expresión que sempre foi do noso pobo, e garantirlle unha vida longa e vizosa. Anceios que se expresan á perfección nun lema, do que eu gosto moito, e baixo o que se agrupan a morea de asociacións e iniciativas ás que Pepe dá vida "Galeguizar Galicia"

Pepe defende acotío que o galego non se pode manter acubillado no eido selecto do literario ou no eido simbólico do protocolario. Que en galego teñen que nos curaren as doenzas, nos defenderen nos xulgados e nos atenderen na Administración. Que en galego debemos vender os produtos da terra, revivir as tradicións e lembrar os seres queridos. Que na nosa terra cómpre vivir na nosa lingua.

Teño para min que, para manter no tempo un obxectivo, unha loita, un ideal, non se precisan máis ca unhas poucas persoas que sexan quen de xunguir os outros, de turrar deles, de xerar estímulos, de manter acesa a lapa da ilusión e de regar acotío o xermolo da acción. Pepe é un deses poucos imprescindibles. Os máis de nós botamos á fogueira algúns garabulliños, pero el está entre os gardiáns do lume.

Seica Pepe se xubila no seu posto de funcionario. Pero ninguén pode xubilar as ganas, a enerxía, o carisma, nin as convicións. E el ten abondo de todo iso. Sabemos que cómpre traballar arreo pola causa na que cremos —el nolo aprende todos os días co seu exemplo—. E temos fe en que a nosa angueira vai dar froito. Así pois, querido Pepe, sentímolo moito pero tes que seguir a traballar. E nós canda ti.

Consuelo Castro Rey
*Avogada do Estado-Xefe en Galicia*

## Cando o Pepe... sae o sol para o galego

É ben triste ter que xustificar acotío que o noso país é Galicia e o noso idioma o galego. Pero esa tristeza ha de ser o motor que xere máis xustificacións das que nos pidan, ata que deixen de pedirnos máis.

Mentres teñamos que dar explicacións, bo é que haxa persoas que convertan en natural o que é natural e se explique por si mesmo, e iso é o que hai que recoñecerlle a Pepe. O exemplo máis evidente é o culto á morte, tal como se concibe na nosa cultura. É ben certo que a morte é algo natural, que converte a nosa biografía en memoria; o que non é natural é que esa memoria se constrúa en castelán, cando o protagonista viviu sempre en galego. Aí está o Pepe para poñer sentido na galeguización dos cemiterios e todo o que rodea a memoria das nosas xentes.

Non podo negar que a súa loita nese terreo é das cousas que máis me teñen emocionado, pois cando nos toca de perto, e buscamos un xornal que teña esquelas en galego, e a poder ser laicas, para tomar como modelo, non hai maneira de atopalas, aínda en hemerotecas que acumulan xornais de varios meses.

Algo no que pouca xente pensa, cando perde un ser querido, pois de todo se encargan as aseguradoras, pero que todo galego asume como natural, cando é convocado a asinar o documento notarial que recolle as vontades de ser recordado en galego. O natural convértese en natural para as persoas individuais, pero non está tan claro para outros sectores onde se toman as decisións. Aí está o Pepe para facer que os curas, os empresarios, os xornais e outros entes de poder e prestixio, vexan tamén isto como natural.

Sendo esta unha das frontes do Pepe que mais me chamaron a atención, non é a única. Cando chega unha alerta de facebook, un ton ou unha mensaxe de teléfono, un correo electrónico, desde calquera das liñas que ten abertas, algo grande está tramando, e comeza a rolda de contactos para chegar a todos os currunchos do país.

Eu son testemuña do seu *acoso* mediático galeguizador desde que en 1998 me encargou Domingo Docampo de artellar a política cultural da Universidade de Vigo. Unha das miñas teimas eran os cursos de verán, e entre estes, os que espallaban cultura polas diferentes vilas, aldeas do país e do Norte de Portugal. Vendo que no programa aparecía un curso sobre o Couto Mixto, sen contido, mandei chamar con urxencia a quen tiña feito a proposta. E quen era? Non fai falta que o diga. Aquel curso itinerante desde Chaves a Celanova, pasando polo Couto, non podía ser cousa doutro que non fose o Pepe.

Para cando nos encontramos, eu xa tiña encargado cambio de coche, pois non son moito de coche oficial, e ademais o servizo aínda era precario na Universidade. Mal pensei nos moitos quilómetros que faría, visitando os lugares onde chegaba a "oferta cultural e lingüística" do Pepe. Antes de tomar posesión a equipa reitoral, xa se foi despedir o vello Ford Orion, das terras dos Mixtos, desprazándonos alá unha delegación formada polo propio Reitor, o Vicerreitor Antón Fernández e mais eu.

Nas moitas voltas que demos para chegar, por algunha confusión nos cruces, alá por terras de Muíños, deulle tempo a Domingo para encargarme que me entrevistase co Pepe, pois pedíralle un encontro e como se trataba de temas culturais, delegou en min. Un de Redondela mandando a falar



comigo a outro de Redondela. O meu referente pedagóxico naquela terra era Ernestina Otero e outros mártires de novembro do 36, polo que pensei no proveitosa que ía ser a entrevista.

En poucos días estaba completamente deseñado o Curso de Verán do Couto Mixto, e antes de realizalo, xa estaba o proxecto da Asociación de Amigos do Couto Mixto, e a publicación do libro de García Mañá sobre aquela República esquecida. Os orzamentos de cultura e normalización lingüística xa andaban bailando na metade do ano, pero estes proxectos son os que dan sentido a proxectos culturais, nos que se deben implicar as institucións académicas e políticas.

Aí comezamos unha longa colaboración en cantos proxectos de país saían da cabeza deste home bo e xeneroso. A colaboración foi dando paso a amizade, e a encontros frecuentes en terras de Vigo e Ourense, nos que non faltaba algún produto etiquetado en galego. Na igrexa de Santiago dos Mixtos quedou a praca de lembranza do curso de verán. Pronto fariamos outro que unía a miña terra da Limia con Tourem, coa correspondente homenaxe ao mestre Manuel Barros naquela aldea, que salvou da morte a tantos galegos que fuxiron do fascismo no 36.

Difícil lembrar todos os proxectos nos que coincidimos, e tampouco hai espazo para todos. Ademais dos actos de memoria do Couto Mixto, lembro especialmente os actos de entrega dos premios Peña Novo, cada ano no Castelo de Soutomaior. Nunca se me pasou pola cabeza que eu sería un dos premiados na edición de 2016, no centenario das Irmandades. Son actos tan ben organizados, con todo previsto polo Pepe ou a Carme, e son tan escollidos os premiados, que a memoria de Peña Novo revive cada ano, coa reafirmación de Galicia e do idioma galego, como lle gustaba a aquela xeración.

Esposende, no Ribeiro, é outra das citas fixas para a posta en valor do idioma e do tecido produtivo galego, obra da Asociación Álvaro das Casas. Fomentar o etiquetado en galego, e recuperar tradicións, como os Maios en Leiro, son algunhas das actuacións que nos xuntan alí cada ano.

Coa amizade e o estímulo de Pepe, é difícil pensar en ter fins de semana libres, pois sempre hai algún lume que apagar no maltratado pelouro da cultura e do idioma. Pero Pepe fabrica antídotos case coa mesma velocidade con que proliferan os incendiarios.

Merecida esta xubilación, pois as profesións da cultura deben moito a persoas como Pepe, mais sospeito que esta xubilación vai ser só administrativa, pois deixar de ir ao traballo asalariado non vai supor máis que o incremento das horas correspondentes no traballo de activista da cultura galega e do idioma. Haberá que xubilarse tamén para seguir o ritmo de alta velocidade que lle imprimes ao proceso de galeguización. Empeza por regalarnos calendarios, nos que aparezan sinalados os días en que non se pode fallar, para ver se queda algún libre.

Moita saúde para disfrutar da xubilación e para seguir facendo país.

Xosé Manuel Cid Fernández
*Facultade Educación-Uvigo*

# O manager da causa lingüística

Falar de Pepe de Redondela –ou escribir sobre el– é un auténtico pracer e unha xustísima práctica de amizade. Son moitas as voltas que lle temos dado á vida xuntos, longos e moi fondos os arraigamentos das nosas vivencias e outeiriza e florecida a paisaxe que nos tocou compartir moitas veces. Xosé González non é un home calquera co que te cruzas na vida. É un cidadán exemplar que nunca regatea esforzos, inquedanzas nin amores por loitar, entre outras cousas, polo idioma que lle é de seu.

Sendo eu un aínda un novo xornalista correspondente de *El País* e de *Interviú* –anos 70 do século pasado– empezou Xosé González a frecuentar o meu destartaldo escritorio da compostelá rúa do Franco, e non era para levarte tomar viños ao 42, que tamén, senón para subministrar información, ideas, sentimentos, tácticas e estratexias coas que se puidera favorecer o bo cultivo e o eficaz desenvolvemento da lingua galega e da cultura en xeral. Desprazábase dende Vigo primeiro e logo dende Redondela para patear as redaccións, percorrer as rúas, persoarse nos cenáculos culturais e políticos, participar en todo o que se podía, con tal de levar adiante a sua evanxelización lingüística. *Pepiño de Teis,* un dos primeiros alcumes que lle puxeron, foi un auténtico *agit-prop* da causa linguística do galeguismo.

Pasado o tempo e instalado xa eu en Madrid, o amigo de sempre nunca deixou de mandar os sinais do seu fume. Telefoneábame ou escribíame para manter acesa a chama do compromiso polo idioma. Daquela el xa era un verdadeiro *manager* da causa lingüística e non había asociación profesional, corporación ou entidade pública que lle resistise. Porque o grande acerto de Xosé González, para defender o galego, foi decatarse de que a loita, ademais de ser continua, tiña que ser transversal e interclasista. Non lle abondaba con que falásemos ou escribísemos en galego os de sempre. Había que estender o círculo conquistando para a nosa lingua os que aínda non se valían dela. O labor de Pepe en todos os campos da Administración pública, o ensino, a xustiza, a sanidade, o mundo do empresarial, foi formidábel.

E non deixarei eu de salientar un aspecto importante dese labor, como é o papel que xogou Xosé González na investigación, promoción e recoñecemento do patrimonio galego favoredor da pervivencia e desenvolvemento do galego. Ao de Redondela débenlle quedar xa poucos personaxes que militaron na defensa do idioma sen dedicarlles a correspondente e sempre merecida divulgación e homenaxe. Neste aspecto, a vida de González foi unha indiscutíbel carreira polo que temos de máis noso.

E, sendo así –como é de verdade–, non me acae a min ningunha idea mellor ca de sumarme á homenaxe que ben merecidamente se lle ofrece a Xosé González, *Pepiño de Redondela* ou de *Teis*. Un dos bos. E dos máis xenerosos.

Perfecto Conde Muruais
*Xornalista e escritor*



Coñecín a Pepe pouco despois de rematar os meus estudos de filoloxía en Santiago. Subía decote á biblioteca de Redondela, situada, daquela, no último andar do edificio da Casa da Cultura. Nun solitario e pequeno despachiño, ao final da escaleira, fronte á entrada da biblioteca vin a Pepe por primeira vez, ou viume el a min, non o sei, xa que co tempo fun comprobando que para el case ningún pasaba desapercibido e aproveitaba moitas ocasións para lanzar unha pregunta, apuntar certeiramente cun comentario, provocar agudamente unha reflexión a calquera daqueles bachareis ou universitarios que entrabamos e saïamos da biblioteca.

Cando coñeceu a miñas eivas e arelas de descuberta da nosa cultura, abriume xenerosamente as portas a un mundo de coñecementos e de vida no que xa fiquei instalado para sempre. Aqueles primeiros encontros e charlas no seu despacho foron a soleira dunha nova biblioteca de saber que foi completando os baleiros que toda aquela formación universitaria tan específica non enchera no tocante á descuberta da nosa historia, da nosa arte, do noso patrimonio cultural... Pepe sementou naquel rapaz de vinte e cinco anos o comezo dunha nova formación que me absorbía e engaiolaba poderosamente.

Un tempo despois foime presentando outras persoas que compartían os mesmos degoxos pola cultura e que tamén sentían ganas de poñer en marcha algún tipo de proxecto colectivo que dese vida e desenvolvemento a esa inquedanza. Deste xeito foise creando un círculo de compañeirismo e amizade no que coñecín persoas que xa traían consigo unha dilatada experiencia de activismo social e cultural en Redondela como Andrés Laxe, Manuel Balo ou Guillermo Fontán, ao carón de rapaces novos que nos incorporabamos a esta nova xeira vital e que viñamos de diferentes campos de formación como a arqueoloxía, a historia, a arquitectura ou a lingüística. Todo aquilo foi o xermolo dunha fermosa e frutífera unión, un ambicioso proxecto cultural alentado por Pepe, que naceu arredor da súa palabra e do entusiasmo que nos transmitía en cada xuntanza colectiva daquela nova asociación que estaba a piques de botar a andar: Alén Nós.

E Alén Nós pasou a ser dende entón un referente na cultura de Redondela. Traballando ao lado de Pepe e seguindo a súa traxectoria, comprendín que todo o que Pepe tocaba ou creaba, en calquera ámbito ou lugar de Galicia, acababa converténdose nun referente, nun proxecto necesario para o país, que atanguía sempre ao noso sentimento de galeguidade e de sermos máis nós. E esa era tamén a esencia que Pepe imprimira en Alén Nós. E aínda que traballásemos a un nivel local, sabiamos que formabamos parte dun proxecto colectivo que abarcaba Galicia enteira e que nos poñía en comunicación con moitos outros colectivos semellantes.

Foi habendo novas incorporacións e entre todos trallabamos todos os ámbitos que podiamos abranguer: o patrimonio arqueolóxico, etnográfico, lingüístico, arquitectónico, antropolóxico... Ao redor de Pepe, naquelas reunións, nacían ideas e ideas sen paraxe. Cada mes estabamos cun novo proxecto, sempre incidindo na recuperación, protección e posta en valor do noso patrimonio cultural. Ao redor das nosas actividades en prol da conservación do maltratado patrimonio arqueolóxico de monte Miralllo (Penide) xermolou o proxecto Monte Penide arqueolóxico que hoxe está en desenvolvemento. Foi un traballo de anos e anos, de reunións con administracións e comunidades de montes, cam-

pañas e actividades de chamada de atención e posta en valor para frear a súa irreparable desaparición.

Mais tamén Pepe inculcou en nós a importancia e necesidade de salientar a cultura popular, recuperando testemuños da nosa historia, persoas sinxelas pero singulares e inesquecibles da memoria das nosas parroquias. Unha ceifa que se complementaba coa recuperación de celebracións ancestrais que remarcaban profundamente a nosa identidade galega. Deste xeito renaceu, logo de anos de esquecemento, a Festa do Fachos da Peneda. As vixilias de luminarias testemuñadas na antigüidade que se celebraban nesta montaña, tan cargada de devocións e referencias de acontecementos históricos para as terras de Redondela e Soutomaior foi o mellor marco posible para facer unha gran chamada de atención sobre o simbolismo do incalculable valor e importancia da nosa cultura milenaria. Naquel momento Pepe foi capaz de comprender mellor ca calquera de nós toda a dimensión significativa que gardaba este lugar, e así nola fixo entender a nós, ensinándonos novas formas de ver con outros ollos os espazos humanos e naturais que nos arrodean. Ao longo deses anos xunta Pepe puiden enxergar como el soubo aplicar esta mesma visión a moitos outros lugares de Galicia nas súas inesgotables iniciativas.

Os anos que formei parte de Alén Nós foron unha nova escola de formación na miña vida e estou seguro de que tamén na vida das persoas que integran este colectivo: a "escola de Pepe", como en ocasións lembramos entre nós aqueles primeiros anos de posta en marcha da imparable actividade que ata a actualidade vén desenvolvendo esta asociación. Pepe deixa non soamente en nós, senón no propio concello de Redondela, unha marca imborrable, un antes e un despois da súa presenza e do seu traballo, un privilexio para Redondela admirado con envexa desde moitos outros municipios de Galicia. Grazas, Pepe, de todas as persoas que formamos parte de Alén Nós por todo o que aprendemos ao teu lado, polo privilexio da túa amizade e do teu coñecemento.

Xosé Couñago
*Profesor de Lingua Galega*
*Escola Oficial de Idiomas de Vigo*



Xosé González, Pepe de Redondela, é un home que atravesa incansábel varias vidas. Non é imposíbel que nos teñamos cruzado no ano 73, pois daquela lembro á que era a súa compañeira. Un tempo, aquela adolescencia, confuso e malo de lembrar para quen ten agora a miña idade.

Mais, propiamente, cando sentei falar con el foi moito máis adiante, cando o tempo das clandestinidades ficaba moi atrás. Quixen facer un libro que trazase unha posición cultural e política na esquerda e no galeguismo e que no meu entender representaba cabalmente a figura do Camilo Nogueira. Para iso procurei os puntos de vista contrastados de persoas que foran protagonistas das derivas e debates. Non todas estiveron dispostas a falar, mais Xosé González, Pepiño, Pepe de Redondela era unha delas e, tras pensalo, decidiuse a contar.

O home que coñecín era un militante dunha causa cívica, a causa da lingua galega. Mesmo diría que un militante obsesionado que entendía que na supervivencia da lingua xogábase a existencia do país, e na existencia do país a da nación.

Como informador para o que eu quería, os debates no seo do nacionalismo, concretamente na UPG, resultou ser tremendamente claro. Calquera persoa adulta deixa atrás episodios incómodos para lembrar. Porén Xosé González lembraba con claridade meticulosa cada debate, cada incidente e referíaos como ofrecendo unha confrontación coas visións contrarias. Efectivamente el referíase a rifas internas, debates, feridas que ficaran abertas desde había vinte anos e seguían sen cerrar e sen posibilidade de facelo, tanto para el como para as demais persoas implicadas. Non todo ten cura, aínda que o paso do tempo ocúpase de arrombalo todo e arrombarnos tamén a nós.

O que podo dicir é que encontrei no que fora un mociño comprometido e arriscado nunha clandestinidade perigosa a un home coraxoso e dunha enerxía contaxiosa. Pepe é un militante que non falla. A causa que el defenda ha estar ben defendida. E así ha seguir nunha loita sen tregua e sen final, seino.

Suso de Toro
*Escritor*

## Quen era aquel home...

Quen era aquel home de aspecto serio, impecablemente vestido cun traxe azul, gravata e talvez algunha insignia na lapela...

Vino sentado comodamente, cunha perna cruzada sobre a outra, nunha das salas do Instituto da Lingua Galega. Non o vira nunca. Non sabía del. Facíaseme estraña a súa figura naquel espazo, coma se non cadrase a súa formalidade cun ámbito cotián de traballo e de estudo. Probablemente me sorprendeu por esa razón, cando rompeu a falar, o ton coloquial do seu discurso envolvente, directo, de gran determinación. Tamén certas entoacións, unha particular forma de se expresar, coma se arrastrase as frases importantes para deixalas prendidas a algunha conexión das aprendizaxes nos cerebros dos seus interlocutores. Era paixón didáctica, debía selo. Un gozo apegado a un modo de expresión coidado e ao tempo desafiante. Un discurso unha miga rabudo, algo macarra, no fondo, nese poñerlles aos enunciados ritmo máis do rock and roll recitado de Lou Reed que da pachanga dunha verbena de barrio.

Quen era aquel home que me pareceu tan fascinante en canto empecei a escoitalo narrar...

Non tardei en sabelo, aínda que talvez sexa precisa toda unha acumulación de décadas para comprendelo de todo. Pepe, Pepe de Redondela, así o coñecín, historia do nacionalismo e da esquerda. Despois souben que Pepe era Pepiño e que Redondela en parte tamén era Teis. Alí estaba, narrando non sei moi ben se sensacións, experiencias ou, sinxelamente, a cara agochada da verdade.

Eu era estudante de filoloxía, nunca oíra falar de Pepiño, nin sequera durante a miña non moi longa militancia en ERGA. Supoño que naquela altura non se falaba del como non se falaba (ben) de Ferrín ou de Crego ou doutros militantes que caeran fóra das estremas da historia sagrada. Foran excomulgados, quedaban fóra do lar da memoria e dos mitos.

Pero Pepiño, isto iríao sabendo aos poucos, tempo ao tempo, era xa daquela un personaxe nuclear da nación que teima non en ser e en precedernos senón en construírse coas mans vulgares da xente, contra a adversidade, que é toda, e contra tanta miseria, que é moita e de variadas castes. Era e é. Contra a materia e a continxencia, os mitos idealistas e a transcendencia ao final nada poden. E Pepiño é continxencia, madia leva.

Coñecino hai máis de trinta anos. Daquela pareceume que empezaba a desenguedellarse, nos labirintos das súas historias e das súas palabras, o relato dunha experiencia construída coa sabedoría da intuición, do coñecemento, da aprendizaxe, dos golpes, dos acertos e dunha entrega indesmaiable. El sábeo. Pepe sabe ben que o coñecemento e a aprendizaxe son piares mestres do edificio do Común que teimamos en construír tantas e tantos, moitas veces desde diversas e plurais vivencias e concepcións. Por sorte. Ademais, a experiencia histórica de Xosé González Martínez (creo que é a primeira vez na miña vida que lle uso o nome do Documento de Identidade) é tamén unha billa que verte sen parar unha enxurrada de ensinanzas imprescindibles para toda persoa que pretenda racionalizar unha paixón política, cultural e vital. É a dimensión profundamente didáctica de Pepe. E eu, desde unha experiencia política que se funda de maneira instintiva e cordial na miña orixe social e a súa base material, tamén teño visto como o recipiente granítico nunca parou de esbolsar.

Cando o coñecín, Pepe non era un señor maior, pese a que igual necesitaba aparentalo para circular polos territorios que pretendía atravesar. Era pouco máis ou menos un mozo, apenas unha ducia de anos máis vello ca aquel rapaz que chegara case a posuír o corazón e o cerebro dunha nación e das súas clases populares. Ou que lograra polo menos telos escritos nun caderno secreto, un libro de maxia que lle roubaron. E ao llo roubaren a el roubáronnolo a nós, ás xeracións que viñemos por detrás, ás que non se nos permitiu formarnos canda el e canda outros que coma el se situaran no medio do camiño, onde estaba a pedra de Drummond de Andrade que tan ben soubo manexar Celso Emilio. E ao llo roubaren, obrigárono tamén a reescribilo persistentemente.

Pero iso é historia e eu non son historiador.

Despois, fun coincidindo con el en diversos traxectos. De cando en cando, nalgún punto desas corredoiras e autoestradas polas que se meteu. E sempre me gustou ser atento oínte das súas narracións, tan ben articuladas baixo o aparente desleixo da súa voz cachazuda. Anécdotas, detalles, anacos cruciais da nosa historia, derrotas e triunfos, cachos de patria construídos con teimosía republicana e materialista e dialéctica. Marxista. Toda unha historia en construción a cuxo abandono non nos resignamos.

Pepe ten a nación na cabeza, como a teñen, na cabeza e no peito e polo corpo todo, outras figuras xigantescas do tempo que vivimos, como Beiras ou Ferrín. Unha nación que se constrúe coas mans espidas dunha lingua exacta e viva. Está o seu pensamento invadido pola lingua, pola nación e pola xustiza, por iso non lle lembro un momento de desmaio nin de desacougo na tarefa de contribuír á expansión social dun idioma que durante séculos, ata hoxe mesmo, é tratado coma obxecto de relicario ou coma restroballo cando en realidade non é máis ca unha forma de vida. Unha lingua que se abeirou na calor das clases populares, lonxe das elites. Unha lingua consciente de que todo futuro pasa polo presente e por esa razón esixe máis presente que pasado.

Observade todo o traballo que Pepe leva achegado ao proceso de extensión social e normalización da lingua galega: a obsesión polo presente. Só o aquí e o agora nos permitirán o mañá. Nada de parousías nin de adventos. Nada de pasados míticos. A materialidade do presente, a súa lama, os seus atrancos, todos os camiños que cumpra andar. Nada de resignación nin de derrota. Nada de determinismo. Nada de abstencionismo nihilista. Nada de pesimismo da vontade nin da razón. Nada de misas fúnebres nin de elexías polos tempos idos. Só tamaña teimosía explica as décadas de entrega aos procesos históricos desta viva e vella nación e a súa vella e viva lingua. Combatendo supremacismos, abatendo supersticións relixiosas, escaravellando incansablemente un terreo que baixo a camada superficial de cemento esconde a terra máis fértil.

Dá vertixe pensar que tal labor só se pode entender se se acode aos dotes didácticos, de convicción e de entusiasmo dun home entregado case en solitario ao seu propio cometido patriótico. E digo patriótico no sentido republicano, lonxe do significado mítico-transcendente que tan pouco nos motiva. Poida que así sexa. Pero só ás veces. Porque ao

cabo, sempre acabamos recoñecendo nel, despois de tantos anos, a posibilidade de reflexionar en común arredor da necesidade de novos discursos e prácticas sobre a lingua, a cultura, a nación…

E así facemos uso da amizade. E nesas conversas nas que continuamos non paro de seguir aprendendo. Non xa polo que Pepe sexa capaz de ensinar, coma un mestre, senón pola súa enorme capacidade para excitar unha necesidade irreprimible de usar a razón e de non parar de lle ofrecer mantenza ao pensamento.

Sempre etiquetada en galego, iso si.

Ese é o Pepe que eu coñezo. E creo que non sabe, nin quere, ser doutra maneira.

Beizón, pois, amigo.

Antón Dobao
*Xornalista e escritor*

## Dende as terras do Ribeiro en Beade

Coñecin a Pepe en Vigo, nos anos oitenta, no Círculo Ourensán-Vigués, na rúa Venezuela. Curiosa entidade onde convivían ricos empresarios da construción e un grupo de *galeguistas*.

Levaba anos fóra de Galicia. E para min, que medrara nos Salesianos entre leoneses e palentinos, e pasara oito anos dando clases en castelán, o Círculo supuxo a revalorización da lingua e dos costumes que deprendera dos meus pais.

E alí, no Círculo Ourensán-Vigués, coñecín a Pepe. Un home que xa daquela ía impecablemente vestido. E chamaba a atención, porque non era normal entre a progresía.

Pero o que máis me sorprendía e sorprende de Pepe é a súa capacidade de traballo. Non sei onde saca tanta enerxía e tanto tempo. E despois esa facilidade para mobilizar a xente, a tanta xente! É un don. Hai que nacer. E Pepe naceu con ese don ou é doutra galaxia. Que tamén pode ser. Porque eu non coñecín a ninguén con esa fe en Galicia, na súa lingua e na súa cultura. Mallando sempre, día e noite. Ata nos momentos de relax está maquinando ou argallando algo. Naturalmente con esa fe en Galicia e nas súas posibilidades logra imposibles.

Un deses imposibles foi a recuperación dos Maios do Ribeiro. Quen teña feito maios sabe de que falo. Coa colaboración da Asociación Álvaro das Casas e o Concello de Leiro, colexios, asociacións e particulares da comarca do Ribeiro construíron maios e cantaron coplas na praza de Leiro durante doce anos. E alí aparecían Clodio e Cándido, Carme, Juan Rúa… e Pepe! Alí oímoslle cantar a Carlos Ameijeiras, con oitenta anos, aquilo de:

> Este é o maio, maíño é,
> este é o maio que baila de pé.
> Este é o maio que vai polas hortas
> cargadiño de mazarocas.

Coplas que lle oíra cantar á súa nai, rememorando os tempos en que se sementaba millo á beira do río Avia. E volveron eses maios ó Ribeiro. E o mesmo que digo dos Maios do Ribeiro, podía decilo dos Maios de Vigo e non falo dos de Redondela porque non participei neles. Pero… quen estaba detrás da organización de todos este maios? Pepe, sempre el, asesorando, animando e asistindo.

Nas conversas que tantas veces tivemos na miña casa en Beade, chámame a atención a memoria prodixiosa dun home que fala de datas, libros e persoas coma se fora unha enciclopedia.E que dicir da posta en escena de todos os actos públicos que organiza ou dos seus discursos e artigos na prensa? Con xente coma Pepe hai lugar para a esperanza. En Galicia necesitamos referencias, faros onde mirar para non errar o camiño.

Un día díxenlle: –*Pepe, e quen che paga tantas horas de traballo, tantos discursos, reunións, chamadas de teléfono, viaxes?* Boa pregunta –dixo Pepe.

En Beade, mentras o Señor non se acorde de min, como dicía miña nai, tes un amigo para beber un treixadura, que xa sei que o tinto non che vai. Ningúen é perfecto!

Saúde!

Celso Domínguez

## Facendo país con Seixas no corazón

No ano 2013 fun chamado por Pepe para facer a laudatio dun dos meus máis grandes amigos, o boticario Domingo Fernández del Riego. Moito lle agradecín esta chamada a participar na homenaxe a esta persoa excepcional, exemplo de irmandade galeguista e acollida na súa botica da rúa do Príncipe. Pepe soubo acordarse de Domingo Fernández del Riego, irmán de Paco, non tan coñecido coma el porque non era home de letras, pero si de feitos e realizacións. Destacou na súa profesión como home emprendedor na creación de COFANO e como Presidente do seu colexio profesional; pero sobre todo foi un gran galeguista, que tiña abertas as portas da súa botica a todos cantos sentisen Galicia como obxecto da súa vida. Foi un grande amigo do P. Seixas e o seu principal apoio. Pepe rescatou do esquecemento a Domingo e promoveu a colocación dunha placa que perpetúa a súa memoria no local da rúa do Príncipe no que tivo a botica.

Este non foi un feito illado. O mesmo fixo e segue facendo con moitas outras xentes destacadas da nosa Terra, poñendo ao descuberto a nosa memoria de pobo, ateigada de todo tipo de galegos e galegas de diferentes profesións: da xudicatura, da medicina, da empresa, da ciencia e da tecnoloxía… descubríndonos a construción de Galicia desde ámbitos diferentes do literario e humanístico.

Noutra ocasión pediume que fixera unha manda testamentaria rearfírmándome na nosa lingua e pedindo aos que me seguirán neste mundo a defensa dese noso gran valor que nos fai ser un pobo diferente e máis dono de nós. A man-

da formou parte dun libriño publicado co título *En galego, agora e sempre*, xunto coa de moitas outras persoas defensoras do galego e empeñadas na transmisión ás novas xeracións para que viva ao longo dos tempos. A dirección e coordinación do libro estivo a cargo de Xosé González Martínez e de Carme Pérez Vaquero. Outro feito de gran valor e trascendencia nacido do pulo creador e de compromiso galego de Pepe.

Podería extenderme moito máis falando das súa realizacións, pero non é posible polo limitado do espazo, aínda que estas dúas mostras poñen claramente de manifesto o seu continuo labor polo noso País.

E digo eu, de onde lle virá tanta forza a Pepe?

No ano 2015 cumpríronse cen anos do nacemento de Xaime Seixas Subirá —non lle poño o de padre porque sei que así lle gusta máis a Pepe—. A Editorial SEPT e unha manchea de amigos seus organizamos actos de conmemoración do nacemento e da obra deste sementador da nosa identidade, que influíu de maneira determinante nas xentes de Galicia e de forma moi especial nas de Vigo. Daquela eu non dubidei en que o libro de homenaxe que preparabamos debía contar coa colaboración de Pepe. Non hai máis que ler o que escribiu para decatarse da importancia que na súa vida de entrega a Galicia tivo o noso amigo Seixas: *Todos batemos algunha vez na vida con alguén que nos fixo mudar o rumbo, para ben. O meu caso foi, por sorte, un encontro casual con Seixas... Tiña eu catorce anos.*

Unha gran parte do alento imparable por facer País de Pepe saíu do contacto e do predicamento vital daquel home, encarnación de Galicia. Pepe comprometeuse politicamente na clandestinidade, con risco e con esperanza de quen ten a obriga de construír unha sociedade galega mellor, no progreso, no reparto dos seus bens e na xustiza. Hoxe fai país co *engaiolador* Seixas no corazón, traéndonos a memoria dos que nos precederon na loita por Galicia e promovendo a inculturación en moitos campos da actividade profesional e económica.

Longa vida, semente abundante e colleita proveitosa nesta nova andaina da súa vida.

Vigo, xaneiro 2017
Quico Domínguez
*Director Fundación Penzol*






1968. Portada do Misal Galego dedicado a Ana Míguez




Nadal de 1968. Dedicatoria do Padre Seixas a Ana Míguez asinada por todos os integrantes do "Grupo O Castro" (sinatura de Xosé González 1ª esquerda)



1966. Pepe sentado segundo pola esquerda






12/08/1975. Fotografía da ficha policial cando foi detido pola súa implicación na loita antifranquista



1977. Con Marisa



1978



29/09/1979. Na casa de Vicente López, con Luís Soto, Xosé Manuel García Crego e outros amigos





23/03/1980. Con Xavier Navaza



Xaneiro 1984. Co cineasta Carlos Velo e a súa muller na Illa de San Simón



1981. Conferencia de Luís Soto en Redondela



1985. Nun xurado dos maios en Redondela



1984. Nas Festas da Coca en Redondela



1983. Con Amado Ricón e Mari Luz Pena Cal (concelleira de educación) en Redondela




Presentando o cartel da campaña polos Dereitos Lingüísticos dos cidadáns en Redondela



1985. Traballando na súa oficina do concello en Redondela



1986. Pepe e Marisa



1986. Visita á Illa de San Simón con Marisa





1986. Visita á Illa de San Simón



2/07/1986. Acto conmemorativo do 50º aniversario da guerra civil española na Illa de San Simón



2/07/1986. Acto conmemorativo do 50º aniversario da guerra civil española na Illa de San Simón


1986. Con Lister e Xaime Rei na Illa de San Simón


1986. Con Cribeiro na Illa de San Simón


1986. Con Xaime Rei e Cribeiro na Illa de San Simón


1986. Co fotógrafo Llanos na Illa de San Simón


1988. Recollida de documentación na Illa de San Simón


1988. Recollida de documentación na Illa de San Simón



Na Casa da Cultura de Redondela



23/10/1992. Recollendo o premio "Galego do Mes" do Correo Gallego da man de Xerardo Estévez, alcalde de Santiago, no Hostal dos Reis Católicos



Xuño de 1993. Foto titulada por el mesmo *3 cabezudos*



Se hai un nome recorrente cando se fala do proceso de normalización da lingua galega na Administración local, este é o de Xosé González Martínez.

É innecesario dicir que aquela anomalía secular se mantivo ata o restablecemento da democracia, e aínda anos despois da creación do Estado das Autonomías. O Estatuto de Galicia, de abril de 1981, dedica o artigo 5 ao tema do idioma, establecendo a cooficialidade co castelán e dispoñendo que *Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento*.

Pero a situación non empezaría a cambiar efectivamente ata dous anos máis tarde, a partir da promulgación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. E fíxoo lentamente, foi un itinerario case heroico no que o primeiro fito, polo que fai á amentada normalización no ámbito local, sería a declaración asinada en Compostela, en maio de 1984, por case un cento de alcaldes.

Dos prolegómenos daquel acontecemento alcanzo a lembrar a participación dos alcaldes Quintanilla (Ferrol), Soto (Vigo), Bravo (Rianxo), López Tuñas (Negreira) e Rei (Redondela) e, na formalización do documento, dous funcionarios: Xoaquín Monteagudo, do Concello de Muros, e Pepe González, de Redondela.

Foi aquel un acto emocionante, no que compartín a presidencia con Gerardo Fernández Albor, de quen nestes días se cumpre o 35º aniversario da toma de posesión á fronte

do goberno galego; era daquela conselleiro da presidencia Xosé Luís Barreiro Rivas, apoiando tamén a iniciativa. E de par do presidente, Antonio Rosón, un dos protagonistas máis relevantes da autonomía de Galicia.

Xermán García Cancela presentou o texto no que, asumindo as atribucións que lles viñan conferidas pola Constitución, os concellos asinantes concordaban en reclamar e desenvolver desde as corporacións locais un conxunto de medidas encamiñadas á plena normalización do uso do galego na relación cos administrados, como a valoración do coñecemento do idioma para o acceso á función pública, a creación de servizos de normalización lingüística ou a promoción social do uso do galego mediante campañas en todos os ámbitos.

Tres anos máis tarde, o Pedrón de Ouro concedía o seu galardón ao Concello de Redondela, o que máis empeño puxera na inmediata aplicación daqueles acordos. Era un recoñecemento polo éxito dun labor de fomento e promoción: "Cando aínda ningún concello galego tiña elaborada unha política lingüística, o de Redondela non só a definiu, senón que foi máis lonxe: sinaloulle o camiño a seguir ás demais administracións públicas de Galicia... Dinamizou a vida social coa organización de efectivas e ben estudadas campañas de sensibilización, que anos despois outras administracións repetiron"[1].

A tal empeño, secundado sen reservas por outras administracións locais e pola propia Xunta de Galicia, débese atribuír a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, promulgada polo goberno tripartito que presidía Fernando González Laxe e que tiña a Alfredo Conde como conselleiro de Cultura.

Ata aquí a razón pola cal eu entrei en contacto con Xosé González, naquel xa distante 1984 e pola que penso que o seu nome debe ser honrado e recordado.

Mais non é só iso. En paralelo, ou máis ben de forma concomitante co seu combate a prol da normalización lingüística, Pepe é un infatigable fomentador de plataformas socioculturais. A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, a Irmandade Xurídica Galega, o Foro Enrique Peinador, a Fundación Lois Peña Novo... son só algúns dos emprendementos que impulsou e continúa alentando.

A Declaración de Alcaldes de maio de 1984 xustificaba a necesidade dos Concellos de potenciaren o galego como lingua de comunicación cos administrados no feito de que o 94 por cento da poboación, naquela altura, entendía, lía, escribía ou (atención á disxuntiva) falaba o galego, segundo unha enquisa realizada pola Facultade de Ciencias Económicas da USC. Dúas décadas despois, o informe sobre a situación da lingua publicado en 2007 polo Observatorio da Lingua Galega concluía que a poboación que entende o galego acababa case o 100 por cen, e sabía falalo o 89 por cen, pero só o 48 por cen o empregaba como lingua habitual. Os indicadores sobre lectoescritura non eran moi alentadores: só un 54,5 por cen recoñecía saber escribir en galego, pero máis do 74 por cento escribía mellor en castelán, e o 61 por cento lía mellor en castelán. Se consultamos as táboas do Instituto Galego de Estatística non cabe chamarse a engano: o número de fogares onde os seus moradores falan habitualmente o galego non fixo máis que descender desde o ano 2000.

Quere isto dicir que o labor de tantos anos, de tantas institucións e persoas, non foi eficaz? Non, por certo. Os froitos son patentes en sectores como a Administración, onde hai tres décadas a lingua estaba ausente. O que quere dicir é que a obra nunca pode darse por acabada; que, por moi perfecta e consistente que sexa, sempre necesitará mantemento. Por iso o traballo de Xosé González debe considerarse como un exemplo a seguir e no que moitos outros, xente moza con ideas, confianza e entusiasmo, están chamados a seguir contribuíndo.

A lingua salvarase se a falamos todos decote.

Xerardo Estévez
*Arquitecto*
*Alcalde de Santiago de Compostela en 1984*

1. Fandiño Veiga, X.R. (coord.) *Trinta anos do Pedrón de Ouro*. Santiago, 1994.



Coñezo a Xosé González de vello, desque era moi mozo, e sei do seu amor pola lingua e a cultura, que cultivou en milleiros de horas de lectura na Fundación Penzol e en demoradas conversas cos que eramos maiores pero que mirabamos con simpatía o esforzo dunha xeración de relevo, que el abandeirou e que soubo continuar sen decaemento a pesar da súa problemática persoal, tecendo asociacións, ilusionando a persoas, mobilizando as administracións públicas para facer da lingua galega a lingua de comunicación cos cidadáns, nos concellos, na xustiza e tamén agora no mundo empresarial, un sector decisivo para o futuro da lingua.

Parabéns por este merecido premio que vén iniciar o que deberá ser un recoñecemento a toda unha vida dedicada a Galicia.

Gustaríame estar neste acto pero cuestións de saúde e de anos non permiten a miña presenza física, mesmo así, o meu abrazo, entusiasmo e simpatía.

Francisco Fernández del Riego

* Nota de adhesión enviada por Don Paco para a súa lectura na entrega do Premio San Martiño a Xosé González Martínez na data 15 de novembro de 2008 na Estrada.

## Os equipos de Pepe de Redondela

A Xosé González Martínez, natural de Vigo, xa o coñecín como Pepe de Redondela, por ser funcionario deste concello. Pero, se ben se mira, promove a lingua galega en toda Galicia, sexan concellos ou empresas, sanidade ou xustiza, industria vinícola ou viaxes, cemiterios ou festas. Non debe ser doado encontrar un promotor de vendas que, na súa área de traballo, teña tantos contactos como Pepe ten para a promoción do galego. ¿Como o dá feito? Vexo nel catro calidades.

A primeira é a capacidade de rodearse de equipos de persoas para, con elas, suxerir ideas e levar a cabo accións concretas de promoción do galego. Nestes equipos, nas horas libres, sen periodicidade fixa pero se cadra durante anos, diferentes persoas participan en réxime de voluntariado, en proxectos dalgunha innovación e despois, sen saber moito como, van deixando o sitio a outros que abran outros campos de actuación. Non vin que houbese rito de entrada no grupo; tampouco, rito de saída. Teño pensado que se parece ó que Filgueira conta que era o despacho de Casto Sampedro en Pontevedra, onde sempre estaban en marcha traballos culturais e debates, mentres uns colaboradores saían e outros entraban. En realidade os lindeiros dos equipos de Pepe son difusos pero eu coñecino con Marisa Álvarez Santamarina, Antón Santamarina, Bieito Ledo, Antón Pulido, Modesto Hermida, Xaquín Monteagudo, X. M. Rodríguez-Abella, David Otero, Paulino Novo, Manuel González e axiña con Carme Hermida, Xosé María Fonseca, Xan Fonseca, Ramón Castromil, Suárez Vence, Sixto Seco, Benito Montero, Carlos Varela, García Mañá, Carmen Vaquero e outros. Non sempre estaban todos presentes. Cando eu empecei a tratar a Pepe xa estaba en marcha o *Premio Blanco-Amor*, envite do Concello de Redondela en 1981 a tódolos concellos de Galicia, no que debeu de anda-la capacidade suxeridora deste funcionario, que por aquel tempo participou na creación da *Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística*, que se cadra é o núcleo de todo.

A segunda característica destes equipos é a heteroxeneidade profesional, algo moi estimulante porque ela, en por si, xa crea un nivel de conversa moi distinto ó que cadaquén ten acotío no seu posto de traballo; e calquera asunto se ve con perfís novos, máis poliédrico, máis real. Lembro as dúas veces que este grupo fixo o Camiño de Santiago, sobre todo a segunda, homes e mulleres, das máis diversas profesións, camiñando xuntos e tódalas cabezas suxerindo e debatendo. No final impóñense de seu ideas inesperadas, brillantes, sen pai nin nai, produto do grupo.

A terceira característica é que estes equipos funcionan con iso que chaman *brainstorming* ou *turbillón* de ideas. O tema é sempre a promoción da lingua galega. Fálase dunha necesidade e empezan a xurdir ideas, ningunha se descarta ata que unha delas se vai abrindo camiño como a máis innovadora ou a máis eficaz ou a máis factible. Toda reunión acaba en algo concreto. O horizonte é sempre algunha actividade pública e innovadora a prol da lingua galega. Dunha xuntanza todos, ou case todos, saen *con deberes*, é dicir, todos teñen que facer algo e ese algo está pensado para ser público, firme, amable e eficaz.



A cuarta característica, que deriva da terceira, é o horizonte. O obxectivo nunca é redactar un manifesto contra algo ou alguén. Nestes equipos pénsase que ese departamento de queixas xa está atendido; alí búscase ou premiar a quen fixo algo valioso ou xerar ideas e proxectos amables, audaces e factibles que concreten o amor á lingua e ó País: amor que certamente tamén existe; máis do que pensamos; e mesmo onde non pensamos.

Pepe nunca vai a unha xuntanza sen obxectivos pero a miña impresión é que estas catro características son resultado da interacción de tódalas persoas, de xeito que todas se senten coautoras do conxunto. Isto é o que eu percibín sempre.

A lingua galega, que saíu por primeira vez no B.O. das Cortes Españolas do 17.4.1970, foi adquirindo substantividade coa Lei Villar Palasí de 1970 pero, sobre todo, coa Constitución do 78, co Estatuto de Autonomía do 81 e coa Lei do 83. Pero ata que en 1985 empezou a emiti-la TVG, non puidemos ver (os galegos todos) o mundo contado en galego. Coma tal, fóra do ámbito da cultura e da política, puidemos ve-la lingua galega funcionando con normalidade cando no 92 a *Empresa Castromil* puxo os recibos dos viaxeiros en galego, rotulou os autobuses cos nomes dos máis sobranceiros artistas e científicos galegos e, nunha iniciativa pioneira en España, agasallou os seus viaxeiros con relatos breves creados en galego expresamente para eles. O mérito é da empresa, que no despacho do director xa dende a fundación tiña esculpidos en madeira retratos de Rosalía de Castro, Curros, Pardo Bazán, Colón e outros e, na cadeira principal, o escudo de Galicia; pero alí estivo a capacidade suxeridora do equipo de Pepe. Liga-lo galego á eficacia profesional foi, á escala galega, un xiro copernicano, que empezou a asentarse en 1993 coa *Fundación Galicia-Empresa* e que se consolidou no 2004 co Plan Xeral de Normalización: o etiquetado dos viños, a Administración da Xustiza, mesmo a medicina van nesa dirección. Vexase www.galeguizargalicia.com.

Cando un neno empeza a andar, sosteno a man da nai ou do pai; pero é o neno quen lle dá ás pernas e avanza; ou cae e máncase. O mérito e o risco de incorpora-la lingua galega ó traballo técnico dunha empresa é dos empresarios; pero os equipos de Pepe tiveron capacidade de detectaren bolsas de amor á lingua e suxerir activalas para mellorar tecnicamente ese servizo ou ese produto.

Cando falo de galeguización de empresas, non penso en exportar sen importar ou nun comercio que remate no Padornelo: estamos no mundo e necesitámo-lo mundo. Darei como proba a homenaxe ós inmigrantes que temos en Galicia e que este grupo fixo no García Barbón de Vigo o 10.5.2003: consistiu, en boa parte, en que 23 inmigrantes residentes en Galicia recitaron nas súas 23 linguas o poema *Irmaus* de Celso Emilio (Marisa, que morreu un ano despois, aínda fixera a tradución francesa). Pero direi tamén que o galego da etiqueta identifica os nosos viños tan ben como o francés identifica o champán, como o ruso identifica o vodka e como o portugués identifica o porto. Ikea non ten vergoña do seu berce; ten orgullo das raíces.

A lóxica pouco usual deste grupo de traballo foi estimulando que numerosos concellos puxesen na porta dos camposantos a lenda *¡Gloria eterna a cantos aquí xacen porque nos deron a vida, a terra e a lingua!* Ou que milleiros de persoas fixésemos declaración notarial de últimas vontades

estipulando que no noso propio enterro todo se faga en galego. Esta firmeza educada non fai mal a ninguén. E, se houbese sociólogos, antropólogos e expertos en psicoloxía social que analizasen como e por qué unha maxistrada ou un fiscal deciden actuar profesionalmente en galego; ou por que unha empresa pasou a etiqueta-los seus produtos en galego; ou por que un médico introduce o galego na súa relación co paciente, igual sabíamos algo máis do que nos move e do que é ter unha lingua propia nun territorio bilingüe. Se aparecese esa *sociolingüística da regaleguización, cualitativa e terapéutica*, igual o debate da lingua era máis luminoso que contar falantes perdidos ou gañados.

Xesús Ferro Ruibal
*Investigador e académico da Real Academia Galega*

Hai xa uns anos que coñecín persoalmente a Xosé González, Pepiño para os amigos e amigas. Sabía da súa importante dedicación á defensa da nosa cultura e do noso idioma lendo os seus artigos na prensa, pero na maioría dos casos hai que vivir preto da persoa para valorar de verdade o labor que realiza. Para min foi moi importante comprobar que, tanto Pepe como as persoas da súa contorna, compartían o compromiso de facerlle chegar á sociedade a mensaxe de que o noso témolo que pór en valor; o noso idioma, a nosa cultura. En definitiva, as nosas raíces, ás que certos prexuízos fan que, aínda hoxe, sexan moitas as persoas que en Galiza renuncien.

Pepe é teimoso con aquilo no que cre porque sabe que é a única maneira de que chegue ás persoas. A constancia é unha das moitas virtudes de Pepe a hora de transmitir que o noso é importante e é responsabilidade de todos; e isto é moi difícil de facerllo entender a unha sociedade á que se lle transmitiu constantemente dende as instancias do poder, que eramos inferiores falando no noso idioma. Por iso hai que agradecer enormemente este labor, espertar as mentes galegas para que valoren o que posuímos, a nosa riqueza cultural, lingüística e histórica; algo tan valioso que nos enriquece no vivir de cada día.

En Galiza, Pepe é un referente na defensa da nosa cultura, do noso idioma. As persoas coma Pepe fan que nos reafirmemos nas nosas ideas, compartamos a súa filosofía e nos identifiquemos con el na crenza de que o estamos facendo ben e esquezamos as valoracións dos que aínda pensan que somos persoas raras por poñer lápidas no noso idioma, respetando así ós nosos antergos e a lingua que utilizaron na súa vida. A amizade con Pepe tamén me aportou coñecer a persoas



implicadas na eliminación da violencia de xénero. Persoas do mundo da xudicatura, letradas, xuíces, fiscais, sindicalistas, políticos, persoas de movementos socias de base, etc... Tamén aquí Pepe colaborou facendo visible o problema da violencia de xénero, pondo en valor o labor que vimos realizando algunhas persoas. Non me é posible nomear a todas as persoas que coñecín grazas a Pepe, coas que compartín momentos moi fermosos dende hai algúns anos.

Estou convencida que Pepe vai continuar apostando e aportando cada día a súa sabedoría cultural e política, enriquecendo con isto a nosa historia.

Quero agradecerlle todo o feito, pero como isto non remata aquí, volvereino felicitar e agradecerlle o seu labor e a súa amizade dentro de moitos anos.

Unha aperta moi forte.

Rosa Fontaíña Pazos
*Fundadora Rede Mulleres contra os malos tratos de Vigo*

## Compromiso e militancia

A verdade da persoa está no que fai. Somos o que facemos!

A partir desta consideración falarei da dimensión humana e social de Xosé González Martínez, Pepiño para os amigos de hai anos e compañeiro de traballo no Concello de Redondela durante vinte e tres anos.

Hai en Pepe unha faceta de militancia e compromiso de considerable significación. Unha militancia que vai directa dende a visión intelectual da vida a unha plena simbiose entre o pensamento e a acción.

Ó longo dos anos Pepe non desperdiciou un minuto da súa vida laboral e social na procura de iniciativas e propostas concretas que puxeran en valor a cultura galega en xeral e, particularmente, no que se corresponde coa historia e a lingua. Fixo todo canto na súa man estivo por impulsar e dignificar ámbalas dúas dimensións da vida galega.

O seu discurso traduciuse sempre en accións concretas e traballo en espazos sociolóxicos, tanto do común como de significada referencia. Entre moitos outros, están os da Administración local, autonómica, xudicatura, corpos de seguridade, ensino e mesmo no ámbito empresarial. De maneira significada, os que se corresponden co etiquetado dos produtos de elaboración galega.

Capítulo aparte, pódese falar da recuperacion de figuras históricas do galeguismo, da arte ou da empresa. Nesa longa lista podemos atopar a Ramón Cabanillas, o arquitecto

Palacios, Ramón Obella ou Enrique Peinador. Todo un amplo acervo de historia e cultura de Galicia que grazas ó perseverante espírito de militancia de Pepe poido ser retomado e posto en valor. Estamos a falar de compromiso e militancia explícita, da que é capaz de saír da burocracia dos despachos e pórse a traballar en campo aberto, máis aló do discurso florido de tantos ilustrados que non son capaces de pasar da fronteira da retórica, enchendo páxinas e páxinas sen tocar espazos sociais concretos, e esquecéndose de que só se poden cambiar as cousas baixando ó terreo da realidade tanxible.

Tamén en Pepe hai outras dimensións que quero significar. O seu posicionamento social resulta inequívoco. Con Pepe pódese estar moito, pouco ou nada de acordo, pero con el non hai lugar a dúbidas. Sábese ben onde está e con quen está, sen dobreces malsanas que non entran no seu modelo de vida. Pode modular actitudes pero nunca retorcelas. Subliño isto porque merece un especial recoñecemento, precisamente neste contexto social onde a hipocresía e a perda de valores camiña en réxime de alta gama e sen límite de velocidade.

Sei moi ben que Pepe nunca fixo a menor xestión ou calquera outro tipo de relación en favor seu, sempre foi en favor de activar iniciativas que foran na defensa e mellora da colectividade galega. A súa liberdade de acción, sen sometemento a ningún tipo de consignas que puidesen mediatizar as súas conviccións e principios, comportoulle algún revés que asumiu como consecuencia lóxica da peaxe que tiña que pagar para non hipotecar a súa dignidade.

Practicou unha militancia social sen ataduras partidarias ou institucionais. Camiñou sen paraxe. Tan só coa súa particular mochila sabendo sortear atrancos a centos, transitando por camiños complicados pero nunca quedou quieto.

Este é o Pepe que coñezo, o que leva anos traballando a fondo perdido por dignificar e poñer en valor a cultura e a lingua de noso. Un intenso e extenso traballo cultural e lingüístico que a Real Academia Galega ben fixera en ter recoñecido de maneira sobranceira. Porque traballos como os desenvolvidos por Pepe, en campo aberto, tamén fixan e dan esplendor ó idioma de Rosalía e Curros. Todo un exemplo de traballo e compromiso vital en favor da cultura e lingua de Galicia!

Compromiso e militancia, dúas palabras que ben poderían resumir a súa personalidade. Compromiso co país e militancia intelectual transformadora para cambiar a realidade. Todo un contraste coa incoherencia flagrante daqueles que en uso da palabra verborrean sobre o presente e futuro de Galicia.

Por iso, corresponde dicir unha vez máis que as persoas somos o que facemos. Pepe é un bo exemplo diso.

Guillermo Fontán Feijoo
*Ex-funcionario do Concello de Redondela*



## Argallante maior do Reino de Breogán

Por máis voltas que lle dou e por máis esforzos que fago, e non foron poucos, non podo situar o inicio da miña xa vella amizade con Pepe. Xorden imaxes esfiañadas, ecos afastados no tempo, guizos de vellas lembranzas, pero non podo situar con precisión cando, onde e por que coñecín a Pepe.

Só teño a certeza de que xa de moi lonxe no tempo a imaxe súa máis viva que me chega con claridade é a do home que non ten paraxe, que non para mentres non argalla isto ou aquilo, que anda pola vida como se estivese fervendo, sempre poñendo en marcha moi diferentes iniciativas, pasando dunha a outra ou enguedellado en varias.

Pero o que si teño moi claro, porque é evidente de seu, é que esta actividade, que ás veces pode semellar mesmo frenética, é algo novo, ou que pouco se ten dado no galeguismo. Os galeguistas foron sempre homes creadores de cultura, no que chegaron a cumes ben altos, pero nunca foron bos comunicadores, nin souberon tampouco abrirse aos máis diversos eidos da sociedade. Esta non é só unha sociedade de lectores —nin sequera iso—; é tamén unha sociedade que ten que normalizarse, normalización que pode e debe chegar por moi diversos camiños —camiños aos que Pepe entregou toda a súa capacidade de activismo de maneira exemplar.

Quero subliñalo moi especialmente: a actividade de Pepe ten chegado a onde nunca chegaran os galeguistas de calquera tempo. A normalización deste país é unha das teimas de Pepe, unha normalización que ten que chegar a todas as actividades, profesións e manifestacións da sociedade galega, dende comprometer a empresas e profesionais no uso normal da lingua a facer acto de presenza no que cadre: nos textos das campas dos camposantos, en colocar placas que lembren a persoeiros ilustres nas rúas das nosas cidades, en homenaxes a galegos esgrevios, en convencer os nosos adegueiros para que se faga na nosa lingua o etiquetado dos viños... e tantas outras actividades que tanto tempo lle teñen ocupado.

Homes de acción foron sempre escasos no galeguismo. Teño a seguridade de que outro sería este país se tivésemos contado con cen homes como Pepe. De certo que o país sería outro. Penso que a súa característica principal é a do home de acción. Porei un exemplo que coido ilustrativo: un día, despois dunha pequena excursión polas terras miñotas da outra beira do Miño, rematamos en Tebra, na miña casa. Vin que non tiña acougo, que non paraba quedo, que estaba a cismar nalgunha cousa que non vía clara. E de súpeto ergueuse no seu asento e dixo que se podía facer alí, arredor da casa e debaixo da viña que a arrodea, un congreso (non lembro xa sobre que), e deseñou as actividades que alí se podían facer. Os demais reparabamos na agarimosa sombra da viña, na paz e sosego do lugar ou no ben que caía aquel viño saído en parte das cepas e vides que se enguedellaban por riba das nosas cabezas. El era o home de acción. Os demais eramos contemplativos.

Por iso, penso que con esta homenaxe que con tantos merecementos lle facemos, tamén sería acaído entregarlle a Pepe un pergameo co nomeamento de Argallante Maior do Reino de Breogán.

X. L. Franco Grande
*Escritor e académico da Real Academia Galega*

## Intuición e Leninismo

Cómpre abrir portas a unha historia aínda nin contada nin escrita, sen recorrer a pantasmas do pasado.

Xosé González Martínez *Pepiño* é o responsable máximo da consolidación do moderno movemento nacional-popular en Galicia. Con vinte anos de idade, foi Pepe a persoa capaz de provocar un cambio cualitativo naquela organización iniciática, de inspiración marxista, que nacera en 1964, en Compostela, baixo o nome de Unión do Pobo Galego; en siglas, UPG.

O núcleo fundador cumpriu unha función trascendental colocando unha nidia proposta de esquerda nos núcleos politicamente máis avanzados do que vimos en chamar nacionalismo, ou sexa, a alternativa natural para un pobo sometido, carente de toda posibilidade dun cambio liberador que non emanase da propia nación. Falamos dun pobo colonizado, falamos do que se viu en denominar os condenados da Terra.

Nos "Dez puntos" da UPG, resumíase un programa capaz de interesar a todas aquelas persoas que desexaban a desaparición do franquismo e que procuraban unha Galicia dona de si.

Xosé González Martínez retorce o pescozo da saudade e do sentimento para avanzar no mundo da razón. Por nacemento, educación e inserción social, Pepiño levántase e procura un método belixerante co preexistente, superador do molde tradicional de práctica política da esquerda galega do momento, máis pendente das formas alleas que dunha elaboración propia, carente de ofertas alentadoras. E non agarda por ninguén, a base dun espírito decidido e profundamente intuitivo, lánzase á mudanza nos esquemas operativos, crea células, núcleos de persoas preparadas para a acción, no ámbito da base social ou no mundo da cultura.

A partir do seu xenio dinamizador, conséguese vencer unha inercia atoadora e ábrese unha posibilidade real de creación e conformación dunha estrutura humana organizada, con capacidade para impulsar a necesaria transformación. E faise a forza de formación ideolóxica e científica, utilizando as máis diversas fontes da ciencia social, económica e política do momento, que comezaban a entrar por diferentes vías, unhas legais e outras non tanto, combinada cunha práctica de intervención nos ámbitos máis próximos da vida das persoas.

Esta estrutura, fundamentalmente clandestina, aguantou incólume o tempo preciso, con moi poucas baixas, por mor dun rigoroso sistema baseado na discreción e no cumprimento das máis estritas normas de preservación do anonimato militante.

Sobre esta base e en concomitancia co "aperturismo" do réxime franquista, na altura de 1974-75 foise abrindo o círculo e creáronse novas estruturas sectoriais e directamente políticas, como foi, nomeadamente, a Asemblea Nacional-Popular Galega.

En xaneiro de 1976 constitúese o Consello de Forzas Políticas Galegas coa finalidade de achegar a forza das organizacións opositoras ao réxime desde unha perspectiva galeguista.



En todas estas iniciativas, desde as estratéxicas ás máis concretas, está Xosé González Martínez como instigador e deseñador principal; iniciativas que buscaban a confluencia das diferentes opcións, cun estrito respecto polos posicionamentos ideolóxicos e políticos, perspectiva sempre presente no ideario de Pepe, que tivera o antecedente máis importante ao promover, en 1973, o que se deu en chamar "Texto conxunto PSG-UPG", base teórica principal, con *O atraso económico de Galicia* (XMBeiras, 1972), do movemento nacional-popular do último terzo do século XX.

De maneira que, na miña opinión, foi neses primeiros anos da década dos 70 cando Pepe inicia a construción da súa obra máis importante: promover e instigar a transformación política, económica, cultural e social de Galicia e do seu pobo desde as propias forzas, contando coa achega institucional posible, pero sen agardar por ninguén; tamén sempre en positivo, furando e procurando vías con toda sorte de persoas e colectivos, para levantar e situar no tempo o espírito, as capacidades e as posibilidades da nación. E fíxoo, e faino, desde a pluralidade, sen sectarismo, nos máis diversos ámbitos. Velaí un camiño a percorrer, necesario, e que ha ser, sen dúbida, ben proveitoso, e xa nos anos máis inmediatos.

Decembro 2016
Xosé Manuel García Crego
*Traballador xubilado da industria editorial*

## Xosé González Martínez, referente de galeguidade

Hai moito tempo que me prezo de coñecer a Xosé González Martínez e teño participado con el en numerosas iniciativas coas que nos leva sorprendido e emocionado ao longo dos anos. Coido que poucas persoas discreparán sinceramente da afirmación de que Pepe é un dos máis insignes referentes no labor de "galeguizar Galicia". A el débenselle logros tan maiúsculos que parece imposible que alguén individualmente, sen máis recursos ca os dunha férrea determinación e unha devota confianza na natureza xusta da causa, os puidese acometer.

Debo comezar por destacar o maxisterio que moitas veces exerceu cos que comezabamos a traballar no inmenso e complexo mundo da promoción da lingua galega. Foi el o primeiro que nos falou da normalización lingüística nas administracións públicas, na xustiza, na sanidade ou nas forzas de seguridade. Abordou tamén os difíciles e ata aquel momento inexplorados eidos do comercio, da empresa, e desenvolveu logo a promoción da etiquetaxe e distribución de produtos en galego. Home de fortísimas conviccións, soubo ver ben cales son as estruturas fundamentais da nosa sociedade nas que debemos actuar para promover o uso da lingua, ao tempo que se mostra capaz de diagnosticar aqueles aspectos ou campos da nosa realidade que estaban sobredimensionados, logrados ou mesmo esgotados no proceso de normalización lingüística.

En todos os ámbitos nos que actuou foi pioneiro e mestre, agrupando sempre ao redor del persoas e entidades

que ninguén fora quen de reunir a prol da lingua galega. Quizais este fose, dende o meu punto de vista, a súa máis grande contribución á normalización lingüística: Pepe logrou sumar e atraer cara ao seu proxecto, coas estratexias do convencemento e da razón, persoas alleas ao discurso galeguista; persoas que hoxe son lexión. Noutras palabras, Pepe é un dos grandes polos de atracción da causa da galeguización de Galicia nas últimas décadas.

Eu sempre considerei que as vellas aspiracións do galeguismo chegarían a perder tal condición (a de ser unha aspiración), para converterse en realidade, unicamente co traballo efectivo, voluntarioso e altruísta das persoas que hoxe, coma as de onte dende hai máis dun século, desexamos que o galego sexa en Galicia unha lingua viva, presente en todos os ámbitos da vida. Sempre crin que de nada valen esperanzas e ilusións sen traballo, que atopan nel a súa razón de ser e de existir. O meu convencemento da validez irrefutable desta premisa é moito maior dende que asumín o cargo de secretario xeral de Política Lingüística. A miña experiencia destes últimos anos confirmoume que nin tan sequera as institucións, con todos os seus recursos económicos, humanos e técnicos, son capaces de transformaren parcelas da realidade sen a implicación decidida de persoas que, dende fóra delas, poñen a súa capacidade de traballo e sabedoría en beneficio dun proxecto. É máis, non teño reparo en afirmar que moitos dos logros que se lle poidan recoñecer á política lingüística institucional dende que esta existe, débronse, en non pouca medida, a decenas de persoas alleas ás propias institucións que, coa estrela do idioma na fronte, puxeron os seus coñecementos e, sobre todo, o seu traballo e ilusión a disposición deste proxecto vivificador.

Por iso valoro, se cadra hoxe máis ca nunca, o labor Xosé González Martínez, no que sempre atopei un estreito colaborador. Emprendedor e traballador ata a extenuación, buscou constantemente o beneficio da lingua e nunca o propio. No medio de tan inmenso labor, sen descoidar as responsabilidades asumidas, foi sempre quen de ter un momento para as amizades e mesmo para “consolar” ou aconsellar a todos os que sabemos que nel ten a lingua galega un piar firme e fundamental, e nós un amigo incondicional que leva moito tempo percorrendo un fermoso camiño no que –coma en todos– ás veces atopamos croios. A el, ao que considero *irmán* de esperanzas galeguistas, vaian, pois, o meu recoñecemento sincero e profundo agradecemento, nesta homenaxe que os “irmáns” con tanta admiración lle tributamos a quen xa é para sempre unha referencia de galeguismo.

Valentín García Gómez
*Secretario Xeral de Política Lingüística*



## Un apóstolo da palabra

Despois do inxente traballo de facer o mundo, o Creador, na súa infinita sabenza, decidiu descansar. Andaba entón polo sétimo día e a tarefa aínda estaba por rematar.

Xa había aire, había terra, había mar e tamén había plantas e bichos. E por si fora pouco colocou no paraíso o primeiro home e a primeira muller. Esta xeira do Xénese estaba lista.

Mais co paso do tempo decatouse que as terras non eran homoxéneas e que tampouco as falas eran iguais. Pese a diversidade do produto da súa creación non se alporizou, nin se precipitou, e deixou que todo evolucionara, plantas, animais e mesmo o máis complexo, os seres humanos.

Lonxe de amañarse aquilo da diversidade, cada vez as diferenzas facíanse maiores. Despois de darlle voltas e reviravoltas ao globo terráqueo, e constatar esa realidade, o Creador albiscou un lugar vizoso no que o mar e a montaña se abrazaban de xeito apaixonado, nunha fonda cohabitación de auga e terra. Aquel lugar tiña unha fala propia e doce que lle acaía perfectamente, como anel ao dedo. Mais unha parte dos poboadores daquel curruncho do mundo, chamado Galicia, non seguían a pauta natural da fala.

Así pois, o Creador –eternamente ocupado e cargado de traballo polas andrómenas e trasnadas dos homes– decidiu delegar nun deles a tarefa de coidar do idioma de Galicia, dotándoo dunha gran capacidade de esforzo e de creatividade.

Deste xeito chegou ao mundo un cativiño bulideiro e traste, que de mozo revolucionou o país, e que se foi transformando nun auténtico apóstolo da palabra, defendendo a fala de seu, a mesma fala recibida dos devanceiros, que el se encargou que inzase con forza en moitas institucións do país.

Esta teima tróuxolle moreas de atrancos e desgustos, pero tamén seareiros e persoas que o admiraban na súa loita polo verbo e a súa filosofía. Ese ser humano excepcional é –na realidade– amigo meu, *irmán* no sentido da terra, Xosé González Martínez, que non se conforma só con vivir en galego se non que tamén loita porque poidamos morrer noticiados na nosa lingua. Este apóstolo da fala galega, merece o respecto da parroquia dos vivos e da parroquia dos mortos, moitos destes dignificados e rescatados do esquecemento desde que viven no alén por Xosé.

Galicia enteira e todos os galegos temos unha débeda de gratitude con Xosé, mellor, con Pepe como lle chamamos os amigos. Por iso, aínda que só sexa cunhas humildes palabras, debemos agradecer ao Creador que puxera no noso camiño a este apóstolo da palabra galega. E o mundo debe saber que, grazas a galegos coma el, estamos orgullosos do noso idioma, desta fala agarimosa coa que desexamos disolvernos na terra de nacenza.

Grazas, amigo Pepe!
Unha aperta que manterei ata o máis aló.

Luís Manuel García Mañá
*Senador e escritor*

## Pepe González ou a vontade patriótica

Nos cincuenta anos transcorridos, desde que era un mociño de dezaseis anos en 1966 até este final de 2016, Xosé González Martinez, o noso Pepe, sempre fixo que a súa vontade patriótica latexara á par do desenvolvemento político, económico, social e cultural de Galicia. Aínda que sentira falar del antes, eu non coñecín persoalmente a Pepe até maio de 1983. Dende que se incorporou como funcionario ao Concello de Redondela en 1979 abatanou sen descanso sobre a corporación até que abrollaron iniciativas culturais de todo tipo e se iniciou a exemplar e pioneira normalización lingüística da documentación administrativa, que levaría a concesión ao Concello do Pedrón de Ouro do ano 1983. E foi precisamente con ocasión da entrega dos Pedróns na horta da casa de Rosalía en Padrón, o 22 de maio de 1983, cando se cruzaron os nosos camiños. Eu asumira o encargo de facer a "*laudatio*" dos premiados co Pedrón e ao final do acto recibín os seus parabéns polas miñas palabras. Continuamos a conversa no restaurante Scala en Pazos, e alí comezou unha amizade que se mantén até hoxe.

Non son quen para falar do Pepe anterior ao noso primeiro encontro aínda que hai moitas cousas que deberían coñecer os mais novos. Pero tampouco podo facelo do Pepe posterior ao 1983 porque o seu labor é tan inmenso que non sería capaz de resumilo non xa en tres senón en trescentos folios. Alén da súa actividade no Concello de Redondela, proxectou a súa vontade patriótica sobre o conxunto de Galicia apoiado no caxato de amigos incondicionais con Carme Vaquero á cabeza. Recupera personaxes históricos en todos os ámbitos, escribe nos xornais, participa en seminarios e pronuncia conferencias, resucita tradicións esquencidas, defende que a lingua do país ten que ir alén da literatura e chegar a todos os ámbitos, e de por parte crea fundacións e asociacións, entre as que só quero mencionar, por obvias razóns vitais, á vizosa Irmandada Xurídica Galega que neste ano 2016 celebrou a súa IX asemblea anual en Monforte

Non vou falar pois do Pepe González militante e dirixente político, xornalista, investigador, "singular dinamizador" como lle chamou Don Paco del Riego nas súas memorias, editor, activista cultural, funcionario consciente no ronsel de Lois Peña Novo, organizador e conferenciante, esposo e pai amantísimo das súas Marisa e Antía. Nin tan sequera vou falar do amigo, co que pasei xornadas inesquencíbeis de longos parladoiros en tantas vilas e lugares do país que tanto amamos, dende Esposende no Ribeiro até o saudoso San Martiño de Suarna na Fonsagrada ou dende o pacífico mar de Vigo até ao bravo mar de Fisterra. No pouco espazo que me resta só quero subliñar catro palabras que ao meu ver condensan a personalidade de Pepe: traballo, paixón, teimosía e lealdade.

En primeiro lugar traballo, porque Pepe non coñece o descanso, non se dá conta de que pasan as horas en xornadas interminábeis. Non para quieto un segundo porque o seu descanso é comezar un novo proxecto cando acaba de poñer o ramo ao antigo, e pensa con Séneca que habería que acurtar un chisco a noite para engadirlle algo ao día. Como home de acción non quere que os laios, o lamberse as feridas de séculos ou a crítica pasiva se convertan nun hábito, como a piedade para crentes descridos que non posúen conviccións senón rutina. Non podemos ollar como pasan anos esperando a un Godot que non vai chegar, como tampouco chega na obra de Beckett, e hai que coller a rabela do arado para labrar o que poida cada un na súa leira.

En segundo termo paixón, porque a súa vontade patriótica converteuno nun paladín de Galicia até nas miudezas, o que explica que ás veces estoupe e rife a alguén porque non se pode levar unha máscara todo o tempo. Fixo seus aqueles versos do último libro do noso enorme intelectual e común amigo X. L. Franco Grande:

*Eu seime dunha patria antiga e certa....*
*que agarda en cobizosa alerta.*

Focalizou a súa vontade patriótica na lingua e na recuperación da memoria colectiva porque iso era o posíbel e positivo de xeito inmediato, e concordaba co obxectivo último da recuperación nacional. Simplemente seguiu a máxima de Terencio na súa comedia Andria de que "cando non se pode o que se quere, hai que querer o que se pode" (*quoniam non potest id fieri quod vis, id velis quod possis*). Nesa batalla polo país non o fixeron recuar nin dificultades nin críticas porque tiña presente que xa o Padre Feijoo dixera que aínda que os ignorantes sexan moitos non por iso deixan de ser ignorantes.

En terceiro lugar teimosía, porque non se rende ante as dificultades e trata de conseguir os obxectivos sen importarlle achegarse a que ten a chave do problema con independencia do color partidario da súa camisa. Hai quen cre que crava cravos simplemente porque amartela nunha parede, pero Pepe sabe que cómpre efectividade e non abonda o estrondo do entullo. Non vive nun mundo irreal senón pegado á realidade social que coñece ben, e por iso critica os dogmatismos e sectarismos paralizantes, talvez porque caeu do cabalo a tempo como Saulo camiño de Damasco. Quizais tamén por esas mesmas razóns pode acadar consensos inimaxinábeis ou inaccesíbeis para calquera outro, ou recibir á vez apoios insospeitados de persoas que se moven en polos opostos.

Finalmente, lealdade coa súa familia, cos seus amigos, e coa Terra. Nin as máis grandes traxedias conseguiron arrefecer seu fogar, nin desavinzas fondas o alonxaron dos amigos verdadeiros, nin dixomedíxomes vergoñentos nin acoitelamentos polas costas puideron crebar o seu compromiso con Galicia e a súa granítica vontade patriótica. E como dicía Paulo Orosio, é precisamente no medio das dificultades cando se aprecia e brilla a lealdade. Da lealdade coa familia e a nación hai probas suficientes que se reflicten na súa vida diaria. No que respecta á lealdade cos amigos a miúdo transfórmase nun apoio e nunha xenerosidade que vai alén do esperado e normal. Como testemuña, eu mesmo podo lembrar o agasallo da colección orixinal completa de *Vieiros* que me fixo hai moitos anos, consecuencia dun meu comentario inocente nunha das nosas conversas, e que hoxe é un tesouro na miña biblioteca aínda que logo xa se fixeran reimpresións.

Pepe González xa foi obxecto de premios e distincións, seguramente menos dos que merecía, e por iso é xusta, merecida e oportuna esta nova homenaxe que nos reúne a persoas tan diversas arredor da súa persoa. Confío que non sexa a última e que non sexa só dos amigos e achegados senón a masiva do conxunto do país. Apuntaba Lucano na Farsalia que o xénero humano vive grazas a uns poucos

(*Humanus paucis vivit genus*), e mais recentemente salientaba Brecht que só algúns son os imprescindíbeis. Pois ben, Xosé González Martínez, Pepe, é un deses galegos imprescindíbeis, porque loitou non un día nin moitos anos, senón toda a vida, e afortunadamente aínda seguirá prestando servizos moitos anos á nación galega. Nin concordo cen por cento con todas as súas ideas, nin partillo todas as súas filias e fobias, pero alégrome enormemente de que se cruzaran os nosos camiños e síntome afortunado, e de por parte enriquecido, por disfrutar da súa amizade.

Xosé Antón Gómez Segade
*Catedrático Emérito de Dereito Mercantil pola USC*
*Membro da Academia Europea*

## Xosé González Martínez e a Sección de Linguaxe Administrativa do ILG

Xosé González Martínez é unha persoa á que adornan virtudes pouco comúns, por iso é especial, e por iso deixa pegada alí por onde pasa. Non me corresponde a min referirme ao seu compromiso social e político, nin á súa tenacidade, nin á súa iniciativa, nin ao seu éxito para facer confluír vontades. Entre estas virtudes está sen dúbida a súa capacidade para detectar os espazos que era necesario recuperar para a expansión social da lingua galega no proceso da súa normalización. Coñecidas de sobra son as súas actuacións de impulso á galeguización no ámbito do transporte de viaxeiros (Castromil, Travibus...), no ámbito xurídico (coa constitución da *Irmandade xurídica galega*), no ámbito da sanidade (coa posta en marcha da *Irmandade da sanidade galega*), no ámbito empresarial (coa posta en marcha do *Foro Enrique Peinador* e coa fundación da *Irmandade galega de adegueiros e agroalimentarios*), no ámbito das actuacións relacionadas coa transmisións testamentarias, na paisaxe lingüística dos nosos cemiterios, e moitas outras iniciativas suficientemente coñecidas.

Dentro destas actuacións promovidas por Xosé González Martínez, que son resultado dunha aguda análise das necesidades do momento e unha visión perspicaz de como darlles cubertura, hai algunhas que, por seren levadas a cabo hai xa certo tempo, quizais non sexan coñecidas abondo para a maioría dos cidadáns galegos. Entre elas quereríame referir ao impulso para a posta en marcha dunha Sección de Linguaxe Administrativa dentro do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago.



Estamos no ano 1984, un ano despois de se aprobar a Lei 3/1983, do 15 de xuño, coñecida como *Lei de Normalización Lingüística*, que no seu art. 4.1. establecía que "O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma" e, como se di na presentación do primeiro Caderno de documentación municipal, "unha lingua é oficial fundamentalmente cando o Estado a recoñece e a emprega como vehículo de expresión da súa vontade, dos seus mandatos e das súas relacións cos cidadáns". O día 20 de decembro dese ano asínase un Convenio, promovido por Xosé González Martínez, entre o Instituto da Lingua Galega, un numeroso grupo de concellos galegos e a Consellaría de Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se crea unha Sección de Linguaxe Administrativa dentro do ILG, para a elaboración de formularios administrativos municipais, un formulario de procedemento administrativo xeral e un vocabulario de termos xurídicos e administrativos.

Esta sección de Linguaxe administrativa do ILG tivo unha vida breve, pero unha actividade intensa, aínda que incompleta en canto ao cumprimento do traballo planificado. Vida breve, porque na práctica só existiu como tal sección entre os anos 1985 e 1988 (aínda que unha das súas encomendas, o *Léxico da administración castelán-galego* non vise a luz ata o ano 1991). Pero intensa, porque deu lugar a traballos que constituíron un esteo importante como axuda á galeguización da actividade dos concellos, como os *Cadernos de documentación municipal* e o xa mencionado *Léxico da administración*. E incompleta porque, dos seis cadernos planificados, só se chegaron a publicar a metade.

Os formularios e modelos de documentos administrativos son imprescindibles para avanzar no proceso de normalización dunha lingua en situación minorizada dentro do ámbito administrativo. E para cubrir este baleiro planificouse nesta sección de linguaxe administrativa a elaboración de seis cadernos con formularios e modelos correspondentes aos seguintes ámbitos da administración municipal: 1. Patrimonio e bens municipais, 2. Contratación, 3. Urbanismo, 4. Réxime xurídico, 5. Persoal, e 6. Facenda. Para a elaboración destes materiais botouse man dos expedientes e documentos que se empregaban a diario nos concellos, e a partir deles fíxose unha proposta de redacción tratando de utilizar un nivel lingüístico que fose o máis accesible e comprensible para o cidadán común.

No ano 1986 saíron á luz os *Cadernos de documentación municipal* I e II, destinados respectivamente a "Patrimonio e bens" e a "Contratación". No 1988 apareceu o III que recollía os formularios e documentación do ámbito do "Urbanismo". Estes tres volumes foron publicados conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. O custo económico da realización e da publicación destes cadernos, foi soportado pola propia Consellería da Presidencia e polos concellos de Ares, Baralla, Bembibre, Boiro, Cedeira, Fene, Irixo, Melide, Muros, Narón, Nigrán, Ponteceso, Redondela, Riós, Cervantes, Ribeira, Santiago, Silleda, Vigo e Xanceda-Mesía.

Na súa elaboración participaron Xoaquín Monteagudo Romero, sobre quen recaeu o peso principal da estruturación dos volumes e a parte técnica de tipo xurídico e administrativo, e os lingüistas do ILG adscritos á sección de linguaxe

administrativa: Ernesto González Seoane, Ana Isabel Boullón Agrelo, Fernando R. Tato Plaza, Ramón Mariño Paz e Manuel Rei Romeu, que contaron coa colaboración de Xermán García Cancela, daquela tradutor da Consellería da Presidencia da Xunta, e Carlos Díaz Abraira, tradutor do Parlamento de Galicia.

Houbo que esperar ata o ano 1991 para dispoñer do *Léxico da Administración castelán-galego*, redactado por Ana Isabel Boullón Agrelo, Ernesto X. González Seoane, Ramón Mariño Paz e Fernando R. Tato Plaza, que sería publicado conxuntamente polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia Galega. Obra que constituíu un referente fundamental para asentar a norma da lingua administrativa galega, que vai enriquecida con tres apéndices de grande utilidade: un deles de siglas frecuentes na linguaxe administrativa, outro cos nomes dos Concellos de Galicia e un terceiro, obra de Benigno Fernández Salgado, que recolle os xentilicios galegos máis comúns.

Na Sección de Linguaxe administrativa do ILG realizouse tamén un notable labor de tradución de textos xurídicos e administrativos, como a tradución dos *Formularios da Administración Educativa de Galicia*, realizada no ano 1988, a pedimento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ou a da *Lei de Bases de Réxime Local.*

Como xa dixen, a creación da Sección de Linguaxe administrativa dentro do Instituto da Lingua Galega foi impulsada fundamentalmente por Xosé González Martínez na súa condición de presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG), asociación que foi a principal dinamizadora da utilización da lingua galega na Administración, pero de maneira moi particular na administración local. Por iso non é sorprendente que durante o período de vixencia da sección de linguaxe administrativa no ILG se producise unha importante colaboración de membros desta sección coas revistas *Lingua e Administración e Revista de Administración Galega*, editadas pola AFNLG.

Visto desde hoxe, considero que foi unha mágoa a desaparición desta sección dentro do ILG porque resta aínda moito labor que facer na modernización da linguaxe xurídica e administrativa galega, e a fórmula ideada naquel momento dunha colaboración entre a AFNLG (a principal asociación propulsora da utilización do galego na Administración), a Xunta de Galicia (que ten a responsabilidade de promover a normalización lingüística na Comunidade) e sobre todo a corresponsabilidade dos concellos podía lograr a sinerxía suficiente para lograr un avance substantivo na presenza do galego na administración, e sobre todo, na súa calidade, garantida por unha entidade científica sólida como é o Instituto da Lingua Galega. É xusto salientar, con todo, que, como en tantas outras ocasións, Xosé González Martínez detectou o problema, viu o camiño para solucionalo, e tratou de poñer en marcha os mecanismos para resolvelo.

Manuel González González
*Instituto da Lingua Galega*
*e académico da Real Academia Galega*



## O Ribeiro, a asociación Álvaro das Casas, os Ultreias… e Xosé González

Xosé González reparou nesta comarca ourensá pola súa importancia dende antano e por casar e vivir nela o profesor Álvaro das Casas, nunha vivenda que noutros tempos formara parte do pazo dos Ulloa. O propietario actual, Cándido Vázquez, converteuse nun extraordinario colaborador poñendo a disposición os locais para xuntanzas e actos. Hoxe, transformada nunha acolledora casa rural, ten o privilexio de que campe á entrada a bandeira galega dos "ultreias", a que ondeou no mastro do "Xaquín Pérez", e polo que foron sancionados con 50 pesetas polo axudante de Mariña de Bueu, Gonzalo Torrente Piñón, pai do escritor Torrente Ballester.

Si é certo que no desenvolvemento da asociación participaron outras persoas, como Carme Vaquero e Avelino Muleiro, pero ademais da suxestión, soubo convencer a que outros tomasen parte no proxecto, convertendo a idea individual en colectiva. O acto oficial da constitución desenvolveuse o 8 de marzo de 2003, na que fora adega do pazo dos Ulloa agora transformada en salón de actos.

Ademais de recuperar a obra de quen lle dá nome, ten por finalidade a promoción e fomento da nosa lingua en todos os eidos do saber, do teatro e das artes escénicas, do medio ambiente e natural, e como a súa sede está no Ribeiro, a mellora, difusión e comercialización do viño. Pois cómpre ter en conta que a muller de don Álvaro era colleiteira, que coñecía ben os problemas aos que se enfrontan decote os que viven do viño; atrancos que tratou de solucionar coa fundación da U.C.R.A ("Unión de Colleiteiros do Ribeiro do Avia"), da que o manifesto fundacional, feito público no mes de xaneiro de 1936, constitúe unha afervoada defensa do viño ribeirao.

A asociación non deixou de traballar, aínda superando graves atrancos económicos, e unha proba constitúena as diferentes actividades organizadas ao longo destes anos: cursos sobre a vida e a obra de don Álvaro, o viño, a sociedade rural…; os premios anuais "Bacelos de prata" aos mellores viños galegos etiquetados na nosa lingua; a organización da festa dos maios do Ribeiro en Leiro (grazas ao labor de Celso Domínguez); a publicación de libros e vídeos: a edición facsímile de *Verbas aos mozos galegos. O momento universitario* de A. das Casas (2003), o *Manifesto da Unión de colleiteiros do Ribeiro do Avia* (U.C.R.A.) (2004), *O viño. Conversas no Ribeiro. Encontros coa tradición* (2005), un vídeo sobre a festa dos maios (2007), *Mar adiante. As Xeiras dos Ultreiras* (2008), etc.

No mes de xullo de 2007 cumpríase o 75 aniversario da "II xeira dos ultreias", coñecida por *Mar adiante.* Esta aventura, entre educativa e científica, merecía unha conmemoración digna. Que mellor que repetir o percorrido que fixeran en 1932 varios mozos e adultos (Isidro Parga Pondal, Xurxo Lourenzo, Xosé e Ramón Martínez López, Antón Beiras García, Ramón de Valenzuela e ao fronte Álvaro das Casas), atrevéndose a recorrer as Rías Baixas, de Muros a Vigo, no balandro "Xaquín Pérez", arribando en varios portos para coñecer os monumentos máis senlleiros, ao tempo que agardaban por eles sobranceiras personalidades: Castelao en Noia, Rafael Dieste e Arturo Noguerol en

Rianxo, Xosé Núñez Búa e Antonio Fraguas en Vilagarcía, Casto Sampedro, Antonio Iglesias Vilarelle, Xosé Filgueira Valverde e Ángel del Castillo en Pontevedra, Federico Ribas en Bueu...

Xosé González acadou que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa axuda inestimable do director xeral, Xosé Benito Reza, organizase a "II xeira do mar", repetindo o mesmo percorrido na goleta "Nauja" en xullo do 2006.

Amigo Pepe: estou seguro que a xubilación non será unha parada na túa loita cotiá. Pola contra, que medrará ao dispor de máis tempo para actuar en cantas frontes ti coides que é posible abrir un vieiro a prol da Terra, por pequeno que sexa, pois moitos xuntos converteranse en estradas polas que a nosa cultura camiñará no futuro cara a súa total normalización.

Grazas por todo canto levas traballado e polo que aínda farás no futuro, que agardo que sexa moito, por Galicia enteira e, en particular, pola miña terra do Ribeiro.

Clodio González Pérez
*Escritor e etnógrafo*

## Canda nós, nación, ti

*No 180 aniversario do nacemento de Rosalía*
*24/02/2017*

No Estradense, en Compostela,
debaixo dun retrato de Alfonso XIII,
Luís Soto díxonos do comandante Esturao,
da bandeira do Batallón galego
e fomos nós mesmos con Vicente López.

Outra volta, no ante mediodía
en Ameneiro, casa de Aurora,
Enrique Lister, coa camisa desabotoada
e a faldra case por fóra,
confirmóunolo todo.

Foi fronte por fronte do agro da Abilleira,
de bidóns e caldeiretas arrodeados;
os menceres eran nosos,
tamén a historia.
En irmandade, que é postura de pé firme.

Galeguizar Galicia, disque,
velaí a tarefa que imos deixar a medias.
suco a suco, grao e grao e cadabullo,
sen suspiros nin pregarias...
Alborada antiga que anova a cada pouco;
Patria!

Luís González Tosar
*Escritor, Presidente Centro PEN Galicia*



## O que máis ordena

Non hai que acudir ao "Grándola Vila Morena" para decatarse de que Pepe manda moito, e sempre foi así. Cando o coñecín —e diso hai máis de corenta anos—, era —iso me dixeron— quen dirixía a UPG. Estivo algún tempo agochado no meu piso de estudante naquela época. Sempre me martirizou —aínda o fai de cando en vez agora que somos sesaxenarios— coa retranca de que o aloxou un pequeno burgués cun póster do Che pendurado na parede do cuarto.

Seguín a comprobar que mandaba moito cando o detiveron en Compostela. A min tamén me colleran —eramos uns dezaseis ou máis—; algúns pasamos dúas noites nunha cadeira no patio da comisaría, e o trato que recibimos non foi nada bo, pero o Pepe tiña a súa cela individual e amosábanlle moito respecto. Os líderes da clase obreira tiñan o seu carisma, os estudantes pequeno burgueses de ERGA non tanto. A verdade é que a min me soltaron pasadas 72 horas —previo paso polo Xulgado— e Pepe foi a cadea algún tempo.

Logo sucederon moitas cousas. Deixou —ou lle fixeron deixar— a política, pero Pepe reformulou o seu compromiso con Galiza, e vaia se o fixo! E seguía a mandar... En termos xurídicos deixou a "potestas" pola "auctoritas".

Non hai eido que deixara baleiro. Os Funcionarios pola Normalización Lingüística, o Foro Peinador, a Fundación Lois Peña Novo, a Irmandade Xurídica Galega, o Couto Mixto, os adegueiros, os sanitarios... onde non chegou? Son testemuña, no que me atinxe, de que rescatou do anonimato e homenaxeou a moitos xuristas galegos que, sendo parte da nosa historia e cultura, ficarían esquecidos, acadando ao mesmo tempo o compromiso —dun colectivo de operadores xurídicos que vai "in crescendo"— coa nosa lingua. Como Pepe é ecuménico non deixa eidos baleiros e mobiliza a funcionarios, profesores, xuristas, médicos, autores literarios, economistas, bodegueiros e ata políticos, o que faga falta.

Hai críticos, eu o primeiro, pero a maioría das críticas serias que se lle fan proveñen de problemas, case sempre persoais, non resoltos, de xenreiras vellas que agochan a realidade. A miña crítica amigábel vai nestas liñas, como tamén unha loubanza explícita. Cómpre que houbera moitos como Pepe; cómpre, nuns tempos de crise nos que estamos perdendo o idioma e xogándonos a existencia como pobo, coma cultura, como nación, xente que loite acotío por todo iso, que faga mobilizar aos que, como eu e moitos máis, precisamos de alguén que nos mova, que nos diga "fai isto ou axuda nestoutro...". En resumo, de alguén que nos dea esperanza.

É a gran virtude de Pepe. Consegue de nós o que —por preguiza ou por fatalismo— non faríamos sen que nos motivaran. Iso si, pouco falta para que respondamos "as túas ordes", cando nos di o que pretende facer, sospeito que algún se cadra militarmente cando lle resposta.

Téñolle lei ao Pepe, e o afecto provén dunha cousa evidente, coa saudade daqueles tempos mozos nos que quixemos trocar a sociedade e o mundo enteiro, chegou o prosaico posibilismo e moitos de nós —se acaso— encheríamos as fileiras do "pasotismo" se non fora por xente como el. Son tempos de resistencia e precisamos ter quen alumee o ca-

miño, no que hai –que non é moito, mágoa–, quen nos reafirme no orgullo de ser nós, de que algo se pode facer, quen desbote as dúbidas ou o pesimismo que temos ás veces.

Non é doado contentar a todo o mundo, como non é fácil xuntar a xente moi diversa –mesmo no eido ideolóxico– nunhas propostas comúns. O mérito de Pepe e obter cousas tanto dos "subversivos" como do "stablishment" e abofé que iso o borda. Que é ríxido? sen dúbida; que é serio? de máis; que rifa? moito. Pero os resultados pódense ollar. Soamente quen faga algo parello, sen slogans e con eficacia, con resultados obxectivos, terá lexitimidade para criticar o seu xeito de actuar.

Porén, coa teima de que algún día inicie un acto cun pouco de rock and roll en vez de tanta música clásica –perdín a esperanza de que sexa capaz– nos *bolos* que acostuma a artellar ao longo do país, seguirei agardando as súas ordes e aturándoo –xa que é imposíbel que mellore o carácter– pois faime sentir útil, vivo e mozo aínda hoxe. Supoño que xubilación debe vir de "xúbilo" pero prégolle a Pepe que non deixe de ser quen é –a idade é unha anécdota– bo e xeneroso, e que siga mandando...

Miguel A. González Trigás
*Avogado*

## Para Pepe

Unha mañá calquera dun día de semana de inverno.

–Pepe, perdoa, ía na moto e non puiden collerche o teléfono, oes?

–Non moi ben, mira, chámame polo outro, pola centraliña, que aquí onde me teñen non teño moita cobertura, ché.

–Vale, agora mesmo. (marcaxe do 986400300)

–Concello de Redondela! (fala musical)

–Pode poñerme con Xosé González Martínez?

–Un momento por favor...

–Pepe, escoitas agora?

–Cala, cala, veño cabreadísimo (chasca a lingua), onte a tarde fixéronnos ir ao outro lado da ría para nada, dous pelagatos que non entenden nada. E para iso perdemos toda a tarde Carme máis eu. Hai sectores que isto da etiquetaxe e da imaxe corporativa empresarial en galego pensa que é chegar e encher... Hai que ver como nos escarrallaron o tema da lingua. Mira que fixeron mal... só se coñecen os autores literarios e a súa escrita. Nin que a lingua e a cultura fose só patrimonio seu. Onde están os outros? E os seus antecesores profesionais e empresariais? Ou é que as Irmandades non fixeron máis que literatura? E os diferentes congresos e xornadas que se desenvolveron sobre economía, país e desenvolvemento e os premios que se convocaron no seu día? O de Mondariz, por exemplo. Para que está a Academia? E a Universidade? Baaah...



Ou que é un tema político, ou que mingua mercado se non vai en castelán, ou... que non entenden nada, ché, dígoche que non entenden nada (chasca a lingua). Mira que levamos andado, pregoando presenza, prestixio, excelencia e identidade, e nada. Iso que a feira de produtos do outro día foinos moi ben, houbo ata corenta expositores da comarca, pero é que había unha xente estupenda que levaba tempo arrastrando e tirando da corda. Ademais son empresas pequenas, de xente nova en sectores emerxentes. Estaban encantados, funcionou moi ben a prensa, mesmo as televisións. Estaba petada a carpa e a praza. Ata houbo problemas de subministración na degustación que houbo despois do acto. Hai que ver como se solucionaron as eivas de infraestrutura con voluntarismo. Así si que dá gusto, sen a liturxia das Irmandades nin nada, e funcionan caralludamente.

–Oes Pepe, e para cando é o próximo xuramento e a imposición de bandas dos novos irmandiños na sanidade. Tendes todo preparado?

–Para mediados do mes que vén. Temos problemas de local, pois hai sesenta novas incorporacións, e xa sabes, só cos familiares xa se enche calquera salón de actos. Estamos agardando a ver se nos deixan un dun instituto. Senón temos que alugar un cine. Pero non me preocupo moito, pois os que levan a Irmandade funcionan moi ben.

–Por certo, como levas a biografía da homenaxeada? Pois tería que entrar esta semana na imprenta. Ademais, Carme necesita que lle deas algunhas notas biográficas para ler na apertura do acto.

–Xa a teño practicamente rematada, estoulle a dar a última volta ao texto. É que tiven que andar buscando información sobre o seu primeiro período e sobre todo fotos, pois non hai case nada dela. E mira que mirei en varios arquivos, á parte das túas xestións nos de Pontevedra e en Ourense. Por que non buscamos a algún familiar próximo por se tivesen algunha documentación? Aínda podería dar tempo para incluíla, de ser interesante. Ti que tes contactos, por que non fas unha tentativa?

–Vale, agardamos uns días. Teño un coñecido na parroquia onde naceu. A ver se me pode localizar a algún familiar para contactar. Tamén temos que falar do día da galeguidade empresarial deste ano e pechar a cousa.

–Xa tendes elixido o homenaxeado?

–Este ano queremos facer unha cousa de impacto xuntando no acto ás administracións provinciais, locais, universitarias, Parlamento e a Xunta de Galicia, máis Xesús representando a Academia. Teño algúns problemas de protocolo, porque hai cada alcalde que vállame Deus. O que si xa atopei é quen nos pague o busto que está facendo Molares; tamén temos quen nos pague a pequena publicación biográfica do empresario homenaxeado. Botounos unha man Paco Novoa. Pío fixo unha curta que quedou moi ben, vímola o outro día. Hai que ver que ben traballa coa cámara buscando lugares.

–Carallo! como correstes este ano.

–O que me está a preocupar é que vai pasar coa Irmandade Xurídica este ano, pois hai dous candidatos para homenaxear e aínda non se puxeron de acordo os responsables. Imaxina que xa levan dúas reunións, e nada. Podían home-

naxearse aos dous, pero é imposible porque un é da Coruña e o outro de Vigo. Se houbese unha muller xa non habería dúbidas... pero daquela case non había letradas no país.

–Pois que fagan dous actos nun e que poñan data. Así aseguran audiencia pública. Senón xuntádelos cos adegueiros.

–Cala oh! que non é ningunha coña.

–Oíches Pepe, o único que queda de programa de actos para este ano é de ver a quen metedes na nómina das ordes esas que tendes de rito e disfrace. Sodes confraría ou non? Eu proporía algúns nomes, se me deixades. Refírome a algúns caras tristes que, ao mellor, cos rituais mudan de faciana. Xa sabes que un con disfrace fai marabillas.

–Segues a coñearte de nós ou que... Oes ti, do que gustaría este meu último ano traballando en Redondela sería facerlle unha homenaxe ao galego descoñecido, loitador a prol da nosa cultura e da lingua, da súa extensión na busca da consolidación en calquera sector. Un acto tipo daqueles que se lle fixeran a Franco Grande en Tebra, cando reproducimos aquel programa de radio que facía na Asociación Cultural de Vigo, ou o de Alonso Montero en Ribadavia, non si?

–Pois eu xa teño o nome, sen facer ningunha xuntanza. Poiamos facerlle algo a aquel mozo que de novo lle chamaban Pepiño de Teis, que logo da clandestinidade foi Xosé González Martínez, pasando tamén por Pepe de Redondela. Eis o nome. Parécече ben?

–Non se vos ocorra, ché (chasca a lingua)...

Desde os primeiros tempos de funcionamento do *holding* Galaxia, non houbo outra institución paraoficial no país que tivese un propósito identitario tan claro como a que comandou Pepe desde a cabina e o temón do Foro Enrique Peinador e os seus apéndices. Sen esquecer a rede de amigos (de agregación progresiva) que teceu para levar a cabo este o seu labor, e a primeira liña da que se acompañou para ter todo a punto o día D e á hora H e materializar unha eficaz posta en valor DE FACER PAÍS, con maiúsculas. Con propostas ás veces transvasadas do pasado ou outras que, por novas, chamaron a atención e resoaron pola súa capacidade de enganche e de visibilización.

Cunha metodoloxía acaída que ía máis alá da transversalidade (recentemente descuberta), os resultados non se fixeron agardar. Aí están, sen necesidade de terse que enumerar nin obxectivar, pois á vista están con cadansúa pegada memorialista, nas súas máis variadas formas. O medio e o longo prazo deste labor verase pronto.

Os que te seguimos sabemos que isto non ten fin. E que seguiremos no traballo de campo coa batedeira na man. Mais contigo. Non pararemos, Pepe. Grazas por todo o que fixestes.

Este acólito, aínda que apousentado oficialmente, segue a ter gañas de continuar...

Pepe, como dicía o bolero: «Contigo aprendí»...

Compostela, véspera de Reis de 2017
Ricardo Gurriarán
*Presidente do Club de Fans de Pepe*







1993. Homenaxe a Don Paco, con Manolo Camaño, Camilo Nogueira, Armesto Faginas e Evelina





Maio de 1994. Con Victorino Gutiérrez Aller, no acto de galeguización de COVSA



Maio de 1994. Con Camilio Nogueira e Paco, xerente de COVSA, no acto de galeguización da empresa



Maio de 1994. Na galeguización de COVSA, con Henrique Harguindey



Maio de 1995. En Casa Paco, despois da presentación da primeira edición dos Premios Lois Peña Novo á prensa




Xuño de 1996. En Trasalba con Andrés Laxe, Gonzalo Balo e Fernando Pereira





Xuño de 1997. Nos Premios Peña Novo en Soutomaior. Con Guillermo Fontán, Pilar Pazos, Xosé Couñago, Carme Vaquero e Gonzalo Balo



17/05/1998. Con Carlos Casares e Paco Gil na Illa de San Simón na celebración dos actos do Día das Letras Galegas dedicado aos trobadores medievais: Mendiño, Xohán de Cangas e Martín Códax



Xullo de 1998. Con Manolo González no monumento a Daniel García Ramos na Baña



Xullo de 1998. Homenaxe a Daniel García Ramos na Baña, con Carme Vaquero, Ramón Castromil e Orencio González



Novembro de 1998. Con Don Paco e Luís García Mañá en Ourense





3/05/1999. Con Fernando Pereira na Alameda de Redondela



2000. Con Neira Vilas



Cantando *A miña burriña* en Trasalba con Don Paco



Na Cea das Letras, con Marisa, Don Paco, Alfonso Zulueta, Xulián Maure e outro



Con Avelino Pousa Antelo e Gustavo Valencia



Xuño de 2000. Presentación do libro *Revoeira* de Núñez Búa, con Isaac Díaz Pardo e Otilia Núñez





Xuño de 2001. Na entrega dos Premios Peña Novo en Soutomaior, con Guillermo Fontán, detrás Ramón Mato, Xermán García Cancela, Xulio Rios, Carmen Vaquero, detrás Antón Santamarina e Carlos Varela



Xuño de 2002. Nomeado xuíz honorario do Couto Mixto xunto con Manolo González, Constantino García e o alcalde de Calvos de Randín



No Couto Mixto, recibindo o bastón como Xuíz Honorario



2002. Con Don Paco e Xosé Benito Reza


8/03/2003. No xantar da constitución da Asociación Álvaro das Casas en Esposende-Ribadavia, entregándolle un libro a Cándido Vázquez, propietario do Pazo dos Ulloa


2005. Con Don Paco




Xuño de 2004. Foto de Familia dos galardoados coas Medallas Castelao



23/03/2005. Xuntanza da Asociación Álvaro das Casas no Pazo dos Ulloa (Esposende-Ribadavia), con Xosé Benito Reza, Clodio González, Avelino Muleiro, Cándido Vázquez e Celso Domínguez, (detrás suxeitando a bandeira galega dos Ultreia de Álvaro das Casas X. Manuel Cid)




7/05/2005. Na entrega dos Bacelos de Prata en Esposende-Ribadavia.





25/03/2006. Acto de nomeamento como fillo adoptivo de Mondariz-Balneario a Enrique Peinador Lines



13/01/2006. Presentación do Foro E. Peinador no Hotel Balneario de Mondariz, con Carlos Varela, Don Paco e José Antonio Lorenzo, alcalde Mondariz-Balneario



11/11/06. En Celanova facendo a Ruta Curriosana, con Juan Rúa, Xosé Luís Blanco Campaña, Xosé Benito Reza, Pío García, Modesto Hermida, Carme Vaquero, Aurora, Susana, Carlos Varela e Xosé Xoán Barreiro Prado



24/05/2006. Acto do Foro Peinador no Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil




7/03/2007. Acto do Foro Peinador no Gran Hotel da Toxa



19/04/2007. En Compostela, presentación do libro *En galego, con toda seguridade* na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos co presidente Emilio Pérez Touriño, presidenta do Parlamento de Galicia, delegado do Goberno en Galicia, conselleiro de Presidencia, secretaria xeral de Política Lingüística e Xoaquín Monteagudo



19/04/2007. Autoridades, membros de Corpos e Forzas de Seguridade e público asistente ao acto presentación do libro *En galego, con toda seguridade*





4/7/2007. No paquebote *Nauja* revivindo a "Xeira marítima dos Ultreia", percorrendo Galicia desde Muros ata Vigo



4/7/2007 Na "Xeira dos Ultreia" con Clodio González e Carme Vaquero



5/7/2007. Con Rufo Pérez na chegada do *Nauja* ao Porto de Vigo



29/10/2007. En Castrocaldelas, no curso "Galicia Vista polo Dereito", con Benito Montero e Xosé Manuel Beiras



14/12/2007. Nas xornadas xurídicas no Pazo de Lestrove. Con Carme Vaquero e Xoaquín Monteagudo



29/10/2007. En Castrocaldelas, descuberta do monumento aos tres xuristas caldeaos, con Carlos Varela, Benito Montero, Xoaquín Monteagudo e Carme Vaquero





8/03/2008. Coa súa filla Antía, no mosteiro de Santa María en Ferreira de Pantón



21/06/2008. Na constitución da Irmandade Xurídica Galega en Celanova, con Benito Montero, Xoaquín Monteagudo e Carlos Varela



3/11/2008. Seminario con Forzas e Corpos de Seguridade no Mosteiro de Aciveiro



1/07/2008. Con Xoaquín Monteagudo e Camilo Nogueira no acto de galeguización do Estaleiro H. J. Barreras en Vigo



1/07/2008. Acto de galeguización no Estaleiro H. J. Barreras en Vigo





27/09/2008. Nun xantar con Don Paco.



15/11/2008. Recibindo o premio San Martiño de normalización lingüística na Estrada, de man de Marisol López, secretaria xeral de Política Lingüística



31/10/2008. En Vilagarcía, na presentación do libro mandas testamentarias da campaña "En galego, agora e sempre"




24/06/2009. Acto de galeguización empresarial no Pazo da Toxeiriña en Moraña, con Casián García (Celtic Estores), Carlos Varela (Fiscal Superior de Galicia), Anxo Lorenzo (secretario xeral de Política Lingüística) e Rafael Louzán (presidente Deputación Provincial de Pontevedra)



28/09/2012. Acto de galeguización empresarial e descuberta do busto a Ramón Verea, inventor da calculadora, en Curantes-A Estrada






26/11/2009. En Ourense, presentando a campaña "En galego, consumo gusto" a prol da etiquetaxe dos produtos agroalimentarios en galego, con Anxo Lorenzo (secretario xeral de Política Lingüística)



25/09/2009. Xantando con Don Paco na súa casa, con Carme Vaquero e a súa filla Antía



2/05/2009. Andaina cos amigos pola Aldea de Sestelo



7/01/2010. Cantándolle a Don Paco polo seu 97 cumpreanos debaixo da súa casa, na Alameda de Vigo



6/03/2010. Xuntoiro cos amigos en Cabeiras-Arbo



## Ronsel

Ao traveso do tempo debúxanse distintas loitas, arelas, facianas, iniciativas: Pepiño, Teis, Redondela, Xosé González Martínez... Mais a liña trazada por esa motora que marca no mar o seu camiño deixa un ronsel firme e inequívoco, continuado dende a época da mocidade ata a da madureza plena. Un ronsel que remanece constantemente, década tras década, e que vai seguir arando e sementando no campo fértil da nación.

Liña nidia e vontade permanente, compartida e agarimada por mulleres e homes deste noso país. Galegas e galegos que defenden a súa lingua, que expresan o orgullo de seren habitantes dunha terra vedraña e sempre nova, conformada en séculos e presente –mesmo escintilante– no mundo actual. Nesa síntese, nesa fusión do propio co alleo, nesa esixencia de pleno respecto do noso para mellor vencellarmos o foráneo, reside o segredo de futuro enunciado xa por xeracións que nos precederon. Aí podemos e debemos entendernos. No cruxol da diversidade está a nosa forza, o noso porvir. Só unidos seremos quen de vencer o vertixinoso proceso de eliminación ao que o noso pobo se atopa sometido.

Xosé González Martínez soubo tecer fortes lazos que parten do cotián e trascenden o efémero. Redes cada día máis precisas para acadarmos unha boa maré. Un mérito que cómpre recoñecerlle en voz alta.

Non podo deixar de lembrar nesta hora, a par del, a crucial figura da súa compañeira Marisa Álvarez Santamarina, á que tanto lle deben –lle debemos– mozos e mozas de onte e mais de hoxe. A súa pousada tenacidade, ancorada no Sentimento e na Cultura, é espello de conduta para os momentos máis duros. Como compañeiro, como profesor, como tradutor, síntome representado por ela, por riba de todo amiga.

Sigan sempre a xiria e o labor de galegos e galegas de noso e saibamos unir os esforzos por ben desta Terra e desta Fala que nos reclaman.

Henrique Harguindey Banet
*Escritor e tradutor*

Xuño de 1988, a celebración da Festa da Coca, o evento socio-cultural máis importante que acontece anualmente na Vila de Redondela. Nesas datas unha nova remesa de *gardas municipais* incorporábamonos á policía local no concello. As lembranzas que teño daqueles tempos están tinguidas pola inexperiencia dun rapaz de 22 anos entusiasmado coa función de servidor público que iniciaba.

Recordo que na organización dos actos culturais programados na *Coca* había un home minucioso, metódico e carismático, cunha estética impecable, atento aos detalles e dando instrucións a moreas para que todo saíra ben… Resultoume unha persoa inspiradora e engaiolante. Ata pensei como *garda municipal* que non me desagradaría estar baixo a disciplina dun capitán daquela categoría. Evidentemente as súas funcións estaban moi afastadas dos meus cometidos, pero aquel ambiente de festa, da Danzas das Penlas e das Espadas, dábame pé a aquelas fantasías.

O certo foi que pescudei sobre el: era o funcionario do departamento de cultura. As administracións municipais democráticas levaban unha década manobrando amodiño, superando atrancos ancestrais e vellas inercias do franquismo, sacudindo a preguiza, despregando velas e saíndo ao mar e, grazas a *capitáns irmandiños* como Pepe, izando unha bandeira, a nosa.

A miña familia foi mariñeira, da parroquia de Chapela. O meu avó foi armador e por iso coñezo ben a importancia da persoa que leva o barco. Fun educado *modernamente* no castelán en colexios da cidade de Vigo. O meu choque coa Vila foi grande pero debo recoñecer que tiven moita sorte; os meus compañeiros veteranos acolléronme, guiáronme e presentáronme a Pepe. Canta paciencia tiveron todos comigo! Lembro aquelas conversas con Pepe nas que non faltaban os contos. Nunha ocasión falábame do paradoxo do rato da biblioteca que por moito tempo que vivira ao carón dos libros non se facía máis sabio, porén podía facerlles un dano irreparable…

Conto a conto, conversa a conversa, iniciamos unha relación e mantivemos un forte vínculo. Decateime entón do gran potencial e *auctoritas* da persoa que hoxe considero o meu mestre e amigo. Dese xeito, amodiño, como se poallara, fume empapando e concienciando da realidade do noso País e da idiosincrasia das nosas xentes.

Moitos compañeiros e compañeiras de Redondela temos colaborado e participado con el na organización de eventos culturais froito da súa espléndida e fecunda cabeza. Lembro unha anécdota na preparación dos *premios Xarabal*, concedidos polo Club de Remo Chapela. Pepe ademais de ser o inspirador e presentador do acto, dedicouse a adestrar con disciplina espartana no ximnasio do club, exercitábase coma un remeiro máis nas máquinas de remo e mostrábase contento e satisfeito desa actividade física que acotío realizaba; consultáballes aos preparadores para mellorar o esforzo e corrixir a súa técnica. Mentres, os directivos *–daquela meu pai era o presidente–* sentíanse orgullosos e presumían de ter a tan egrexio personaxe exercitándose nas súas instalacións. Así compartimos as nosas inquedanzas e os nosos valores, reforzamos os nosos lazos de amizade e cargamos de enerxía os nosos espíritos para emprender novas tarefas.

Pepe é de Teis. Os veciños de Teis e de Chapela identificámonos por ter a vista posta na mesma paisaxe: a ría e a cidade.



Pero eu non coñecía a súa apaixonante vida. Descoñecía totalmente o seu compromiso de mocidade e a súa entrega na clandestinidade e que, xa en democracia, detrás daquel funcionario do departamento de Cultura atopábase unha figura excepcional, o ideólogo da causa galeguista que enarbolaba o Concello de Redondela e que servía de referente ás demais institucións galegas. Certamente, a súa xurisdición efectiva transcendía Redondela, Galicia e moito máis aló.

Un orgullo navegar, aínda que sexa de grumete, no barco deste capitán ao mando dunha flota de insignes proxectos para Galicia. Un maxistral estratega embarcado na defensa e promoción da nosa cultura e da nosa identidade como pobo.

Obdulio Iglesias Otero
*Funcionario do Concello de Redondela*

## Agrandando a lingua

A potenciación do galego como a nosa lingua nai pasa por facelo forte en todos os eidos da nosa vida. Debe potenciar a comunicación coa contorna máis próxima no día a día para que sexa o noso máis prezado tesouro como pobo. Mais tamén debe servir para visualizarnos fóra das nosas fronteiras, e xa non falo só nos países da lusofonía, coa lingua irmá, o portugués, senón por todo o mundo, como un elemento singular. Unha marca da nosa identidade que sexa un valor engadido como diversidade e como elemento diferenciador fronte ao alleo, sempre buscando a convivencia.

Moitos destes valores que ten a nosa fala son os que vén defendendo na súa traxectoria profesional e vital Xosé González, o amigo Pepe Redondela como gosto en chamar. A súa perspectiva é a dunha lingua viva que estea presente en todas as facetas da vida, na cultural e na empresarial, en eidos nos que os galegos e as galegas forxamos a nosa idiosincrasia, como poden ser celebracións tan dispares coma as festas ou mesmo a morte. En todas as facetas debemos exercer como portadores dunha lingua cunha historia tan grande que soubo sobrevivir a séculos escuros e desprezos que, moitas das veces, proviñan e seguen a darse entre sectores do máis diverso aquí en Galiza.

A perspectiva coa que o noso Pepe leva agrandando a nosa lingua paréceme moi atinada para facerse forte entre toda a poboación en xeral. En primeiro lugar, facendo memoria de grandes persoeiros de toda Galiza que foron precursores no amor ao galego nas súas facetas profesionais nas que destacaron ao pór a fala como un elemento complementario e moi intimamente ligado aos seus éxitos. Acadar certo re-

coñecemento tendo a lingua dos nosos devanceiros no quefacer das persoas que, co seu labor, nos fan máis grandes no mundo é un valor do que non nos podemos desprender de cara ao futuro.

E Pepe sabe tamén que todo o traballo que se desenvolve a prol do galego debe ter visualización social. Lembro os primeiros artigos en prensa que puiden ler del. Sempre directo ao concepto que quería transmitir para conseguir a normalización da lingua nai. Tamén as redes sociais son nos últimos tempos un fervedoiro de actividade para el, coas que quere chegar paseniño pero sen descanso ao obxectivo de que poidamos facer unha vida normal empregando o galego.

Dende a base das vilas pequenas e medianas ata os grandes espazos que simbolizan as cidades galegas hai moito que facer polo galego. Debemos pensar que é preciso que haxa máis de dous millóns de galegas e galegos co espírito deste home, coa súa constancia e co seu amor polo galego. Nese momento descubriremos que temos un potencial moi grande como pobo e que podemos facer todo o que nos propoñamos sen renunciar ás nosas raíces.

Se nas institucións locais e supramunicipais apostamos pola normalización debemos ver en Pepe un grande exemplo de amor polo noso. Unha persoa que, co seu pragmatismo, conseguiu cotas para o galego que non se deben estancar, senón que, máis ben, deben seguir medrando ao igual que a nosa fala.

Xosé Leal Fariña
*Deputado de Cultura e Lingua na Deputación de Pontevedra*
*e concelleiro en Bueu*

## Para mirarmos polo futuro da lingua

A lingua non lle pertence en exclusiva a ninguén. A lingua é de todas e todos. E é, polo tanto, responsabilidade das institucións conseguir que a nosa lingua teña presenza en todos os ámbitos da vida. Pero tamén manter un clima de consenso e entendemento que debeu, debe e deberá ser fundamental para ampliar o uso social da lingua e poñela en valor por parte de toda a cidadanía.

No ano 2005, ao asumir a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coñecín a Xosé González. Eu sabía das súas actividades a prol do galego, pero non o coñecía persoalmente. Desde o principio a Secretaría Xeral de Política Lingüística quixo colaborar con todas as persoas e colectivos sociais, económicos e culturais que estaban a traballar no proceso de normalización. Ao meu modo de ver, o Plan Xeral era un bo punto de partida. Os contidos eran froito dun pacto de todas as forzas políticas e dun amplo consenso social.

A sociedade civil ten moita responsabilidade no mantemento do galego, pero a vontade política correspóndelles aos/ ás responsables das institucións que teñen que garantir o emprego do galego na vida pública, cultural e na sociedade en xeral conte coas medidas necesarias.

Ese traballo desde a sociedade civil é o que desenvolveu e segue a desenvolver Xosé González. Na Secretaría Xeral de Política Lingüística por mor dos acordos entre as dúas forzas políticas que formaban o goberno creouse a Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Desta comisión formou parte nun primeiro momento Xosé González. Foi unha satisfacción contar coas súas iniciativas e coa súa colaboración. Con todo, a dinámica da propia comisión fixo que considerara que era máis útil traballando desde fóra.

A colaboración da Secretaría coas actividades a prol da normalización que desenvolvía Xosé González foi intensa e moi frutífera. Ao pouco de chegar á Secretaría, a principios de 2006, participei na presentación do Foro Enrique Peinador, dende o que se pon especial énfase en ser mediadores a prol da galeguización da empresa en Galicia. Tal como se indica na súa memoria, o Foro do que é Presidente Xosé González créase para "incentivar o diálogo entre a economía e a galeguidade, e coordinar o ideario e as exitosas experiencias que se levaron a cabo na nosa Terra e naqueles territorios onde os actores económicos desenvolven o seu pulo empresarial".

Nesta tarefa é peza fundamental Xosé González tratando de reunir, de xuntar persoas con responsabilidades, buscando sempre a complicidade e o consenso para avanzar no obxectivo último que non é outro que facer que o galego teña en todos os ámbitos da sociedade un uso normal e xeneralizado.

A través do Foro Enrique Peinador compartimos moitos e importantes actos nos que tratamos de poñer en valor a nosa lingua. Foron moitas as actividades deseñadas e promovidas por Xosé González tanto a través do Foro Enrique Peinador como a través da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística da que foi un dos fundadores en 1984. O espazo que me asinaron para este traballo non me permite facer referencia a todas elas, pero non quero deixar de salientar algunhas.

En marzo de 2007 celebrouse na Illa da Toxa o Primeiro Encontro de empresarios organizado polo Foro E. Peinador, asistiron máis de oitenta empresarios. En xullo de 2008 nas instalacións do estaleiro Barreras de Vigo asinouse un convenio para promover o uso do galego entre a dirección da empresa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Tamén promoveu en 2008 a creación da Irmandade Xurídica Galega coa finalidade de favorecer a normalización no eido do Dereito. E outras moitas iniciativas que non podo enumerar por falta de espazo.

Esta é unha brevísima mostra do quefacer de Xosé González. A súa vida é, e vai seguir sendo, un compromiso continuado coa defensa da lingua galega. As súas iniciativas miran sempre polo futuro da lingua, tratando de convencer, de consensuar para lograr os seus obxectivos. Beizón Pepe polo teu traballo, polo teu compromiso con este noso país, e beizón pola colaboración e amizade desde aqueles anos.

María Sol López Martínez
*Profesora Titular de Filoloxía Galega*
*Ex-secretaria xeral de Política Lingüística*

## Un home admirable

A memoria é selectiva e non lembro exactamente cando coñecín a Xosé González Martínez, unha das persoas á que máis estimo pola súa defensa da lingua. Cando se estivo xestando o novo nacionalismo de esquerdas nos anos sesenta do pasado século eu estaba fóra de Galicia e non puiden participar na súa conformación. Ó volver a finais do 68 xa tiña orientada a miña vida cara ó estudo da lingua e á carreira universitaria e por causa do desencontro na cuestión da normativa lingüística non me integrei no partido nacionalista, o único que me interesaba, que deu acollida a Pepe ata que o tivo que deixar en 1976.

Penso que foi despois cando entrei en contacto con el, primeiramente nos Premios da Crítica en 1978 e xa desde 1979 como funcionario no Concello de Redondela. Desde entón non deixei de valora-la súa capacidade de traballo, os seus grandes dotes de animador cultural, de organizador, o seu poder de persuasión, o seu afán pola normalización lingüística e por introduci-lo galego en ámbitos nos que estaba practicamente prohibido. A súa constancia só merece eloxios. Eu lembro aínda aquel primeiro curso de lingua galega para funcionarios que organizou en Redondela e que se pechou nun acto ó que puiden asistir o 8 de marzo de 1983. Ese labor nunca o abandonou, durante vinte anos no servizo de normalización lingüística deste Concello e despois en Vigo e aí están a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e a Irmandade Xurídica Galega, que creou para fomenta-lo uso do galego en dous terreos nada dados ó uso do noso idioma e coas que conseguiu atraer á lingua a moitos funcionarios e xuristas. No mundo da Adminitración e do Dereito sempre se moveu con habilidade e dedicación e a el lle debemos numerosos formularios administrativos que distribuíu desde Redondela e moitas publicacións que promoveu, como o libro *Palabras de Lei* ou a tradución do *Código Penal*. Lembro tamén a repercusión que tivo a súa idea de que se publicasen os *Contos do Castromil*, que levou a que contos de grandes escritores entrasen en numerosas casas e que nalgunhas posiblemente fose a primeira vez que visen un texto escrito en galego.

Todo isto sería abondo para estármoslle agradecidos ó homenaxeado, pero el non se conformou con isto e o seu espírito inquieto e comprometido levouno a formar parte dos Amigos do Couto Mixto e a fundar outras organizacións, moitas delas presididas por el, ben para premiar a persoas ou institucións que traballasen para potencia-la lingua, ben para abrir novos camiños, como vemos na súa participación activa na Fundación Lois Peña Novo ou nos últimos tempos no Foro Enrique Peinador, coa súa teima para que as empresas galegas etiqueten os seus produtos en galego e a insistencia en que os galegos consuman preferentemente estes produtos así etiquetados.

Desta maneira puntualmente tódolos anos nos atopamos cunha boa morea de actos, celebrados para incopororar novos membros á causa do galego ou para entrega-los premios concedidos, actos ós que non asisto con regularidade como me gustaría, pero que considero de gran valor e que contribúen poderosamente á potenciación da nosa lingua nunha época difícil por culpa da neglixencia e desprezo das autoridades políticas. Pepe non se rende e ten tempo para organizar homenaxes a persoas que destacaron noutra época ou na presente en diversos campos do saber ou da empresa, ó mesmo tempo que se encarga de que se publiquen libros sobre estes homenaxeados. E con todo isto quédalle tempo para publicar artigos na prensa, con temática variada e sempre destacando a importancia de promociona-lo idioma, ou para estar presente nas redes co *Facebook*. E como esquecer esa magnífica ferramenta que é *Galeguizar Galicia*? Nesta TV danse a coñecer tódolos actos organizados polas fundacións que el dirixe e retransmítense integramente. E xunto a estes actos están as entrevistas que periodicamente Xosé González realiza a diferentes persoas. Todo con fervor e paixón.

Por tantas cousas eu admiro a Pepe e prézome de contar coa súa amizade. Mesmo en momentos familiares difíciles, el sempre estivo en primeira liña na defensa da lingua, con fe, con esforzo, con intelixencia, sen dubidar nunca, e eu espero que aínda durante moitos anos siga implicándose neste labor de captación e de que o seu compromiso siga atraendo a moita xente. A Galicia nosa, a verdadeira, a que fala galego, necesítao.

Ramón Lorenzo
*Catedrático de Románicas*
*e académico da Real Academia Galega*



## Un amigo de lonxe

De lonxe, e non porque esteamos a miles de quilómetros, senón, e por riba de calquera outra circunstancia, polo feito de termos coincidido moitas veces pero nunca poidemos soster unha conversa longa e aberta. A máis longa, tres ou catro minutos, con motivo de entrega dunha figura de Sargadelos coa que me honrou o equipo de organizadores dos Premios da Crítica, equipo do que Pepiño de Redondela formaba parte. Tiven, pois, a sorte de coincidir con el moitas veces, pero sempre dun xeito fuxidío. Pepiño de Redondela era un mito para todos nós, un mozo que se movía daquela no mundo da política municipal e tiña contactos co mundo dos homes de empresa, aos que era capaz de convencer para que adicaran algúns cartos a soster a vida cultural do país. A verdade que eu non sei cales foron e son os seus apelidos: para min, e para moitos, naquel tempo era sinxelamente Pepiño de Redondela, e non precisaba doutro ornamento de identificación. Falaban todos do seu poder de convicción, co que convencía a moitos empresarios para que puxesen algúns cartos ao servizo dunha idea patriótica.

Nunca discutín con el, por máis que, escoitando as súas discusións con outros, adiviñaba que a nosa nebulosa amizade tiña puntos de difícil coincidencia. Eu formara a miña idea de Galicia –da Galicia soñada– no exemplo e no maxisterio de Ramón Piñeiro. Pensaba eu que a salvación de moitas cousas importantes estaba na recuperación da cultura e, fundamentalmente, na lingua. Logo viría, ou podería vir, todo o mais. Para el, polo que eu entendía nas súas intervencións, tiña que vir todo dunha acción política aberta, arriscada e, sobre todo, eficaz. Podíamos, pois, ser, eu e

mais el, circunstanciais adversarios. Pola miña parte estou convencido de que teño aprendido moito dos meus adversarios, a condición de que a discrepancia tivese un fondo común e que discutísemos sobre algo que, de maneira diferente, tiña para os dous unha base moi sólida: unha idea de Galicia na que por riba de calquera discrepancia podíamos construír o futuro do país.

Lembro algo que lin un día os *Proverbios Morales dun xudeu*, Don Sem Tob de Carrión, que viviu entre os séculos XIII e XIV. Tiven que procurar o texto para que a cita sexa exacta: "Non pued omre alcançar, Cosa sinon no seu revés".

Non teño eu familiaridade co ladino dos xudeus que vivían entón en Castela, pero penso que conviría lembrar esta idea na política de hoxe. A frase de Sem Tob quizais teña varias interpretacións, pero a min gústame sempre memorizar interpretacións distintas de calquera idea. Hai no meu santoral laico, un santo aínda mais vello que Sem Tob de Carrión: é Quinto Aurelio Símaco, o único senador romano que no século IV aínda non era cristián. Cando os senadores cristiáns se sorprendían de que non aceptase a nova relixión, el, pagán convencido, respostaba : "Non importa o camiño que un toma para chegar á verdade. A ese gran misterio non se chega por un só camiño". Sinto non poder citar a frase en latín, pero os libros meus máis amados están agora en Santiago, na Cidade da Cultura. Con todo, teño a frase marcada na miña memoria.

Eu non son nin Sem Tob nin Símaco, por máis que para min sería un pracer poder pensar se o meu camiño é o xusto para construír unha Galicia soñada. Poida que haxa outros camiños nos que eu tería moito que aprender.

Poida que si, que algún día falemos os dous, Pepiño de Redondela e mais eu, das nosas discrepancias, iso habería que facelo co tempo que nunca tivemos. Remataríamos despois a discusión cunha cordial aperta.

Basilio Losada Castro
*Tradutor e crítico literario*



## O impulso creador

Vivimos nun país onde existen complexos con respecto á identidade, prexuízos contra a lingua e temores ó esixi-los nosos dereitos individuais (como cidadanía) e colectivos (como nación).

Houbo quen se rebelaron contra esta ruda adversidade para constituíren partículas de resistencia siderúrxica. Nunca foi doado impugna-la cadencia da historia imposta dende arriba e contra nós. En cada época aparecen persoas que entregan a flor da mocidade e o ouro da lucidez para o combate cívico-político a prol da liberdade e da xustiza social.

Na década de 1970 emerxen militantes noviños, de orixe humilde, que consolidaron a UPG. E fixérono dende a máis dura das clandestinidades. Cada hora tributada aumentaba sequera un gramo máis a heroicidade destes antifeixistas. Entón aparece con luz de meteoro o nome de Xosé González.

Souben de Pepiño de Teis por conversas arredor da memoria democrática. Opinións de todo tipo pero coincidentes en recoñece-la súa relevancia para a historia do país. Coñecino en persoa co gallo do estudo sobre Luís Soto. Sentín estar ante unha persoa remisa a falar do pasado, selectiva na información, hierática no rostro e analítica comigo.

Grazas ó vello *bolxevique ourensán* fomos quen de establecer un minúsculo espazo de confianza. Entón Pepiño comezou a comparti-la súa extraordinaria memoria daquel tempo de pólvora.

El educouse entre as simpatías paternas co *Socorro Rojo Internacional* e o maxisterio do Padre Seixas. Todo sucede nun barrio de estaleiros e agras. Alí recoñece a figura esguía de Gómez Román e o rostro marítimo de Reboiras, amigo e camarada.

E o noso homenaxeado, con fasquía de rillote rebelde, dedicouse con disciplina férrea a comprende-lo noso pobo para pular pola súa emancipación. A voracidade por saber sentouno no parladoiro da botica de Fernández del Riego, cenáculo de memoria republicana e patriótica.

Aumentou a formación cos libros enviados por Neira Vilas dende A Habana: os volumes da Revolución cubana até as tácticas de combate imaxinadas por Ho Chi Minh; o modelo leninista de partido até as experiencias das frontes de liberación. Un traballo sistemático de formación, comprensión e praxe entendido como un conxunto inseparable.

Foron tamén os anos da Asociación Cultural de Vigo (da cal foi secretario), os seminarios na Penzol e as xuntanzas nos montes. Axiña se forma como un militante capaz, con dotes de mando e recoñecida autoridade. O compromiso antifeixista levouno a unha completa entrega, máis alá do límite, ó movemento nacional-popular.

Pepiño pulou por asenta-las bases do nacionalismo e, en consecuencia, desenvolvelas na acción concreta da UPG. Sempre dende a polifonía. Dirixe con man firme o partido e esixe a cada militante o máximo. Eles conseguiron facer da UPG un axente central na resistencia.

O asasinato de Reboiras doeu até nos ósos da alma. Mais Pepiño, detido e torturado na cadea de Vigo pola BPS,

continuou. Promove o Consello de Forzas Políticas Galegas como alternativa plural da esquerda nacionalista ante a morte de Franco.

Ó mesmo tempo comeza unha envolvente perversa para destituílo dos organismos do partido. Acusárono pola vía do persoal mentres agochaban decisións políticas determinantes para o futuro da UPG. A operación rematou o 7 de santos de 1976 cando é expulsado. Naquela xuntanza só Xosé M. García Crego o apoiou e, nun xesto de solidariedade fraternal, dimitiu da dirección.

Logo veu a UPG-liña proletaria (1977) e o Partido Galego do Proletariado (1978), organizacións arredistas de esquerda combativa. E nelas, Luís Soto (o seu outro mestre) como presidente e símbolo da tradición frontepopulista, marxista e antifeixista.

Saca a praza no Concello de Redondela (1979), animado por Soto. Mais continuaba o control policial. Viviu unha campaña de criminalización, divulgáronse os comentarios de desprestixio, predicaron os rexoubes cheos de veleno. Mais non se agochou nin renunciou ante as presións. A Redondela viñan visitalo os camaradas e amigos, dende exguerrilleiros antifranquistas até dirixentes nacionalistas. Abandonou a militancia nun partido político pero non a acción política.

Dende entón dedicouse obstinadamente á normalización (sobre todo a lingüística pero non só) sendo un faro e precursor de proxectos.

A distancia cos feitos permite interpretalos en relación cos sucesos posteriores. A historia xulga. Pero Pepe débelle a este pobo a súa crónica biográfica para termos máis elementos de análise e así ser xustos na sentenza.

Dende aquel primeiro encontro e cunha certa complicidade político-ideolóxica fixen o meu propio retrato del. Fíxeno consciente das críticas e das gabanzas escoitadas pero desposuído de prexuízos e apriorismos.

Pepe non procura o aplauso fácil nin lle presta a adulación de ouropel. Foxe da compracencia estéril. Refuga as loas. Prácelle falar con propiedade e secciona-lo cotián. No toque curto amosa unha faciana retranqueira. Defínese como un home pragmático. Ten algo do *Príncipe* de Maquiavelo. É esixente porque coida que así é o compromiso coa patria. Non cede lugar ós segundos de repouso. Atento a calquera detalle e presto a corrixi-la mínima falta. Distribúe as pezas e deseña con escrupulosa atención cada acto. Pensa e analiza con método rectilíneo. Atende as consultas doutros persoeiros: aconsella a quen demande consello. Adoutrina a lume manso. Devagar pero sen relax. Calcula con precisión para acada-lo éxito e desteme calquera debate. Non padece a doenza das dúbidas.

As ensinanzas xuvenís foron o patrón da súa conduta vital. Ninguén pode discuti-la súa obra. Incluso quen intentan escondela. O seu currículo fala por nós.

Xosé González, como rostro da súa xeración, sitúase no remborque exacto dos devanceiros que escribiron con caligrafía progresista no frontispicio da grande obra: "Todo por Galiza. Todo para Galiza". Contribuíron a derrubar complexos, prexuízos e temores para exercer, ante tódolos atrancos, como pobo galego en toda a súa dimensión.



Aprendemos que os *vieiros* da Terra son espirais. Neles camiñamos. Agora e sempre.

As Travesas, Vigo. 2017
Xurxo Martínez González
*Investigador e Técnico de normalización lingüística*
*Concello de Redondela*

## Mestre de vontade enerxética

Xosé González Martínez sentaba na aula na que eu dictei a miña primeira lección como profesor de lingua e literatura castelá no Instituto Santa Irene de Vigo. Seguín toda a súa actividade política, organizativa e de intervención social, e síntome orgulloso de ter compartido con el momentos, e períodos estelares da historia da resistencia antifascista e da impulsión dos valores nacionais en Galicia.

Diría que o labor incansábel daquel que louvamos colectivamente atravesa as décadas, a partir dos sesenta do século pasado, e chega a estas alturas do século XXI sen que en tal traxectoria se apreze unha moutela de desfalecemento. Mestre de vontade enerxética, Xosé mediulle o volume e tomoulle a temperatura ao galeguismo e ao nacionalismo da súa mocidade temperá desde centros de decisión patriótica e antifascista tan importantes como foron o círculo do Padre Seixas e a Asociación Cultural de Vigo, na que exerceu como responsábel técnico.

A súa alianza con X. R. Reboiras Noia foi da natureza daquelas que marcan a vida dos leais para sempre. Con Reboiras integrou a parte dirixente do movemento de renovación e pulo que recibiu a UPG, pouco despois do seu nacemento, a raíz dos sucesos de 1972 e dun conflito interno que non é do caso relembrar agora e eiquí.

No Cumio Central do que daquela era o noso partido, sempre ao carón do valiosísimo Reboiras, construíu, con arquitectura de titanio, as diversas frentes que se pensaba que debían de constituír os puntos de incidencia fundamentais

da organización revolucionaria e patriótica galega. Xosé González Martínez foi detido e interrogado na comisaría de Vigo polo xefe da Brigada Político Social, Waldo López Mazaira e a súa equipa sinistra. Asasinado Reboiras en Ferrol, a crise da dirección da UPG culminou coa persecución da súa esquerda e coa expulsión de Xosé, episodio que eiquí non é, tamén non, sitio para relatar.

Pero el tivo folgos para tratar de restaurar o noso partido morto Franco, desde presupostos inequivocamente esquerdistas, seguindo a manda autógrafa de Victor Casas que a UPG anterior fixera coñecer. Para ese labor, Xosé rescatou a Lois Soto do ostracismo interno e o vello lider, incombustíbel, respondeu ao chamamento e vivíu entre nós, na UPG-liña proletaria e no PGP o ocaso luminoso da súa vida revolucionaria.

E Xosé vivíu máis vidas, porque lle quedaba moita vida por vivir. Insisto agora en palabras como *vida e vivir* porque o carácter e a potencia anímica do amigo homenaxeado reborda daquel líquido que o filósofo francés chamou *élan vital*. O pulo íntimo de Xosé proxectouse á instauración real e práctica do noso idioma nos lugares de onde fora expulso ou onde nunca estivera. Propiciou ligas, sociedades, comunidades varias nas cales insuflou vigor e compromiso sartreano e verdadeiro para salvar a nosa lingua da extinción e do autoodio inducido por España ao longo dos séculos.

Os que o acompañaron e acompañan nesta múltiple empresa asociativa saben que Xosé González Martínez foxe de calquera remuneración e de calquera vagloria. Antes ao contrario, procura mimetizarse e desaparecer publicamente no seo da organización social, da cal el mesmo é activo iniciador. Nun dos textos de Castelao no exilio, esquecido, ou, se cadra, censurado polas sucesivas camadas do galeguismo oportunista, lemos que Alexandre Bóveda era autor de moitas grandes obras que el se esquenceu de asinar. O mesmo podemos decer de Xosé González Martínez, a quen abrazo no intre de el recibir esta homenaxe.

Vigo, Nadal 2016

Xosé Luís Méndez Ferrín

*Escritor e académico da Real Academia Galega*



## Lembranzas dunha época

Lembrar a Xosé González, Pepiño, pasa pola lembranza do Pai Seixas, tendo que me retrotraer cincuenta anos cara atrás. Dise pronto, son moitos anos. Unha época que marcou a miña adolescencia de rebeldía e arelas de igualdade.

Coñecín a Seixas un día calquera do ano 1966 na casa dos meus pais. Fora o meu irmán Xulio quen, a través de Manolo Reboiras, o coñecera presentándollo á familia. Foi o comezo da miña relación con Seixas pois visitaba decote a casa. Cantas veces tivo feito de interlocutor entre os meus pais e o meu irmán máis eu!

Nucleou un grupo de rapaces e unha rapaza (que era eu) e cos que falaba e falabamos en galego, cousa que tanto eu coma o meu irmán, e cecais outros compañeiros, nunca fixeramos. Con Seixas aprendemos a querer a nosa lingua, a sentirnos orgullosa/os dela e a querer revindicala. O primeiro que eu fixen foi exporlle aos meus pais, galegofalantes, que non había voltar falar castelán con eles, cousa que fixen.

Chegamos a ser un grupo moi compacto ao redor de Seixas. Quero lembrar a Xosé González, Xan Santamaría, Xosé Reboiras, Manolo Reboiras, Xaquín Anta, Luis Ribeiro e a Xulio Míguez.

Coa sempre discreta dirección de Seixas creamos o "Grupo Cultural O Castro" onde aprendemos a amar á nosa Terra e ao noso idioma sendo a Biblioteca Penzol o noso refuxio, abrigatoiro onde soubemos e coñecemos os nosos escritores e escritoras, os nosos políticos galegos e onde Paco del Riego puña todo ao noso dispor. Por alí pasaban, entre outros, Beiras e Ferrín aos que nós admirabamos e que, en ocasións, viñan darnos charlas á nosa sede que estaba no edificio dos xesuítas, en Velázquez Moreno.

Foi Seixas quen nos fixo ver que a nosa lingua tiña que ser falada nas igrexas como único espazo onde a represión franquista andaría con certo tino, e así empezamos a apoiar as misas en galego na Igrexa das Trinitarias. Eu non sei se era polo galego ou que a xente ía moito a misa pero esa igrexa estaba sempre ateigada. Seixas comezou a casar e bautizar en galego. Como non lembrar o primeiro misal en galego, toda unha novidade, e nós apoiabamos todo o seu traballo. Teño que lembrar que cando o meu irmán pequeno naceu apoiei perante os meus pais o nome que lle puxemos, Xacobe Humberto Lenin.

Lembro como dende o "Grupo Cultural O Castro", despois de estudar a historia do Castelo de Soutomaior, iamos os domingos a tomar medidas dos seus muros ou cando o meu irmán Xulio atopou unha placa conmemorativa do Castelao abandonada no almacén da Aduana de Vigo, enviada polo Centro Galego de Bos Aires, e como a través do meu pai puido rescatala. Un feito moi importante nesa época non só para nós senón para Galiza, o que nos levou a contactar coa irmá de Castelao e colocala na súa casa de Rianxo.

Lembro con agarimo cando lle expuxen a Seixas que quería ir traballar no verán a unha fábrica de peixe para ver as condicións en que traballaban as mulleres. Despois de falar cos meus pais puiden ir mes e medio á conserveira Alfageme ata que me despediron por "roxa".

Era Seixas un bo home de mente aberta co que podías manter unha conversa sen prexuízos e con toda a liberdade. Nestas conversas un día díxenlle que eu me sentía atea, acollendo a miña confesión con total naturalidade e o único que me dixo foi que "o importante é ser honrada cunha mesma".

Os meus compañeiros nomeáronme Presidenta do "Grupo Cultural O Castro" pero teño que dicir que outros destacaban moito máis ca min e dende aquí o meu recoñecemento a Pepiño, alma con Seixas do Grupo.

Todos nós co tempo fomos por distintos camiños aínda que todos temos algo en común: a herdanza dese grande desexo de Seixas de espallar e consolidar o noso idioma; e Xosé González, a quen lle debemos recoñecer o seu frutífero traballo ao longo destos 50 anos, e o que a ben seguro non esquecemos: o noso vínculo co Pai Seixas xunto co noso antifascismo.

Ana Míguez Vigo

## Benquerido Pepe:

Estes días oín por aí adiante o ruxerruxe de que ías coller o retiro. Aínda que non lle dei moito creto ao murmurio polo que máis abaixo direi, o caso levoume a matinar en que o tempo tamén corre para nós e que, a pesar de que levo máis de media vida enleado contigo nunha chea de fatigas, nunca me destes ocasión para que che falara de certas cuestións tocantes ao teu tempero. A verdade é que eu tampouco porfiei nese intento: de primeiro porque sei que a ti non te chista e, ademais, porque coido que compartimos a opinión de que a amizade só se mantén vizosa se vai adobiada con sobreentendidos.

Eu souben de ti, por oídas, a primeiros da década dos setenta, cando de mozo cheguei á Universidade de Santiago, e comecei a moverme no ámbito do nacionalismo galego, daquela natural e maormente clandestino. Curiosamente —iso si que cho contei máis dunha vez— coñecín primeiro a Marisa, a túa muller, estudante coma min de Filosofía e Letras, aínda que nun curso máis avanzado: foron Marisa e mais os seus compañeiros da Facultade os que me atraeron definitivamente cara ao galeguismo.

Cando volvín a ter noticias túas, xa na década dos oitenta, foi a través do contacto persoal co gallo da Declaración do Hostal (Declaración dos alcaldes galegos sobre o uso do idioma na Administración local) e da fundación da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, que argallastes alá por 1984.

Teño o recordo —neboento polo decorrer dos anos— dunha primeira xuntanza na vella casa da Praza da Universidade, na que por certo viviran algúns anos Murguía e Rosalía, onde está a sede do Instituto da Lingua Galega. O lugar non foi un casual porque o ILG, daquela dirixido por D. Constantino García, serviunos de acubillo nos primeiros tempos da AFNL. Aquela xuntanza e as que lle seguiron tiñan lugar nun pequeno cuarto da planta baixa, as mañás dos sábados, e alí estabamos arredor de ti uns vinte compañeiros, a maioría deles empregados locais ou da Xunta e algúns funcionarios da Xustiza. Lembro que os máis vellos eran os por nós queridos e admirados Orencio Pérez, daquela secretario xudicial en Pontevedra, que impresionaba polas súas sólidas convicións, e Claudio Movilla, maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña, que era máis cauto no tocante ás posibilidades do uso do galego na Xustiza pero que coa súa simple presenza e auctoritas nos daba azos aos máis novos.

Cantos camiños e corredoiras abristes, cantas cadeas e cancelos levantastes, cantas lareiras e fornos encendestes dende aqueles tempos: seguro que non levas a conta e eu que, grazas a túa xenerosidade, fun testemuña privilexiada de moitas desas agonías, tampouco son quen de gardalas todas na cachola.

O certo é que sen o teu alento eu creo que non habería a Sección de Linguaxe Administrativa no ILG, de onde saíron os primeiros modelos de documentos administrativos para as concellos do país nos anos 1986 a 1989; non habería as temperás edicións do *Diario oficial de Galicia* e do *Boletín oficial do Parlamento* en galego sen a dobre columna; sen ti quen sabe cando se traducirían ao galego os códigos civil e penal e as leis procesuais ou se chegaría a publicación das leis en galego no *Boletín Oficial do Estado*.

Pregúntome quen, sen o teu talento, convocaría a xuntanza e deseñaría a Declaración de Rois de 1987 onde se botaron os alicerces da normalización do galego no mundo do dereito ou armaría aquel acto da Estrada na que por primeira vez un maxistrado, Fernando Fernández Leiceaga, fixo unha declaración pública en defensa do uso do galego no seu xulgado. E fostes ti e ninguén máis quen proxectou a valiosa iniciativa dos Contos da Xustiza que presentamos no Hostal de Santiago no nadal de 1991, un fito que serviu para chegar a recantos do dereito ata entón inaccesibles para a nosa lingua.

E por falarmos doutro marco para a nosa lingua, o Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou por unanimidade o Parlamento en 2004, alí tamén é visible a pegada do presunto retirado porque a súa contribución foi imprescindible para todos os sectores pero moi especialmente para a Comisión sectorial nº 1, que se ocupaba das Administracións públicas.

Logo prendestes o lume do que saíu a Irmandade Xurídica Galega en 2008 e levástela por Galicia adiante (Celanova, Castro Caldelas, Pontevedra, Lugo, Vigo, Santiago, Chantada, Foz, A Coruña, A Fonsagrada, Monforte de Lemos, Ponteareas...) para abrirnos os ollos aos profesionais do dereito sobre dúas evidencias: a primeira, a naturalidade de usar o galego no exercicio das funcións e traballos xurídicos: e a segunda, que somos fillos dunha tradición cultural que ninguén valoraba e permanecía entullada no esquecemento. E grazas a ti, tivemos a honra de proxectar a luz das homenaxes públicas sobre xuristas como Manuel Casado, Orencio Pérez, Claudio Movilla, Martínez Risco, Pedro González, Daniel García, Ramón Carballal, Fermín Bouza,

Roberto González, Lois Tobío, Vitorino Gutiérrez, Amadeo Varela, Arturo Noguerol, os das Irmandades da Fala...).

Pero é que por fóra das administracións e do dereito, o teu labor foi hercúleo: o Foro Enrique Peinador, a Irmandade da Sanidade Galega, a Fundación Lois Peña Novo, a Irmandade Galega de Adegueiros, as campañas de Mil festas máis para a lingua galega, En galego agora e sempre, Restauración da memoria lingüística, A lingua no padal, Deixa que o viño fale, etc.

Como adoitas dicir, queres que o teu labor sexa e se perciba como coral e sinfónico pero nos coros e nas orquestras, por moi boas voces e solistas que interveñan, hai unha persoa que resulta indispensable, a que leva a vara e dirixe o compás: sospeito que ata o máis distraído saben de quen falo e que para ese non pode haber retiro.

Pero tampouco te agoníes por esa apreciación porque unha das enormes satisfaccións dos que andamos ao teu carón é comprobar que efectivamente hai coro e temos orquestra e nós nunca che agradeceremos abondo que, grazas a ti, tivemos a oportunidade de coñecer moitas das mellores persoas e xuristas do noso país dos que aprendemos unha morea de cousas boas: a lista podería ser innumerable pero —só citarei aos que xa non están ou son os máis veteranos— Claudio, Daniel, Orencio, Vitorino, Segade, Barreiro, Chelo, Benito, Carlos, Luís... son colegas cuxa compaña é impagable; e, por outra parte, na Irmandade hai unha vaga de xente nova, por fortuna xa maormente mulleres, que aseguran o relevo xeracional.

Os do coro pasamos contigo angurias pero tamén desfrutamos de grandes satisfaccións e de pequenas anécdotas. Algunhas destas foron insólitas: recorda cando hai moitos anos xantamos na Coruña nun restaurante de luxo cunha persoa millonaria para convencela de que introducise o galego nas súas empresas a atendeunos de marabilla: cando chegou a hora de pagar soltounos aquilo de “Pero que simpáticos son estos chicos: van a pagar ellos la comida” e o peor é que tivemos que pagar a del e máis a dos gardaespaldas. Case quedamos a fregar a vaixela e o local.

Ou cando presentamos os “Contos do Castromil” no Hostal en Santiago e saímos ao balcón do Obradoiro porque aínda faltaba unha hora para principiar o acto. Sorprendidos vemos vir a D. Manuel Fraga polo Obradoiro adiante cara a nós. Os de protocolo da Presidencia confundíranse de hora e pídennos, tremendo e de xeonllos, que llo expliquemos nós. Baixamos os dous a correr:

– D. Manuel, mire que o acto non é ás 7:30 que é ás 8:30 h.

– E quen é o responsable? Espétanos con ollos de falcón.

– D. Manuel, xa sabe que nós somos uns pobres desghrasiados que non damos conta do choio.

– Vale: pero eu xa sei que non é culpa de vostedes. Indagarei sobre o asunto e volvo nunha hora.

Entramos de novo no Hostal, respiramos fondo e dámosLles aire aos de protocolo que xa perderan a cor. Pero aí volve D. Manuel cando eran as 8:00 h e o salón aínda estaba case baleiro. Botou o seu discurso de primeiro, cando tiña que pechar o acto e aos dez minutos acabou a súa atropelada intervención dicíndolles aos presentes e mirando para nós: —Voume porque teño presa pero déixoos nas boas mans destes señores—. Recuperados do vendaval, continuamos logo con normalidade o acto, que constituíra un éxito.

Volvo ao fío do que nos ocupa. Espero que o do teu retiro non sexa máis que un rumor: mellor dito, estou certo que ten algo de maledicencia porque nin ti nin Galicia están para andar con retiros e ademais nós, os teus amigos, non che deixaremos vagar: alomenos no tocante a aqueles negocios que todos sabemos e nos que a túa tenacidade e xenerosidade son inconmensurables. Xa teremos tempo abondo para o lecer cando, dentro de moitas singraduras aínda por vir, nos toque a vez e esteamos alá.

Teu,

Xoaquín Monteagudo
*Presidente da Asociación de Funcionarios*
*e da Irmandade Xurídica Galega*



Xa van máis de trinta anos cando Pepe me convocou, xunto a outros compañeiros xuíces e fiscais, a un xantar en casa Ramallo para falar do uso do galego na Administración de Xustiza; mellor dito, da dramática ausencia do noso idioma na xustiza, salvo honrosas e raras excepcións, como os maxistrados Daniel García Ramos e Xosé Xoán Barreiro na xudicatura que viñan xa utilizando o galego na súa actividade profesional de maneira normalizada.

Días máis tarde daquela xuntanza convencinme de que tiña que ser o primeiro fiscal que utilizase o noso idioma nos meus escritos de acusación, nos meus informes e en toda a miña actividade profesional. O traballo non se presentaba doado: falta dun vocabulario xurídico actualizado, non disimulada oposición dos meus xefes, sorpresa e incredulidade de moitos dos meus compañeiros fiscais, xuíces e funcionarios, avogados que alegaban indefensión e un longo etc.

Pero Pepe é moito Pepe e coa súa firmeza, convencemento, ilusión e carisma fixo que a miña determinación fora contundente. Toda a miña actividade profesional ía realizala en galego, contra vento e marea. Pepe obrara o milagre de que por primeira vez na historia un fiscal realizaba o seu traballo no noso idioma: en galego. E así foi ata a miña xubilación. Pronto se incorporou Carlos Varela, coas súas valiosísimas achegas e a día de hoxe algúns, poucos pero bos, compañeiros máis; pero o primixenio e esencial alento foi o de Pepe.

Pronto nos embarcamos, con outros moitos compañeiros, nunha apaixonante loita na defensa do nosa lingua e da nosa cultura. *Revista Xurídica Galega*, charlas en distintos xulgados, reunións con políticos para convencelos da necesidade de traducir ao galego os textos xurídicos, premios da

crítica e outras moitas actividades. Un día faleille da conveniencia de fundar e organizar unha irmandade xurídica galega que acollese a todos aqueles maxistrados, xuíces, fiscais, secretarios e demais funcionarios así como avogados, procuradores, notarios e demais axentes que interveñen, dunha ou doutra maneira, na Administración de Xustiza, co fin de potenciar, na medida do posible, o uso do galego no ámbito xudicial mediante reunións, xornadas de estudo, reunións anuais e outras actividades individuais ou colectivas que favoreceran o noso ideal de normalizar o galego no ámbito xurídico.

Pepe, coma sempre, foi o artífice da constitución da Irmandade. Convenceu a moitos, traballou arreo, sen descanso, cunha fe insólita na difícil tarefa que tiñamos por diante. El foi e é a columna vertebral, el é o que chama aos posibles novos irmandiños, el é o que organiza os encontros anuais, el encárgase da publicación dun libro anual sobre un destacado xurista galeguista. El faino todo. Pepe é incansable, un loitador, dotado dunha forza excepcional, dunha fe sen límites nos froitos do traballo cotiá na defensa da nosa lingua e na nosa cultura no medio desta cada vez máis potente onda de uniformidade.

Son incapaz de entender de onde sae tanta forza, tanto convencemento, tanta fe, tanto tempo, porque o da Irmandade Xurídica é só unha pequena parte da súa actividade en prol da nosa lingua. Outros falarán desta inmensa actividade en moi diversos campos profesionais.

Pepe e eu tivemos e temos unha relación fraternal, pero na que el achega moitísimo máis.

En todos estes anos estivemos xuntos en infinidade de reunións, ás que acudiamos sempre con bo ánimo porque se trataba de facer algo pola nosa cultura e pola nosa lingua, sen escatimar esforzos nin gastos. Sempre boas caras, ánimo e, incluso, humor. Houbo algún momento crítico no que lle ofrecín o meu apoio incondicional por ser inxustamente tratado por algúns que se tiñan por amigos. Pepe saíu fortalecido porque sempre tivo un comportamento intachable e unha enorme fe na súa dedicación absoluta de entrega a Galicia. Con ánimo renovado continuou nunha incansable loita pola normalización do noso idioma.

Eu débolle a Pepe que nacera en min esa necesidade de intentar que o galego fora de uso normal na Administración de Xustiza, de converter en paixón o sentimento de galeguidade, de facerme feliz pola defensa da nosa identidade como pobo. Cantas máis dificultades, máis orgullosos e máis comprometidos cun afán común que hoxe comparten moitos compañeiros na xustiza e moitísimas outras persoas en distintos ámbitos da actividade económica e social en Galicia.

Se Arquímedes dixo aquilo de dádeme un punto de apoio e moverei o mundo, moitos pensamos: "Dádeme un Pepe de Redondela e o noso idioma estará a salvo".

Benito Montero Prego
*Fiscal, membro da Irmandade Xurídica Galega*



Coñecín a Pepe González Martínez en xuño de 1978, vai para trinta anos. Somos amigos dende entón. Coñecímonos na casa de Antía Cal, en Moaña, a onde chegou acompañado por outro vello amigo meu: Luís Soto. Con Pepe e con Luís voltamos a Gres. O longo traxecto deunos tempo para falar de Cuba, da nosa emigración en xeral, do futuro de Galicia...

Con Pepe mantiven unha sostida relación epistolar entre Vigo e A Habana. El poñíame ó día no devir político, cultural, social, económico deste país, que trataba de recuperar o seu rumbo tras da cuarentena franquista. E eu mandáballe libros, de contido diverso, que non había nesta banda do mar e dos que en Cuba se imprimían milleiros de exemplares.

Radicámonos aquí en 1992, e a nosa amizade con el foi a máis.

Algún día darase a coñecer todo o labor de Pepe como impulsor de tantas e tantas iniciativas culturais galegas que el puxo en marcha e que logo foi delegando para que outros continúen, mentres el sigue creando, aportando, convencendo. Traballa fervorosamente pola dignidade e pola afirmación da identidade nacional de Galicia, comezando polo idioma.

Posúe tres cualidades importantes: imaxinación, tenacidade e talante para dialogar con todos (agás os incivilizados, que os hai), e así, secundado por colaboradores ben escollidos, foi botando a andar a Fundación dos Premios da Crítica, os Premios Peña Novo, o Foro Peinador, etc. De todo esto pouco se fala por ahí adiante, pero é unha fecunda realidade. Pouco se fala porque Pepe estima que o importante é que se fagan as cousas e non hai necesidade de pregoalas.

A citada Asociación de Funcionarios vén de publicar once títulos da colección "En galego, con toda seguridade", para promover o uso da nosa lingua entre as forzas de seguridade e a cidadanía. Once folletos, cun deseño impecable, con cadanseu conto (de Carlos Reigosa, García Bodaño, Helena Villar, Fina Casalderrey e outros entre os que me atopo) de temática máis ou menos policial. Temas moi libres pero todos nesa liña. Algo semellante, no formato, ós "Contos do Castromil", de hai quince anos. Sen estridencias e con imaxinación e amor ó país, Pepe González, móstranos camiños a seguir.

Xosé Neira Vilas

* Artigo publicado en prensa o día 18/11/2007 con motivo da presentación dos *Contos de agardar* dentro da campaña de normalización lingüística coas Forzas e Corpos de Seguridade.

Lingua, activismo e sociedade. Eis os tres eixos da acción de Xosé González. Eis a encrucillada na que nos temos atopado tantas veces e moitas máis que virán.

Hai quen fía o futuro da lingua ao cambio de normas. Os que traballamos co Dereito sabemos que este non é dabondo para reverter unha situación histórica de discriminación que deixa un pouso fondo na sociedade. Se ben é certo que cómpre remover os obstáculos xurídicos que impiden unha verdadeira igualdade dos falantes das dúas linguas oficiais, non o é menos que a igualdade xurídica ten que ir acompañada de pasos firmes de extensión das políticas normalizadoras a todos os ámbitos sociais. Sen recuperación de prestixio social e de introdución en novos sectores –como sucedeu con Internet– o galego vivirase como unha lingua eivada sen apreciar as posibilidades completas de expresión que ofrece. Por iso é importante o traballo que desenvolven persoas coma Pepe para lle dar espazos de proxección en ámbitos nos que goza de pouca presenza. Para lle dar visibilidade e pulo estendendo usos e buscando novos sectores.

Neste proceso o labor dos poderes públicos sería ben importante, mesmo para incidir nas relacións privadas. O certo é que a normalización do galego desde o comezo das institucións de autogoberno non foi obxecto de políticas sistemáticas, comprensivas e activas. O Goberno galego, rexido case ininterrumpidamente por quen non apostou nunca por unha acción decidida a favor da lingua, non foi quen de usar a súa capacidade de condicionamento da vida económica e social para promover cambios substanciais na presenza do galego en ámbitos nos que esta está infra-representada. O amplo volume de negocio que xeran as Administracións públicas coa contratación de bens, obras e actividade de asesoramento e servizos (calcúlase que representa un 16% do PIB) supón un campo aberto ao condicionamento lingüístico desas actividades que ten como contratistas, non se esqueza, as Administracións galegas que teñen como lingua propia o galego. O paso adiante que supuxo a Lei de subvencións de Galicia, que permite condicionar lingüisticamente as axudas públicas, non despregou tampouco toda a súa potencialidade.

En clara sintonía co desleixo normalizador produciuse un adiamento da normativa de desenvolvemento da oficialidade do galego "sine die". Ao contrario do que sucedeu en Cataluña e Euskadi, en Galicia apenas se pode falar dun desenvolvemento sectorial e regulamentario anecdótico logo da aprobación da Lei de normalización lingüística en 1983.

A pesar de termos o mesmo punto de partida, pódese afirmar que hoxe Cataluña e Euskadi, conseguiron uns niveis aceptábeis de normalización nos sectores afectados por esa primeira xeración de normas (función pública, procedemento administrativo, toponimia, ensino...) porque despregaron un intenso labor posterior estabelecendo obxectivos concretos e medidas para poñelos en práctica cunha acción progresiva de normalización. En Galicia os escasos avances experimentados son o resultado evidente do desinterese por realizar ese labor de desenvolvemento normativo e traballo normalizador que precisaba claramente a Lei de Normalización lingüística. Se exceptuamos o ámbito do ensino –sen incluír á Universidade– e máis relativamente o da función pública, as normas con contido lingüístico son anecdóticas e mesmo elas experimentaron retrocesos. A acción normalizadora foi practicamente inexistente evidénciandose a ausencia dunha verdadeira planificación lingüística que, progresivamente, vaia fixando obxectivos de mellora e avaliando os resultados.



O labor de dignificar e espallar a lingua nos sectores económicos e sociais está tamén practicamente ermo. Por iso o esforzo infatigábel de Pepe e iniciativas como a Irmandade Xurídica Galega, Irmandade da Sanidade Galega, Foro Peinador, Premios Peña Novo ou a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística son precisas para acompañar e dar novos espazos de prestixio á lingua comprometendo a profesionais ou empresarios nun activismo lingüístico tan necesario como inusual neses ámbitos.

Longa vida á nosa lingua e ventura para persoas coma Pepe que loitan para lla dar!

Alba Nogueira
*Profesora titular de Dereito Administrativo da USC*

## Admirado amigo

Souben de Xosé González Martínez a mediados dos anos sesenta, cando estaba entre os xóvenes que reunía o Padre Seixas, un galeguista e internacionalista a favor do ben. Daquela un grupo de demócratas nacionalistas déramoslle existencia á Asociación Cultural de Vigo, co propósito de adiantar nas cuestións sociais e culturais que afectaban á sociedade galega, co pensamento posto no fin da Ditadura. Naquel tempo emerxeran en Galiza entidades políticas, culturais e sindicais coas que partillábamos obxectivos semellantes. Nos actos públicos, principalmente conferencias que fumos celebrando participaban persoas que pertencendo a organizacións de ámbito estatal loitaban igualmente pola liberdade. Dalgunha forma, o principal da oposición na cidade tiña como centro a Asociación da rúa López de Neira.

Con unha madurez inhabitual para súa idade, Pepe non tardaría en estar na acción das organizacións políticas e sindicais emerxentes, chegando a asumir a dirección dunha das principais. Cando xa se albiscaba a desaparición do Ditador procurou sempre o entendimento das diversas formacións nacionalistas integradas no Consello de Forzas Políticas de Galiza que conducirían a proposta das Bases Constitucionais para un Pacto Federal. Desde 1976 non pudo defender internamente as posicións nas que tanto se empeñara. Mais mantería o seu carácter.

A división das forzas da esquerda nacionalista que se manifestaría desde 1977, resultando evidente que non triunfaría a ruptura política e institucional esperada, fixo que ao deba-

terse o recoñecimento de Galiza como nacionalidade sobre a base o Estatuto de Autonomía plebiscitado na República, nas grandes manifestacións que se produciron en toda Galiza se evidenciou unha nova división da esquerda nacionalista, uns estaría alí e outros non. A división revelaríase outra volta nas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galiza.

Nas eleccións de 1979 a esquerda nacionalista tivo un resultado notábel en importantes cidades e vilas, mesmo conseguindo a alcaldía da Coruña. Pepe, dono dunha intelixencia e dun trato humano excepcional, desde o seu traballo no Concello de Redondela, na Area Intermunicipal de Vigo, nos medios de comunicación ou en conferencias, na procura da normalización do uso do galego interpretou o que facer con unha singular lucidez. Se a lingua galega negada polo poder estatal e eclesiástico se mantivera vizosa durante cinco séculos na rica cultura agraria, mariñeira e artesanal, cando os activos dos sectores primarios debiron en minoritarios, neste momento non mais que o 7,5% do total, coidou que a acción principal para a lingua nacional de Galiza, sen ignorar a radical presenza do mundo rural, pasaba polo seu uso na industria, nos servizos e na administración pública.

Para conseguilo os obstáculos non están na povoación. Sábese que, malia todo, os que falan sempre en galego se achegan ao 45% da povoación –todos dominan o castelán e crecentemente outras linguas– e que os que din falar habitualmente en castelán, outro 45%, coñecen e usan o galego, achegándose ao 99% os que o comprenden. Unha realidade que responde á firmeza histórica da cultura propria e aos efectos do recoñecimento parcial do galego. Todo está suxeito á acción social e á existencia dun Governo que o asuma plenamente como língua nacional.

Conscientes desta realidade, Xosé González e os que o acompañan, déronlle vida a iniciativas como o Foro Peinador, para influir no uso do galego no mundo económico, tendo relación con unha chea de empresas; fomentando a súa aplicación na Administración de Xustiza; potenciando a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística; estabelecendo a Fundación Luis Peña Novo para premiar o uso do idioma; reunindo a múltiples adegas para etiquetar en galego as súas elegantes garrafas de viño; organizando os Encontros para a Normalización Lingüística na Mocidade; traballando co IGADI para mellorar a presenza no campo da cooperación internacional; impulsando a lingua nas Escolas de Negocios ou participando no Funergal, querendo a sua utilización nos cemiterios ou contribuindo a potenciala na mesma Administración autonómica. E ainda máis.

Sabendo por outra parte que a lingua que naceu aquí, co centro histórico en Santiago de Compostela, sumando as variedades galega, portuguesa, brasileira e outras, distintas e iguais como pasa coas do inglés, ten un especial carácter intercontinental. De facto utilizámola como aquí cando nos achegamos aos paises que as falan e xa o praticamos no Parlamento Europeu.

Esperemos que no momento preciso o noso admirado amigo chegue a ter altas responsabilidades nun Governo que responder a tal fortuna.

Camilo Nogueira
*Político*



## Galeguizar Galicia

De seguro que quen estea a iniciar a lectura deste texto caeu axiña na conta de que a epígrafe de encabezamento tomouse prestada do lema que serviu de paraugas a un dos proxectos máis ambiciosos e coñecidos que debemos a Xosé González Martínez. Este proxecto, coma tantos outros anteriores que o noso homenaxeado concibiu e emprendeu, mereceron o aplauso e o recoñecemento unánime, un feito nada común que atopa explicación, segundo o meu criterio, na inédita e optimista concepción de Galicia que emanaba en cada un deles.

Galicia é un suxeito dinámico e activo que, fosen cales fosen no pasado os ventos da historia, non pode deixar de renunciar, agora e no futuro, a ningunha aspiración, un proxecto colectivo ao que todos os galegos estamos chamados, a través da acción e do traballo.

Contrasta esta visión que chama á acción vigorosa co histórico discurso –recuente aínda hoxe– que adoitaba recrearse na mera descrición da realidade, no culturalismo contemplativo e no lamento improdutivo. Ademais, Xosé González Martínez fixo outra achega non menor: economía, cultura e lingua deben ir collidos da man neste camiño cara ao progreso e á prosperidade.

Estou seguro do alto grao de influencia que o discurso do Galeguismo histórico exerceu sobre el, pero teño para min que resulta evidente que, dun xeito ou doutro, Xosé González Martínez foi un dos pioneiros en ofrecer unha concepción holística e activa sobre en que ten que consistir ese proxecto común de todos os galegos e galegas que adoito denominamos “facer país”. Así é doado comprender por que para Xosé González Martínez facer país foi sempre sinónimo de práctica galeguista: porque entendeu que o galeguismo debe ser un universo en continuo movemento, no que teñan cabida todas as actividades e todas as aspiracións dos galegos e galegas de hoxe e do futuro. Impregnar de galeguismo todos os ámbitos sociais da Galicia moderna foi o seu persoal empeño. Galeguizar Galicia foi un dos seus lemas.

Para esta empresa, Xosé González Martínez valeuse do apostolado a modo de estratexia, pois comprendeu moi ben que os obxectivos procurados non terían cumprido fin se non conseguía concitar as adhesións e atraer para esta causa a aquelas persoas que, pola súa representatividade no mundo empresarial, xudicial, científico, asociativo ou da administración pública, podían resultar auténticos axentes de galeguización dentro dos seus respectivos ámbitos de actuación e influencia. Neste sentido, creo acertar se adscribo a Xosé González Martínez dentro da liña estratéxica que tan sabiamente levara a cabo Ramón Piñeiro, a gran figura do galeguismo da segunda metade do século XX. Coma el, Xosé González Martínez servirase das ferramentas da persuasión razoada e da sedución intelixente para incorporar ao seu proxecto a persoas e colectivos que actuasen como potentes catalizadores sociais.

Os froitos á vista están. Traballo inesgotable e intelixencia estratéxica haberían de dar como resultado un rico abano de logros galeguizadores nos máis diversos ámbitos da sociedade, logros asombrosos que son hoxe o motivo da admiración sincera de todas as persoas que fomos chamadas a compartir estas páxinas que se imprimen en honra e ben merecida homenaxe ao artífice deste milagre.

Alberto Núñez Feijóo
*Presidente da Xunta de Galicia*

## Xosé González:
## un galego comprometido coa súa terra

O outro día dicíame un amigo común, "xubílasenos Pepe". Eu pensei: seguro que Pepe nunca se vai xubilar de todo canto leva consigo o seu compromiso con Galicia. Se tivera que defini-la traxectoria de Pepe cunha soa palabra, esta sería sen dúbida "compromiso". Compromiso coa súa terra, coa súa cultura e coa súa lingua, ó longo de toda a súa vida.

En tempos moi difíciles e en plena xuventude, apostou polos dereitos e liberdades dos cidadáns, pola dignidade das galegas e galegos, sen reparar nos riscos que entrañaba para a súa propia liberdade. Case un rapaz, implícase na loita contra o franquismo a prol da democracia, dende unha posición de defensa da identidade galega e da súa autonomía política, entroncando cos precursores e galeguistas dos séculos XIX e XX.

Pero conseguida a democracia e a autonomía política, o noso homenaxeado foi consciente de que quedaba aínda un gran treito por percorrer: loitar contra os desatinos da historia, a marxinación e, incluso, a persecución da nosa lingua, ata poñela no lugar que lle corresponde como idioma oficial, no ámbito do ensino, dos medios de comunicación, das nosas letras e demais sectores da vida pública e empresarial de Galicia. En consecuencia, non decae no seu empeño. Lonxe diso, convértese nun dos máis activos promotores do uso da lingua galega en tódolos ámbitos, cunha especial incidencia nas administracións públicas e no poder xudicial, dando exemplo de que o amor a Galicia leva consigo o amor a nosa fala.

É neste intre cando eu coñezo a Pepe de Redondela, alá polo ano 1983, con ocasión da súa visita á Estrada para impulsa-la creación dun equipo de normalización lingüística no concello, equipo que máis tarde capitanearía con grande acerto Valentín García. Daquela, eu avogado en exercicio na Estrada, era xuíz do noso partido xudicial Daniel García Ramos, galeguista activo, comprometido e impulsor do uso do galego na Administración de Xustiza. Andando os anos, ámbolos dous, Pepe e Daniel, meus admirados amigos, impulsaron o primeiro convenio de colaboración para o emprego do galego na Xustiza. Isto converte ó Concello de Redondela en pioneiro por levar adiante esta iniciativa, traballando dende entón, cóbado con cóbado, a prol do galego e do seu uso en tódolos ámbitos, dende a filosofía de que o amor a Galicia e a súa lingua non é patrimonio exclusivo nin excluínte de ninguén, senón un sentimento compatible coas distintas afiliacións ideolóxicas no eido da acción política.

A súa inquedanza na promoción e dinamización do uso do galego no conxunto das administracións públicas lévao á creación da Fundación Lois Peña Novo e á organización dos premios co mesmo nome; un referente na promoción da normalización lingüística no eido das administracións. Co mesmo afán de promove-la incorporación progresiva da lingua galega o quefacer dos tribunais, da sanidade, e dos corpos e forzas de seguridade do Estado e policías locais, crea a Irmande Xurídica Galega e a Irmandade da Sanidade Galega, e promove múltiples actos e publicacións, entre as que destaca *Palabras de Lei, Con toda Seguridade, Contos da xustiza* e *Contos da Policía*. Crea a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, un referente na galeguización de moitos concellos galegos; e dende a Comisión de Lingua do Consello da Cultura Galega, en colaboración co Centro de Investigación Ramón Piñeiro, contribúe á elaboración e divulgación da terminoloxía xurídica e administrativa, asesorando tamén a Comisión de Lingua do Plan xeral de normalización da lingua galega, que foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004.

Pero o seu labor non se desenvolve só neste ámbito. Pola contra, promove e dirixe tamén unha serie de institucións no eido da sociedade civil, que perseguen o mesmo fin no conxunto da sociedade e nos sectores produtivos galegos, combinando a homenaxe a figuras senlleiras do galeguismo en tódolos ámbitos, coa súa proxección pública como exemplo cara a sociedade actual. Preside durante anos a Fundación Premios da Crítica de Galicia e, da súa man, nace e recibe impulso o Foro Enrique Peinador, en homenaxe a un empresario comprometido con Galicia. Promove tamén encontros empresariais en diversos puntos da xeografía galega co mesmo obxecto de impulsa-lo uso da nosa lingua nestes ámbitos, dando como froito múltiples convenios con empresas punteiras en diversos sectores, que apostaron pola galeguización e contribuíron á creación dun clima favorable ó uso da nosa lingua no mundo empresarial.

En definitiva, Pepe é un de eses homes ós que, en verbas da Real Academia Galega na súa declaración institucional do 2015, "nunca agradeceremos dabondo a xenerosidade, a fortaleza e a visión de futuro para rescatar o noso idioma da prostración e facelo popular en tódolos ámbitos da sociedade".

Moitos parabéns pola xubilación, que desexamos e agardamos che depare moitos momentos de xúbilo e de ledicia, na certeza de que Galicia, dende a gratitude, segue contando contigo.

Xesús Palmou Lorenzo
*Avogado*

En setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) e, froito desta normativa, unha das primeiras decisións do Goberno da Xunta de Galicia que tiven a honra de presidir, foi crear no seo da Secretaría Xeral de Política Lingüística a "Comisión Interdepartamental de Política Lingüística", que dependía directamente deste presidente.

O obxectivo principal desta comisión era o seguimento e impulso do PXNLG e, para levalo a cabo, pensei en incorporar aos traballos da mesma a dúas persoas independentes da militancia partidaria e de recoñecida solvencia no compromiso coa lingua. Dende o primeiro momento as persoas nas que pensei para solicitarlles que se incorporaran a aquel traballo, non foron outros que Xosé González Martínez, "Pepe de Redondela", e Hakan Casares.

Sempre lles estarei agradecido a ambos pola súa xenerosidade ao aceptar aquel reto cheo de dificultades polas circunstancias políticas e a natureza do mesmo.

Coido que é moi difícil atopar a alguén cuxa dilatada traxectoria profesional e vital se superpoña e identifique até a mimetización máis acaída coa defensa e promoción da nosa lingua coma é o caso de Xosé González Martínez. Da súa singular capacidade de xestión e emprendemento, agromou unha fértil multiplicidade de iniciativas para tecer a máis ampla rede transversal de complicidades e compromisos co uso do galego, nos máis diversos eidos económicos e sociais do país.

Coa idea de que a vitalización do galego demanda dunha protección preferente diante dos enganos do pretendido igualitarismo nun mundo de desiguais, a súa vida constitúe unha chamada á acción, unha renuncia á mesquindade e á inmadurez a prol da lingua, en beneficio da ampliación constante dos seus espazos de uso, xunto cunha lúcida e adiantada visión do seu potencial estratéxico e o seu valor como recurso, para o conxunto do país e a súa proxección no exterior.

Grazas é a palabra que mellor reflicte o que sinto e quero dicirlle a Xosé ao fío da súa merecida xubilación. Moitas grazas polo seu inmenso labor por Galicia. Mais estou certo de que a súa dedicación e compromiso coa normalización da lingua non chegan ao seu fin.

Coa súa traxectoria vital Xosé tennos demostrado que Galicia non é unha simple suma das súas individualidades, que a razón de Galicia está nesa gran creación colectiva, nesa obra común e compartida que é a nosa lingua.

Emilio Pérez Touriño
*Ex-Presidente da Xunta de Galicia*



## Realismo máxico

Alén dos nomes e dalgunha que outra referencia histórica, o resto é produto do pensamento libre que permite a literatura e das licenzas gratuítas que concede a imaxinación.

Corre o verán de 1972. É martes, día 2 de agosto. O curso académico en Santiago fora certamente intenso. Conversas, reunións, asembleas furtivas, conspiracións. Vertixe das primeiras accións clandestinas, contactos nocturnos, mensaxes cifradas, multicopistas, subversión. Siglas, UPG, ERGA, CCOO, PCE, Ferrol. Os primeiros mortos, David e Amador. De novo os conflitos do 68 coa policía, pero agora en solidariedade coa clase obreira. Manifestacións. Detencións. Comisarías. Interrogatorios. Represión. Algún que outro moquetón. E, cando quedaba tempo, algo de estudo e formación (...).

Acababa de rematar cuarto e todo corría demasiado á presa. Era tal a aceleración que o futuro inmediato movíase nun presente de permanente axitación. Necesitaba fuxir. Poñer terra de por medio. Un tempo, cando menos. Afastarse do mundo. De todo. Dos libros, da familia. Dos amigos da infancia. Dos compañeiros de Santiago. E, sobre todo, dos camaradas do partido...

Sentía unha imperiosa necesidade de, simplemente, desaparecer. Desaparecer e coller folgos. Frear o reloxo de contado (...) Alongar ata o infinito os minutos, as horas e os días para poder ollar con perspectiva. Saír fóra de si, a poder ser. Abstraerse, poñer o maxín a cero e cavilar. Sobre todo cavilar. Cavilar, profundamente e sen distorsións, en se loitar polo futuro do seu pobo pagaría tanto a pena e merecía tanto esforzo, tanto compromiso e tan perigosa dedicación.

O profesor Méndez Ferrín, o seu faro-guía intelectual e político, había pouco que saíra da cadea. Dous anos en El Dueso (Santander) por ter querido mudar conciencias contra a inanición. Dous anos de represión que lle deran azos para ver o mundo noutra dimensión. Reforzar os seus ideais nalgúns casos, é certo. Pero tamén para arroxar outros moitos por babor.

> *–Pepe, pensa..! A Galicia do futuro vai precisar de nós. Mellor dito, do mellor de nós.*

Pepe aínda non pasara por aquilo. E loxicamente non quería pasar. Pero vía que empezaba a non dar controlado aquel devalar en desvarío. Por iso precisaba afastarse e –tal como lle aconsellara Ferrín– pensar.

Tanto Ferrín coma Luís Soto faláranlle dun lugar que acabou elevando á categoría de mito: Tourém (para os portugueses). Ou Turei, para os do Val do Salas. E é que dende a simple dualidade toponímica, a aldea exerce de seu un feitizo engaiolante sobre calquera que a coñeza. Máis, se algunha vez lle foi descrita con palabras coma estas:

> *–Nomeo Tourém e quero proclamar o agarimo dos labregos do norte de Portugal, que padecían dende moitos anos a ditadura oliveirista. Tourém é un pobiño que tiña entón (verán do 36) corenta veciños e no intre no que eu*

*recalei nesa aldeíña había oitenta refuxiados galegos, todos sen un can e sen ter que comer (...)*

Palabras de Luís Soto, o mestre marxista, "A.T.E.O." e republicano que conseguira alí a chave da liberdade da man de Manuel Barros (*"o señor Barros era masón, mestre de escola naquela aldeíña e acollía a tódolos perseguidos"*), a quen faría o posible e o imposible por coñecer.

É martes, 2 de agosto. E pronto terá vagar para conseguilo.

Durmiu nunha fondiña da rúa Dr. Fléming, onde se concentraban todas as administracións de coches de liña da cidade. El non iría nun autobús regular, sen embargo, pois seica era feira en Calvos e entón podía chegar alí de mañanciña e aproveitar o día. Tiña só unha semana e intuía que o tempo non lle ían sobrar. Madrugou, pero non o fixo con preguiza.

Ás cinco da mañá, para chegar ás oito a Calvos. "Ferias y mercados. Empresa Los Americanos". Así rezaban, por diante e polos lados, os identificadores do estartelado autobús que o levou, facendo corda con zapateiros e afiadores, quincalleiros e tratantes. Unha Galicia de terra dentro á que non estaba tan afeito como estaba –iso si– ós oficios da mar.

O autobús deixouno en Calvos, o pé da feira. A primeira impresión, a do balbordo dende o outeiro, entroulle pola vista. Labregos con boina calada e aguillada. Tratantes con caxatas de mazaroca e escuros gardapós. Mulleres de rexas faces, ocultas polos panos negros e aínda así queimadas polo sol. Polbo na caldeira. E gando, moito gando. Vacas, becerros e bois. Algún cabalo que outro, unha nube de burros albardados e unha especie que nunca vira e que lle resultou simpática a cachón. Pequechas e feosqueiras, esas vacas en nada se parecen ás barrosas, de harmónicas faccións. Fociño chato e ollos saltóns. Pero sobre todo méntense con un pola dimensión dos cornos en forma de lira. Algúns chamábanlles piscas. Outros, cachenas. Pero iso saberíao despois.

A segunda gran impresión entroulle polo oído. Muxidos continuos de vacas e becerros famentos á procura do teto. Conversas en alta voz que conforman unha mestura estraña de diccións. Eran as falas da raia, que convivían malia ás prohibicións.

Loxicamente, alí non había hotel nin nada que se lle parecera. Pero si unha casa grande con fachendoso escudo de armas e tenda-taberna no patio na que alugaban habitacións.

Por precaución pediralle ó profesor de Dereito Civil un escrito de encargo dun traballo sobre os preitos nas sociedades fronteirizas e, aproveitando a recente construción do encoro do Salas, sobre as formas de negociación na compra-venda de terreos privados, montes comunais e outras terras de labor. Aquilo aportáballe algo de lóxica a súa presenza na zona. E abofé que lle había cumprir, pois a garda civil –coma o raposo a pita– non tardou nin dous días en "cheirar o lacón".

Pero o seu obxectivo era chegar a Tourém e, sen levantar sospeitas, coñecer ó Dr. Barros para, entre outras cousas, trasladarlle un abrazo fraternal do "irmán" Soto e contarlle que o seu esforzo hospitalario non fora en van, pois a loita por democratizar Galicia estaba de novo a comezar. E Luís Soto á fronte, coma un xeneral.

Sen prevelo, contou pronto cun inesperado aliado. O taberneiro de Calvos. Contrabandista –xa en desuso– de café e bacallau. Con boa relación no cuartel e amplos contactos na bisbarra, non tardou moito en dar coa familia do Dr. Barros e facerlle saber do interese daquel mozo polo coñecer.

Falaron moito do presente e do pasado. O futuro estaba por ser, así que non pagaba a pena perder o tempo con el. Non sabería explicar por qué, pero el e aquel home (entrado xa na sexta década, de xeneroso bandullo e permanente viseira, co lapis pendurado sempre sobre a orella dereita e de enérxica conversa, xa fose para falar de panos ou franelas) conxeniaran certamente ben.

*–Viñeches para coñecer estas terras ou estas fuxindo de alguén? Preguntoulle de vez o taberneiro, para que quedara claro que non era doado burlarse del.*

*–Afortunadamente aínda non teño razóns para fuxir. Houbo quen si se viu nesa disxuntiva, hai preto de trinta anos, e faloume tanto e tan ben desta terra e das súas xentes que dende que teño conciencia política sentín necesidade de vos coñecer.*

Así foi cómo enlearon o primeiro lazo dunha relación que ía para unha semana e acabaría durando un mes.

Da súa man entrou en Tourém coma se fose fillo dun retornado. Da súa voz escoitou relatos da raia e do planalto, que serían alta literatura se fose quen de trasladalas ó papel. Do seu fardel ripou o singular episodio do cardeal Quevedo e do seu exilio en Tourém, xa que Tourém era daquela unha rareza histórica que pertencía ó bispado de Ourense, polo que estando fóra do país podía seguir gobernando a súa "casa" sen que o puideran deter. En Tourém amosáronlle o socialismo pragmático, co monumental forno no centro como tótem da economía colaborativa que alí practican aínda de cando en vez. E loxicamente, na súa casa de Tourém foi recibido, con emoción inenarrable, polo señor Manuel Barros e toda a sabedoría que atesouraban setenta anos ó servizo do ser humano, sen pedir nunca nada a cambio de tanto ben.

Realmente, ir a algures de parte do señor Amaro –o taberneiro de Calvos– era como levar un salvoconduto de máis valía có pasaporte dun rei. En carro, da cabalo, en mula, en burro, nalgún Land Rover que outro, e mesmo a pé, andou por Maus de Salas, Requiás, Guntumil, Padroso, Lumear, Paradela..., e de camiño dunhas a outras contemplou cos seus propios ollos a irracionalidade social que con frecuencia xeran nas xentes humildes as políticas non apegadas á terra.

Eran tantas as lendas e tantas as narracións como aldeas había na revolta, polo que decidiron repartilas por xornadas. Cabaleiros medievais no castelo da Picoña, a carón de Vilar. Pilotos e soldados canadianos soterrados –e logo exhumados– no camposanto de Randín pola caída dun avión da Segunda Guerra Mundial. Loitas de honor entre bois, en

Montalegre e Pitões. Estatuas de sal inzadas sobre os corpos mortos dos contrabandistas na Corga do Folón... O señor Amaro era un saco sen fondo que semellaba gozar coma un neno ó ver os ollos do mozo coma pratos cada vez que empezaba a fabular....

... Ata que lle chegou a quenda a Meaus, Santiago e Rubiás.

*—Por certo. A que non sabías que aquí hai uns pobos que foron independentes durante moitos séculos?*

*—¿...? Indepen... qué!?*

*—Si. Independentes. Como cho conto. Os seus homes non servían a ningún rei, nin de España nin de Portugal. Os comerciantes non pagaban impostos, nin rendas. E mesmo había un camiño que aínda hoxe lle chaman "privilexiado", no que as autoridades españolas e portuguesas non podían aprehender ningunha mercancía. Quen nos dera que aínda hoxe fose así! Non si? Dis que todo xurdiu do castelo da Picoña. Pero eu non che sei moito máis. Bueno..., si! Seica lle chamaban "Couto Mixto".*

Pepe non saía do asombro. Case podería repetir de memoria "os dez puntos da Unión do Pobo Galego" (*"... decimos que Galicia é unha nacionalidade porque nela cúmprense tódalas condicións esixidas para que unha comunidade de homes constitúa unha nacionalidade. Somos unha unidade étnica, lingüística, cultural, xeográfica e económica. Somos, polo tanto, unha nación..."*) e resulta que unha parte –aínda que fose pequena e afastada- de Galicia gozou durante séculos do mesmo privilexio nacional cuxa procura a el lle tiña suposto xa –malia súa xuventude– tantos desvelos.

Ó día seguinte –sobráronlle horas á noite–, seguindo as recomendacións do señor Amaro partiu cara Rubiás. Quixo ir andando, coma se fose un peregrino ó alcance da patria prometida. Levaba no peto o nome do pedáneo da aldea e como única referencia a primeira casa do lugar.

*—Veño de parte do señor Amaro de Calvos. Faloume do Couto Mixto e díxome que se había alguén que me puidera ilustrar sobre a historia completa do lugar, ese era vostede. Non sabe ata qué punto me axudaría, se certamente tivera vagar e ma quixera contar!*

A cara de Pepe debeu desvelar tal ansiedade que o señor Román (pedáneo do lugar, mestre sen escola –coma tantos– gran contador de contos de lareira e cantor ó desafío) colleuno case da man e díxolle:

*—Acabas de pasar a carón de onde se tomaron as decisións máis transcendentais da historia da nosa estirpe. Vén, home vén! Que si que cha vou contar.*

Desandaron uns centos de pasos dende o seu casal ata o primeiro edificio de Rubiás e ó subir a escaleira de dobre chanzo e abrir unha das dúas portas que lle daban acceso ó derruído casal, de súpeto, coma quen lle abre a un as portas do paraíso, o señor Román comezoulle a relatar cargos executores dun sistema de organización social do que xamais escoitara falar. Faloulle do xuíz honorario, en quen recaía a responsabilidade da convivencia e da paz do lugar. Dos tres homes de acordo, os custodios da memoria dos antergos e representantes da voz colectiva dos veciños de Meaus, Santiago e Rubiás –os tres pobos do Couto– fronte ós posibles conflitos que puidera manter entre eles ou cos



pobos da bisbarra. Dos vigairos de mes, os executores das ordes do xuíz honorario, así como do xa coñecido camiño privilexiado. E, para rematar, da arca das tres chaves, onde estaba gardada e a bo recado a historia do lugar. Oitocentos anos, seica, dixo o señor Román que durou ese sistema de organización popular. Ata 1865. Coas súas luces e as súas sombras, loxicamente, coma as de calquera outro lugar.

Pero para aprender algo máis diso había que ir a Santiago e entrar na reitoral.

*—Non, home! A Santiago de Compostela, non. A Santiago de Rubiás.*

Cómo podía ser que ata había pouco máis dun século uns pobos galegos se organizasen de xeito democrático, se dotasen de poder executivo, poder lexislativo e poder xudicial propios e vivisen de xeito independente fronte a España e Portugal e iso non se estudase na Universidade e non o soubesen, non digamos xa as xentes do común, pero si, cando menos, os intelectuais! Por máis que lle daba voltas non o entendía... E aínda non vira todo. Aínda sería testemuño de algo máis.

Chegaron a Santiago de Rubiás e mesmo no adro da igrexa o señor Román amosoulle un banco de pedra que era, en realidade, a bancada onde se reunían os homes de acordo co xuíz para xestionar o día a día colectivo do lugar. E logo, xa no interior da igrexa, por tras do altar, nunha estancia pequechiña e abrancazada polo cal, unha arca de madeira cunha pechadura enorme ancorada por tres lugares a outros tantos ollos de pechadura, cuxas chaves estaban custodiadas por el e os outros dous homes de acordo de Santiago e de Meaus. De forma que se algún dos tres quería abrila, inexorablemente tiña que contar co beneplácito dos outros dous, garantindo así que ningún dos tres lugares se tivese, con respecto ós outros, a máis.

*—Vexo que estás devecendo por saber o que hai aquí dentro*

*—Máis ca devecendo, o que estou é fervendo. Pero xa imaxino que vostede só non mo vai poder ensinar.*

*—Pois non. Pero, se cadra, se volves mañá...*

Nunca nos vinte e dous anos de existencia, unha noite lle durou tanto coma aquela. E mira que tiña pasado unhas cantas de ronda e algaradas nos catro anos que xa levaba na "Facultad"...

Pero, como todo chega na vida, tamén o sol alumeou aquela mañá. E fíxoo con forza, ademais. Era o 15 de agosto. Día de festa, para máis señas, en Rubiás, polo que puido contar coa colaboración do señor Amaro, que estaba convidado á casa do señor Román. Foron na "Carolina", unha pequena e choutadiza furgoneta Citröen que o señor Amaro utilizaba para o reparto da mercancía que vendía na tenda-bar. Loxicamente, logo de ter escoitado ó Pepe, a el tamén lle entraran cóxegas no bandullo, que lle pedían saber máis.

Asistiron á procesión da virxe e logo da poxa por levala ata o altar, arrancaron cara Santiago, onde os estaba esperando o crego, don Romualdo, e se as cousas non se torcían, os pedáneos de Santiago e de Meaus.

Pero, torcéronse. Pois todo estaba saíndo tan ben enfiado que non podía ser auténtico e real.

O pedáneo de Meaus, un vello carpinteiro, mutilado de guerra na fronte de Asturias, que se sentía con máis dereitos ca ningún sobre a arca porque fora el o que a compuxera cando a atoparon completamente derramada ó restaurar o pé do altar, mandou recado de que el non lle ía ensinar os segredos dos seus antepasados a un comunista foráneo.

Resulta que despois de case dúas semanas por acá e por acolá, xa se correra coma un andazo estival que un estudante de Santiago andaba pola bisbarra a preguntar. E resulta que un sobriño do pedáneo de Meaus, que vivía en Xinzo e tamén estudaba en Santiago, seica sabía algo das "andanzas" subversivas do tal "Pepiño de Teis", que dis que era como lle chamaban en determinados ambientes composteláns.

Como compensación ó desgusto, o señor Román non puido máis ca amosarlle un libro de actas do pobo de Rubiás, en cuxas primeiras páxinas estaban relacionados os obxectos e documentos que os tres pedáneos custodiaban na arca:

*–O documento orixinal do privilexio concedido no século XII (completamente ilexible, agás as letras capitulares e algunhas palabras do título)*

*–Un anel que debeu pertencer a un dos señores do castelo da Picoña*

*–Un plano do Castelo e tódalas súas propiedades, alá polo século XV*

*–Un libro de rexistro dos montes comunais e outras propiedades colectivas do Couto Mixto*

*–Libros de contas anuais que aportan os tres lugares para o salario e o casal do xuíz honorario do Couto Mixto*

*–Un libriño de 48 páxinas, datado en 1907, no que se conta a historia do Couto*

O Pepe e o señor Amaro marcharon de alí máis amolados ca se lle deran uns paus.

Pepe regresou para Vigo sen saber ben se aquela fora unha viaxe ó realismo máxico de Macondo ou de Comala, no canto dunha viaxe ó seu interior, como nun principio pretendía. Fora como fora, o certo é que, ademais de reforzar a súa convicción de que o futuro de Galicia non sei vai conseguir só, senón que vai precisar –tal como lle dixera Ferrín– "de nós" –mellor dito, "do mellor de nós"–, tamén chegou á casa sabendo que nos seus adentros acababa de nacer un divulgador do Couto Mixto (...)

(...) Veu o outono e, xa co curso achegándose ó Nadal, unha tarde de cans na que o vento do obradoiro sopraba sobre a Berenguela coma o fol sobre a palleta e semellaba facela soar cunha musicalidade insólita, andando á procura dun libro na biblioteca do reitorado, titulado *El derecho consuetudinario de Galicia*, dun tal Manuel Lezón, os dedos quedáronselle como apegados a un libriño encadernado en coiro coas letras medio borradas no lombo pero nas que intuíu ver algo así como ".... Coto Mixto".

O corazón deulle un chimpo e ó abrir a lapela empezou a ler: "Interesante historieta del Coto Mixto con una digresión político-social-religiosa. Por Delfín Modesto Brandón. Exjuez civil y gubernativo de dicho Coto. La Coruña.



Imprenta de Tierra Gallega. San Andrés, 153. Teléfono 124 (1907)".

Agora si que non lle tiña que lle envexar nada a ninguén. Nin sequera ó García Márquez de *Cien años de soledad* nin ó Juan Rulfo de *Pedro Páramo*, porque, coma os escritores hispanos, el acababa de ter o privilexio de sentir o indescriptible pracer que daba tocar cos seus propios dedos a electrizante emoción do realismo máxico. E non a tivera que esculcar nas augas profundas da literatura. Simplemente procurou un horizonte e logo non fixo máis ca deixarse levar.

Antonio Piñeiro
*Escritor*

## Teis un barrio obreiro e singular nos anos 1960-70. O barrio de Xosé González

Teis, un barrio periférico de Vigo, é a porta de entrada polo norte á urbe olívica. Tiña un fielato nos Caños para controlar e cobrar as mercadorías que entraban; unha rúa principal que atravesa o barrio, Sanjurjo Badía pola que igual pasaban os tranvías dos Caños ou Chapela como o carro de bois do Sr. José; había o cine Roxy e ó lado o bar Noia, unha verdadeira escola da sabedoría e vivencias populares; un pouco máis abaixo xogabamos ó fútbol no campo de recreo do colexio público do barrio das Flores e os domingos deixábannos entrar nas instalacións do colexio dos Xesuítas, os de dentro para os ricos e os de fóra para os pobres. Tiña tamén dúas praias: a da Punta, camiño do miradoiro do monte da Guía, ó lado da base militar da ETEA , onde apañabamos os berberechos a caldeiros; e outra, mais rochosa pero máis preto, a de Manquiña e a Lagoa en Espiñeiro, pasando o barrio de Vichita e a factoría Vulcano.

Teis era esencialmente un barrio obreiro cun importante sector naval: Vulcano en Guixar e Yarza en Ríos. Tiña pequenos talleres de ribeira, empresas da construción, obra civil e serradoiros como Rodolfo Lamas, almacéns de loxística como Campsa-petróleo e Reace-Aceites en Guixar, talleres mecánicos e guindastres como Doniz, fábricas de pensos e derivados do peixe, pequenos talleres artesáns e de ebanistería, etc. Este potencial industrial convive con restos moi importantes dunha economía agraria de subsistencia: leiras de millo, patacas, verduras, etc. Tamén había un residual sector mariñeiro e un emerxente pequeno co-

mercio e sector servizos: bares, tascas, pensións, tendas, taxis, etc. Este é o barrio onde medrou Pepiño.

**Xosé González Martínez. "Pepiño" de Teis (1965-75)**

Coñecín a Pepiño a mediados dos anos 60 no popular e singular barrio de Teis, onde viviamos. O meu irmán e mais eu chegaramos ó barrio no ano 59. Viñamos da aldea cos meus pais. Rexentabamos un bar e unha pensión.

Non coincidimos na etapa dos xogos xuvenís: do fútbol, do trompo ou das bolas porque Guixar e o Toural, sendo os dous de Teis, funcionabamos cada quen na súa cuadrilla. Tampouco nos estudos, porque nós non puidemos ir ó instituto até os últimos anos de bacharelato xa que tiñamos que botar unha man no negocio familiar.

O primeiro encontro con Pepiño debeu ser, se non lembro mal, nunha asociación que os Xesuítas tiñan no barrio das Flores. Alí estaba a mocidade máis variada de Teis. Había un grupo de seareiros da montaña, un sector clásico e conservador e un grupo de mozos (non recordo ningunha moza) máis ou menos concienciado socialmente, que queríamos promover debates e espallar a cultura polo barrio. Lémbrome de Alonso Riveiro, Pepiño, os irmáns Santamaría, os irmáns Collazo, nós (os irmáns Reboiras), Xaquín "o Loiro", entre outros.

Pepiño era un dos mais activos. Lémbroo sempre ben vestido, moitas veces con traxe e garabata, peiteado sempre impecablemente e falaba o castelán máis correcto do barrio. Nós eramos galegofalantes por procedencia, pois chegaramos a Teis con nove e dez anos, e xa aprenderamos a superar o complexo de inferioridade (aldeáns e paletos) e falabamos o chapurreado de Teis como a maioría. Un día pregunteille a Pepiño por qué non falaba galego e a resposta foi algo así: "estou aprendendo e cando o fale ben, falareino". Pepiño estudaba no instituto das Travesas e Alonso Riveiro, na universidade laboral de Xixón.

Despois daquel ano de convivencia en Teis, o meu irmán Xosé Ramón foi a estudar tamén ó instituto (eu iría un ano despois). Aquela experiencia inicial convertese nun novo compromiso orientado, por unha banda, a apoiar a liturxia en galego e as ideas da teoloxía da liberación que traía o Padre Seixas; e, por outra, da man de Méndez Ferrín, o noso profesor e principal referente, a investigar e estudar a problemática da nosa lingua, a nosa historia e cultura que non aparecían nos currículos oficiais.

O Padre Seixas e o seu contorno (os irmáns del Riego, os Alvarez Blázquez, Xaime Illa, entre outros), ofrécennos a Biblioteca Penzol como base loxística do grupo O Castro, onde nos xuntabamos a mocidade que viñamos de Teis con outros mozos doutros barrios de Vigo, onde xa había participación dalgunhas mozas (Ana Míguez entre elas) para organizar actividades e formar grupos de traballo. Por mediación de Seixas conseguimos as chaves do castelo de Soutomaior, totalmente en ruínas e abandonado. Alá íamos os domingos a investigar sobre as loitas irmandiñas e o mundo feudal, a estudar os aspectos socio-económicos, lingüísticos e culturais da zona, creando un viveiro de rapaces con preocupación social e traballo colaborativo a prol do galego e de Galicia. Ó tempo, Pepiño e o meu irmán, comezan a promover paralelamente seminarios de formación política na Penzol, na Asociación Cultural de Vigo e nos montes próximos.



Os nosos referentes políticos e culturais, que se movían ó redor da AC de Vigo, eran Méndez Ferrín (que estaba controlado pola policía pola súa vinculación coa UPG), Camilo Nogueira, os irmáns Facal de Galicia Socialista e outros persoeiros vinculados coa democracia cristiá e co socialismo. Por outra banda Riveiro e os irmáns Collazo desenvolven unha intensa actividade no mundo obreiro, intentando orientar a deriva política do eurocomunismo e sindical de CCOO na procura de novos camiños.

Pepiño deixa os estudos moi cedo e comeza axiña a traballar, mentres os demais facemos estudos superiores nas escolas técnicas de enxeñería ou na universidade. Aínda que deixa os estudos académicos, a súa formación non cesa. Na súa casa de Guixar había un caseto anexo que o converteu no seu despacho-biblioteca, da que era moi celoso, onde acumulaba a mellor bibliografía que naqueles intres se podía ter sobre marxismo e cultura galega. Moitos daqueles libros proceden de alén do Atlántico: México, Venezuela, Cuba ou Arxentina.

O tándem, Pepiño-Pepe Reboiras, por proximidade, vivencias e compromiso (polo menos nesta primeira fase) funciona moi ben. A partir dos anos 70, cando os dous tiñan vinte anos, van ter que responsabilizarse de reformular e redefinir o papel da organización (UPG) no nacionalismo e na sociedade, promover alianzas tácticas e estratéxicas con amplos sectores populares, formalizar o funcionamento dunha organización pouco numerosa e pouco efectiva, formar cadros e militantes activos e atraer a simpatizantes e colaboradores para á causa nacionalista, argumentando e obrigando ós demais partidos da esquerda a poñer en valor a nosa lingua e cultura. Dicíase daquela, seguindo o exemplo dunha caricatura de Castelao: "aquí ninguén sobra, todos somos necesarios". Cada quen no seu sitio, segundo as súas posibilidades e compromisos para construír unha Galicia ceibe e socialista. Traballar na clandestinidade naqueles anos do franquismo era moi arriscado pero era a única maneira de facer política e concienciar á xente. Aínda que supoña simplificar moito, vou relatar algunhas decisións que fixeron que aqueles mozos, reitero que de pouco máis de vinte anos, tiveron que asumir:

No 71, o tándem Pepiño-Pepe, teñen que neutralizar o intento liquidacionista dun estudante galego en Madrid (Pepiño Torre), con dobre militancia, que vendo o activismo da UPG quere convertela nun satélite doutro partido. O tándem ten que asumir moitas e novas responsabilidades.

No 72 son as grandes mobilizacións do naval en Ferrol e Vigo e de Citröen. A UPG sae reforzada destes sucesos e integra novas forzas obreiras na súa estrutura que supón a presenza do nacionalismo no movemento obreiro e sindical. O tándem ten un gran protagonismo nesta consolidación e reforzamento.

No 73 teñen que evitar outro intento de desviacionismo foquista provocado por un dirixente político recentemente chegado de América, que dirixe unha célula estudantil moi activa en Compostela. Teñen que poñer orde no sector, orientar á actividade política e consolidar as organizacións de masas.

No 74, prodúcese o derrocamento da ditadura en Portugal. O 25 de Abril abre novos camiños pero tamén novos retos

para fortalecer a loxística e a actividade política contra a ditadura desde o outro lado do Miño.

No 75 asasinan a Moncho (Xosé Ramón Reboiras) e tres meses despois morre o ditador, quedando Pepiño e outros cadros políticos coa tarefa de resistir as fortes arremetidas das hordas do réxime, recompoñerse e posicionarse nos novos desafíos que a transición política impuxo.

Pepiño e os seus coetáneos na militancia foron quen de poñer o nacionalismo galego no mapa e a Galicia no cerne do debate político. Xosé González Martínez foi unha persoa moi activa que asumiu moitas responsabilidades naqueles anos duros da loita clandestina. Aínda que posiblemente se cometeran erros no camiño, Pepiño foi un símbolo e un referente importante do nacionalismo galego dos anos 70.

Sirva esta reflexión sobre a memoria daquel período histórico como homenaxe a Xosé González e a aqueles mozos que puxeron a súa mocidade ó servizo da causa nacionalista e contra a ditadura.

Manuel Reboiras
*Enxeñeiro técnico industrial*







30/04/2010. Encontro con empresarios no Pazo de Lestrove



23/11/2010. En Mondariz Balneario. Asistentes a Xornada sobre Patrimonio cultural de Galicia organizada pola Fundación Lois Peña Novo





23/10/2010. Andaina cos amigos polo Courel




30/06/2011. Nos Premios Peña Novo, en Soutomaior



29/12/2010. No Pazo de Esposende-Ribadavia, con Clodio González na presentación do libro *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República* de X.M. Cid



20/12/2010. Entrevistándoo para TVG en Lugo, no acto de conmemoración do 85º aniversario do I Congreso de Economía de Galicia de 1925




20/12/2010. Placa colocada en Lugo con motivo do acto de conmemoración do 85º aniversario do I Congreso de Economía de Galicia



16/04/2011. Xantar cos amigos na Quinta do Ramo en Tomiño





15/05/2011. En Ponteceso con Neira Vilas



15/05/2011. Recollendo o premio "Bos e Xenerosos" xunto con Alonso Montero e Antía Cal en Ponteceso



29/06/2011. En Pontevedra na descuberta do busto a Fermín Bouza Brey, con Carme Vaquero, Benito Montero, Carlos Varela, Xosé Xoán Barreiro Prado, alcalde de Pontevedra, concelleiro de Cultura de Pontevedra, Anxo Lorenzo. Detrás Xoaquín Monteagudo e fillos de Bouza Brey



9/07/2011. No Couto Mixto no adro da igrexa de Santiago de Rubiás cos novos xuíces honorarios



17/11/2011. Descubrindo placa conmemorativa a Manuel Gómez Román na Casa Mülder de Vigo, con Carlos Varela



Xuño de 2012. V Asemblea da Irmandade Xurídica Galega na Coruña



28/09/2012. Encontro do Foro Peinador con empresarios no Pazo de Lestrove coa asistencia do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo e, o conselleiro de cultura Xesús Vázquez Abad





3/12/2013. Na inauguración da placa no lugar onde naceu Luís Soto, no concello de A Bola, con Xurxo Martínez González, Ferrín, tenente alcalde e concelleira do concello e Celia Inés e Sara Soto



28/10/2014. Día da Galeguidade Empresarial no Parlamento de Galicia coa presidenta do Parlamento, conselleiro de Cultura e Alonso Montero



28/10/2014. Empresarios, autoridades e público asistente ao acto do Día da Galeguidade Empresarial no Parlamento de Galicia



12/04/2014. Acto do Foro Peinador con empresarios e académicos da Real Academia Galega en Mondariz-Balneario


12/04/2014. Foto de familia dos asistentes ao acto do Foro Peinador con empresarios e membros da R.A.G. diante da escultura a Enrique Peinador Lines nos xardíns do Balneario de Mondariz




15/01/2015. Na Aula Magna da Facultade de Químicas en Compostela, no acto do Día da Galeguidade Empresarial conmemorativo da figura de Parga Pondal


10/06/2015. Encontro con empresarios no Pazo de Lestrove coa asistencia do conselleiro de Cultura Román Rodríguez e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística



10/10/2015. Foto de familia da IV Asemblea da Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros en Santo André-Ribadavia, coa asistencia do conselleiro de Cultura, Román Rodríguez e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística



25/03/2015. Foto de familia V Asemblea Irmandade da Sanidade Galega en Ourense no Paraninfo do Instituto Otero Pedrayo





5/05/2016. Descuberta do busto de Enrique Peinador Lines na Facultade de Empresariais de Vigo, co alcalde de Mondariz-Balneario, José Molares (escultor), Presidenta Deputación de Pontevedra, Alcalde de Vigo e Valentín García Gómez, secretario xeral de P. Lingüística



6/6/2016. Colocación da *Pedra das Palabras* na Xunqueira de Redondela en homenaxe a Xosé Luís Franco Grande, con Valentín García Gómez, Elena Barciela, Carme Vaquero, Alonso Montero e concelleiro de cultura do concello de Redondela



30/06/2016. Na XXII edición dos premios Peña Novo no Castelo de Soutomaior




2/12/2016. Descuberta da placa a Pepe Velo en Vigo, con Valentín García Gómez, sobriños de Pepe Velo, Carme Vaquero, Carlos Varela e Sara Soto



27/02/2017. No seu derradeiro despacho no Concello de Redondela, con Xurxo Martínez González, seu continuador no SNL



23/01/2016. Recollendo o Premio da Cultura Galega á Irmandade Xurídica Galega no Museo Gaiás, na cidade da Cultura en Compostela, con Xoaquín e Maruxa Monteagudo, Carme Vaquero, Xosé A. Gómez Segade, Dalila Dopazo, Consuelo Castro, Luís Villares Naveira e Sandra Piñeiro Vilas



## D. Xosé González: líder na base

Preténdese, con este breve escrito, dar unha opinión/valoración sobre a importancia desta persoa, así como establecer a necesidade de persoeiros co perfil de D. Xosé no eido da construción de Galicia e, máis especificamente, no eido da promoción da nosa lingua. Para facer esa "visualización", parece necesario referirnos ao coñecemento da persoa e do seu traballo.

*I. As imaxes da persoa*

a) Primeiras noticias

Na efervescencia política do ano 1976 cheguei de volta a Galicia. Era o último trimestre do ano e primeiro do curso académico, deixaba con pena un Instituto recén conseguido en Guijuelo (Salamanca), para incorporarme a un novo Instituto en Lugo: aínda se lle denominaba como Mixto nº 1 (hoxe Xoán Montes). Este centro –como a maioría naquel tempo– era un fervedoiro de política e de innovación pedagóxica. Este instituto estaba ademais magnificamente dirixido por un dos insignes profesores de literatura que exerceron en Lugo: D. Luís Alonso Girgado. Tamén traballaban alí xoves profesionais que despois foron ben coñecidos en Lugo e Galicia como. D Xosé López Orozco, D. Ignacio Pardo Pedrosa, Da María Ánxeles Rodríguez Fontela, D. Emilio Facal, Da. Teresa Liz, D. Emilio de Gregorio, etc.

Como dicía, dábase a feliz circunstancia que nos outros institutos tamén había un grande ambiente intelectual, e uns excelentes equipos directivos: no Instituto Feminino (hoxe A Nosa Señora dos Ollos Grandes) dirixíao un gran latinista: D. Nicolás Vázquez Varela, e era Secretario D. Epifanio Ramos de Castro. O Instituto Masculino (hoxe Lucus Augusti) estaba dirixido polo coñecido filólogo galeguista D. Amable Veiga

Neste "retorno" volvín a atopar compañeiros e amigos de estudo da Universidade de Salamanca. Foi especial o poder estar ao carón do profesor Ramón Regueira que tiñamos estudado xuntos na cidade do Tormes e, por outra banda, xa tiñamos contactado de novo "grazas" as oposicións que nos tiñan xuntado en Madrid. Este compañeiro/irmán introduciume nos círculos galeguistas, en especial no grupo do P.S.G (naquel tempo liderado –entre outros– por D. Xosé Manuel Beiras). Un día, alguén falou dun xove líder da UPG que era coñecido co nome de Pepiño de Teis. Esa persoa (non recordo quen) afirmou dese dirixente:

> *–É unha xoia de dirixente e aínda unha mellor persoa.*
> *Outro da reunión comentou: Un "merlo branco", ou?*
> *A punto de iniciarse un "rife-rafe", Xosé Manuel cortou:*
> *–Esa persoa chámase Xosé González –¡deixémonos de diminutivos despectivos!– é un magnífico dirixente e, por certo, mellor persoa.*

Esta foi a primeira noticia que tiven de D. Xosé. Despois, no Instituto, Manolo Domínguez que proviña de Vigo (profesor de Física e Química) xa me falou de vagar sobre aquel xove dirixente.

b) Axente de normalización lingüística

Os anos seguintes, foron unha época de cambios de destino dos compañeiros/amigos de Lugo: Ramón Regueira

trasladouse a Pontevedra, Ramón López Vázquez e Manuel Rivas a Santiago. Estes cambios non afectaron ao núcleo do grupo de traballo que continuamos coa laboura de crear materiais para o ensino da Filosofía e a difusión da propia filosofía en lingua galega. Os froitos visibles daquel traballo foron: os libros de texto (*Introdución á Filosofía*, Galaxia 1979 e *Historia da Filosofía*, 1980, tamén publicada en Galaxia); daquel grupo saíron tamén os inicios das actividades do Seminario de Filosofía Interinstitutos de Lugo (hoxe Grupo Doxa) e da Aula Castelao en Pontevedra.

Nunha xuntanza de Galaxia, Bieito Ledo falou dun empregado no Concello de Redondela (Xosé González) que estaba a "promocionar", con éxito crecente, a lingua galega en diferentes concellos. Aquel nome tróuxome á memoria a aquel xove líder do que tiña oído dicir que caera en "desgraza" no seu partido, e tiña sido apartado da dirección. Por iso preguntei:

> *–E qué foi daquel outro que se chamaba tamén Xosé González?*

Non tiven resposta. Ata que Bieito dixo:

> *–É a mesma persoa que "Pepe de Teis", que será por quen preguntas, non?*
> *–Pois si.*
> *–Pero, onde vives que non te enteras?*

Alguén bromeou (creo que D. Ramón): a Lugo hai noticias que non chegan. Son da U; pero da U.C.D.

c) Un fecundo normalizador e magnífico incentivador

A partir de 1981 (creación do Premio Blanco Amor) as noticias sobre Xosé González eran constantes, e cada vez mellores: empezando pola creación da AFNLG (Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia), pasando polo Manifesto dos Alcaldes a prol da Normalización nas administracións locais, así como a sinatura da Declaración do Hostal para a promoción do galego como lingua vehicular nas administracións locais. Finalmente coñecín persoalmente a D. Xosé González. Foi uns días antes da presentación, no Tribunal Superior de Galicia, da versión galega dos Códigos Civil e Penal.

Era o último trimestre de 1989. O compañeiro Xosé Sánchez Puga foi quen fixo a presentación. A partir de entón iniciamos once anos de intensa colaboración: cursos, xornadas de traballo, publicacións, creación de Servizos de Normalización Lingüística, Premios da Crítica...Todo isto manifestoume a grandeza e firmeza de ideais dunha persoa extraordinaria.

d) Percepción desde a lonxanía

No verán do ano 2000 –por circunstancias político-administrativas– quedou adiada a relación e, polo que parece, rota a colaboración. Cousa, por outra parte lóxica, porque entre a Administración local e a filosofía non hai moita conexión.

Non obstante o dito, puiden ter un percepción serea da amplitude e importancia do traballo desenvolvido polo noso protagonista. Por isto, atrévome a escribir sobre a valoración propia deste admirado persoeiro.



*II. As tres facianas do persoeiro*

Despois de narrar o periplo do coñecemento/trato de Pepe de Redondela (parece que así lle chaman agora), xa se pode deducir cales son os alicerces básicos do curso no quefacer desta persoa: activista, líder e referente social.

a) Activista. É unha constante que parece acompañar a D. Xosé en toda a súa vida pública. Así semella porque unha das definicións de activista –di así: *activista social é aquela persoa que ten a capacidade de detectar necesidades sociais, organizar grupos e procesos para procurar solucións a esas necesidades, e así mellorar a convivencia*.

Non resulta difícil concordar que a promoción da lingua galega e unha das tarefas importantes para a nosa sociedade, así como a Administración local, o dereito e o mundo da xustiza son importantes para a nosa convivencia. Nestes eidos o noso persoeiro ten un papel sobranceiro.

b) Líder. Esta parece a faciana máis coñecida e visible de Xosé González, porque certamente posúe *unha capacidade superior de influencia nos demais* (definición máis xeral e coñecida de líder). Resulta que –segundo a miña visión– nesta característica é onde se ten producido a grande metánoia na vida do persoeiro. É agora ben coñecido que foi seis anos líder dun partido político, e foino nunha idade ben temperá, circunstancia que "marca" moito a unha persoa. Ser líder ese tempo e ben xove confírelle a unha persoa un liderádego *por posición na organización e por xerencia de procesos sociais*. Estas formas de exercer o "mando" crea automatismos moi difíciles de "deixar a un lado". Pois ben, Xosé pasou de exercer o liderádego "por escalafón" a ser un líder máis forte por persuasión e exemplaridade; é dicir, pasou a ser un líder na base con grande influencia por persuasión, iniciativa e consenso.

Os estudosos deste tema do liderádego propoñen unha proba para saber se unha persoa é un *verdadeiro líder ou non*, xa que, como queda dito, hai outras formas de liderádego (de mando) que veñen dadas por circunstancias que ás veces non conlevan unha característica persoal na que realmente inflúa, senón que algo sobrevido polo posto asignado. Por exemplo, un liderádego por escalafón administrativo, empresarial ou económico herdado... A proba á que se refiren os teóricos consiste en *constatar a capacidade persoal de influencia dun líder sen que os seguidores non esperen "compensacións constatables"* (prestixio, economía...). Creo que tal proba pasouna sobradamente o empregado do Concello de Redondela. De seguir as súas iniciativas ninguén, que eu saiba, esperaba ese tipo de compensacións; máis ben o contrario, eran esperables censuras, descalificacións e mesmo cesamentos. Sen embargo, moita xente temos seguido as súas iniciativas e apoiado os seus proxectos. Alguén poderá dicir:

> –Así vós foi!

Velaí a proba deste liderádego de base.

c) Referente social. Unha traxectoria vital que conta con un elenco tan impresionante de actividades, e cuns liderádegos contrastados, é normal, que a persoa portadora desas capacidades e méritos, sexa considerado como referente social.

A palabra *referente* ten dous usos principais na ciencia: un lingüístico e outro sociolóxico.

–No uso da lingüística dise dun termo que fai relación a outra realidade que amplía. No noso caso a persoa (Xosé) relaciónase co status de prevalencia que se lle atribúe (entre quen o coñece).

–Na socioloxía un referente é aquela persoa que polas circunstancias especiais e sobresaíntes que a adornan preséntase como modelo de comportamento. Por esa exemplaridade a persoa referencial faise digna de ser seguida como un guía fiable.

*III. Conclusións*

–As actividades a prol da lingua felizmente seguen a ser incentivadas, continuadas e ampliadas. Non faltan persoas que con meritoria dedicación traballan en diferentes eidos e novos campos. Cónstanos a vixencia do exemplo de D. Xosé González.

–Desde diversos organismos oficiais, nomeadamente da secretaría xeral de Política Lingüística, ábrense novas iniciativas, por exemplo no eido informático e de internet, nos sectores económicos e empresariais... Para que as iniciativas consoliden, parece conveniente "aloumiñar" a líderes de base como está a ser Pepe.

–Finalmente, pedirlle a D. Xosé González que non deixe o seu importante labor, xa que xubilarse non é o mesmo que retirarse.

Manuel Regueiro Tenreiro
*Ex-Director Xeral de Política Lingüística*

Coñecín a Xosé González Martínez hai uns quince anos. Unha tarde outoniza e húmida en que un grupo numeroso de xente arribou a Celanova procedente de Vigo. Querían coñecer a vila, o seu mosteiro e a capela mozárabe do san Miguel, e a min tocoume guialos.

Viñan tantos que alugaran un autobús. E alí estaba unha morea de xente afamada e capacitada pero que eu non coñecía persoalmente, como Xesús Ferro Ruibal, Andrés Torres Queiruga, Paulino Novo, Carlos Casares, os irmáns Xosé María e Xoán Fonseca, Carlos Varela, Bieito Ledo, Luís García Mañá, o pintor Pulido, Modesto Hermida, Manolo González, e tamén as súas compañeiras. Logo propuxéronme pasar a fin de semana con eles, e alá marchamos a santa Comba de Bande e as terras do parque natural do Xurés, baixo unha enxurrada do ceo que ameazaba con afogarnos a todos.

Hoxe de todo aquilo xa pouco queda, porque a vida vainos levando por camiños inescrutables. Aínda así non podo esquecer que Pepiño foi, como non, o argallante daquela viaxe iniciática, igual que de tantas outras cousas que me tocou compartir con el durante tantos anos. É evidente que, se non fora polas teimas e a paixón que mete en todo e a todos os que o rodean, eu nunca prepararía unha obra de teatro nin unhas cantigas para o Couto Mixto, nin tampouco escribir unha biografía de Curros Enríquez e outra de Arturo Noguerol, ou deseñar un roteiro *currosiano* en Celanova, ou organizar e facerme responsable dun curso oficial de cata de viños para o Álvaro das Casas. Que cousas! Claro que, coñecendo a Pepe como o coñecemos, nada nos debe estrañar.



Pasei moitas horas de feliz e animada conversa con el, con este home admirable de prodixiosa memoria, tan ben ordenada a súa cachola que eu abraiaba porque era capaz non só de dicirche quen estaba naquela comida, onde fora e do que falaran hai vinte ou trinta anos, se non incluso que comeran e que beberan!

Non vou falar dos méritos que concorren neste funcionario do Concello de Redondela que agora se xubila porque, nin é o lugar nin me corresponde a min. Somentes quero deixar constancia do meu agradecemento a esta persoa extraordinaria por me dar acubillo nunha comunidade de tanto prestixio e tanta *autoritas*, que non *potestas*, como el acostuma puntualizar.

Saúde e cante o merlo!

Xosé Benito Reza Rodríguez
*Enxeñeiro de montes e escritor*

## Homenaxe a Pepe de Redondela

Hai anos que coñezo a este home tolo pola nosa Galicia, pola cultura, historia e lingua do pobo galego. Unha lingua que utilizou como esencia e ánimo do noso ser espacial e existencial. A lingua das vivencias das xentes que usaban, en séculos pasados, como medio de expresión. A lingua dos nosos antergos do Rexurdimento, como Rosalía de Castro ou Pondal, pero tamén a lingua da música popular do pobo rural, a lingua de dicionarios e gramáticas que estudaron cientificamente a liñaxe expresiva.

A política lingüística cambiou de rumbo e abriuse á posibilidade de que outros e outras galegas se animasen a utilizar a lingua noutras obras artísticas e medios de comunicación (escritos e radiofónicos).

Hai que lembrar hoxe a Xosé González Martínez, un dos máis profundos e sobranceiros na defensa da lingua galega despois da implantación do sistema político-cultural, o sistema democrático da España moderna tras finar a ditadura do franquismo. Galicia formou parte das conversacións para crear a democracia española, conquerindo a fórmula política que coidaba necesaria para si. Non penso salientar as cualidades do pobo galego pero entre elas está unha idea esencial da conservación da nosa linguaxe, principio do noso interese coa que se formulaba o espírito do noso sentimento, elemento esencial do noso ser histórico e diferenciador dos diferentes pobos de España.

Non escribirei das políticas, nin os títulos que mostran a súa vida persoal, que ten moitos –é o meu colega na posesión

da Medalla Castelao–. O que pretendo nestas catro liñas é mostar a súa capacidade en defensa da nosa lingua galega que espallou en moitas áreas de uso, como lingua oficial da nosa ben querida terra. Quen queira que teña a boa intención de saber o que este home divulgou na defensa e uso da nosa lingua, pode pescudalo nas publicacións que escribiu, charlas e conferencias sobor deste tema.

Tiven a máxima oportunidade de ser Alcalde de Redondela e como tal houbo moitas oportunidades de ser amigos profesionais, sendo Pepe funcionario responsable do Servizo de Normalización Lingüística do concello de Redondela. Falamos de moitas tarefas para o uso oficial do galego dende a Lei 3/1983. Esta era a miña lingua vileña, pero tiña moito que ser para min esta expresión da lingua dos meus pais, amigos, familiares e compañeiros profesionais das pesquisas intelectuais da miña profesión.

No ano 1957 semella que comenzou o concurso dos Maios en Redondela. Foron diferentes os que se presentaban na Praza da Constitución, nos que a lingua era un elemento importante como raíz do espírito e vivencia do pobo de Redondela e a súa bisbarra. Pepe coidou que servía como manantial lingüístico, pouco curado. Dedicouse a conservalos e corrixir o que non era prudente. Sendo eu Alcalde, Pepe pensou que se debía mellorar a letra e as expresións principais, dándolle un sentido ós poemas cun carácter máis literario, para que non fosen chapuceiros. Isto demostra que Pepe tiña un fondo senso lingüístico do noso falar e medio de expresión artístico.

Outra das mostras profesionais deste defensor do uso do galego é que estivo metido en todas as xuntanzas oficiais do desenrolo e utilización do novo sistema creado polas leis da nova democracia, tirando dos Alcaldes que pretendían o uso da lingua galega en moitos aspectos do seu vivir diario.

Termino estas liñas para mostrar, como Alcalde de Redondela que fun, o meu persoal e oficial agradecemento. Ademáis lembro que o Pleno do Concello, en sesión do día 31 de xullo, aprobou a Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Redondela, escrita en dez capítulos polo funcionario Xosé González Martínez. Este documento foi firmado o 22 de setembro de 1996 polo Alcalde, Amado Ricón Virulegio.

Esperamos que este tributo sinxelo poida felicitar ó meu querido amigo, quen ten moitas cousas por facer e xuventude ó ter a súa preparación intelectual e administrativa no mundo social, laboral e cultural desta Galicia asoballada.

Amado Ricón Virulegio
*Ex-alcalde do concello de Redondela*



Se entre os claros dos veos que van tecendo os anos, un quixera recuperar figuras senlleiras dos 70, atoparía doadamente, nas paisaxes do pensar nacionalista, referentes imprescindíbeis na defensa da liberación dos pobres e oprimidos. Nos confíns do chan de Breogán, un dos nomeados sería, sen dúbida, o Pepiño.

Baldío sería buscar outros apelativos de guerra, daquela necesarios, xa que, entre os posíbeis da onomástica galega, clandestinos ou legais, emerxería o mesmo patronímico entrañábel, como unha cortiza de sobreira. Non souben o nome de pía, ata que nos fixeron reos, xunto con outros benqueridos compañeiros, nalgunha causa penal incoada polos cancerbeiros a soldo do franquismo.

Eran as calendas dun tempo histórico tinguido de gris e de vermello, do que un sempre se lembra en branco e negro. Non seriamos quen de comprendelo, sen sabérmonos achegar ao desespero dos millóns de persoas que padecen aínda hoxe profundas inxustizas. Tampouco seriamos quen de enfrontar o risco de cambialo, sen nos estremecer até os miolos ante a longa noite de pedra, que dicía o grande poeta celanovés, partícipe el tamén, no nacer do ideario e da estrutura que abrollou nas tebras, como un lóstrego en forma de espiral.

Cabo dos mares de Meendiño, nun predio con ollos de boi por referencia, erixido en cuartel xeral da cultura, naqueles anos, mamamos Engels, Marx, Lenin, Castelao e cantos viñan de contrabando da diáspora. O Pepe era o arquiveiro capaz de obtelos para rotaren e vigorizaren as células do novo ser ideolóxico chamado a concitar a dignidade da Terra.

Era mester ter firmes conviccións, confianza no futuro e non sobraba un chisco de férrea disciplina para erguer con eficiencia os valados de defensa do idioma e da cultura, para armar a clase obreira en sindicatos e organizar o pobo. O Pepe estivo alí, nos quefaceres que entón se requirían. Foron voltas e máis voltas, imposíbeis de entender se non é evocando termos axeitados como poden ser exilio, cadea, Castrelo de Miño, expropiación, multicopista, picar clixés, cita de seguridade, vietnamita, folgas do 72, pequena burguesía, Ulm Roan, revisionismo, libelo, traizón, cumio central, Rosalía, Curros, Neruda, Celso Emilio, Amador, Daniel, xuntanzas no monte, avante, Consello de Forzas, espallar, xerme, Sempre en Galiza ou "Petar na ialma do pobo até crear un espírito de opinión revolucionario"

Na defensa da causa, sería esforzo en van atopar naquel rapaz relaxamentos na formación e na praxe cotiás, nin demoras ou angueiras ao chou. Un día os camiños espurios da vida apartárono daquel vieiro, no que se erguera en mestre e rexo camiñante, a peito aberto e vocación de peto proletario. Entón, non foron poucos os que comezaron a intuír, máis unha vez, como na alegoría de Saturno, que o lenzo de Goya tan ben lembra, o atávico drama que nos chaga.

Cando me chegou a nova de que o noso prezado amigo iniciaba a xeira, que desexamos longa e florecente, da merecida *vacatio* despois dunha cumprida vida de braceiro, non podía dar moito creto á voz mensaxeira, pois, ben sabemos que mentres quede alento no seu peito, ha seguir camiñando as corredoiras, queimando a nave vital até as cadernas, en defensa da palabra e do País, sen outra arela que forxar compromisos verdadeiros.

Xosé Lois Ríos Paredes
*Escritor e avogado*

## Un militante da autoestima

Dicía o moralista galo François de la Rouchefoucald que "os homes son como as estatuas: hai que velas no seu sitio". Pois ben, o sitio de Xosé González Martínez é Galicia e así semella que foi, é e será dende sempre e ata mais alá da súa xubilación. Por azar diríase pero, sobre todo, por vontade e elección.

O noso Pepe simboliza a confianza e o compromiso co país e a súa xente. Todos, con independencia de orixes, adscricións e pareceres, podemos coincidir en destacar a súa entrega permanente a esta tarefa que ocupa centralmente e dende sempre as súas fatigas.

Lembro que o meu primeiro contacto con el foi nun seminario da UPG en Santiago de Compostela, enfronte da Casa da Troia. Corría o segundo lustro dos anos setenta. Asistiamos varias persoas de diferentes partes de Galicia e el disertaba sobre a posición e as alternativas do nacionalismo naqueles complexos anos da transición. Escoitar a aquel Pepe engarabatado era ilustrarse en vivo co *Terra e Tempo*. Sorprendía a claridade expositiva, a concreción de obxectivos, o énfase no método, a determinación con que todo se detallaba... pero tamén impactaba o seu aspecto de profesional da política, tan marcadamente diferente dos que alí chegabamos. El parecía estar ao tanto de todo e para todo tiña unha alternativa convincente.

Ademais do compromiso, hai arredor de Pepe todo un estilo de traballo no que salienta, en primeiro lugar, a abnegación e a dedicación. Naqueles anos era total, hoxe digamos que contemporiza máis cos novos tempos pero segue aí, descomunal, nutrindo as expectativas e desafiando as esixencias. Pero hai igualmente nel unha gran capacidade organizativa e de traballo, unha gran vontade sedutora para sumar persoas, mesmo as situadas fóra do seu entorno natural, aos seus proxectos, e unha confianza extrema no efecto último dese orballo que debe ir calando no país para construír un futuro de seu. No que di, no que fai, Pepe consegue transmitir resolución e inspirar confianza.

Esa entrega total explica tamén as súas reaccións de incomprensión respecto a calquera caste de patrimonialización do noso e a firme vontade de apertura a eidos novos, habitualmente descoidados e nos que ten demostrado ser quen de espertar esa paixón asociada ás forzas cósmicas que un día deben espertar este país.

Esa mestura de home de organización, de activismo incansable, argallador de mil e un enredos, sorprende aínda a calquera polo seu denso coñecemento do país e das súas figuras, aspectos, fenómenos e tendencias máis sobresaíntes, todo aquilo tan esquecido e que acotío persiste en reivindicar sementando Galicia co seu rastro.

Debiamos ser en Galicia máis dados e capaces de aproveitar e recoñecer as persoas que como Pepe, vindas da transición, souberon reinventarse fóra dos círculos partidarios nos que tanta militancia despregou en tempos transmutando e servindo noutros escenarios ao país co mesmo empeño e coa maior dedicación que cabía esperar. Isto en aparencia tan normal non é tan común. O cal despexa dúbidas e revela ás claras que o motor da súa xenerosidade e ata da súa mesma existencia vital é a Galicia que compartimos.



Pepe, en suma, é esa gota capaz de cavar unha pedra. Perseveranza, si, pero é tamén intelixencia. Unha confluencia pouco corrente.

Xulio Rios Paredes
*Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)*

## Xosé González Martínez
## Intelixencia, entusiasmo e laboriosidade

Con máis frecuencia do que ás veces parece aconsellable, os biógrafos acoden ao recurso do momento brillante e inspirado da figura que pretenden retratar para expoñer as virtudes desta. Por se trataren de referencias recorrentes con elevado poder mediático, todos e todas coñecemos o Eureka! de Arquímides, a mazá de Isaac Newton ou o balor descuberto por Alexander Fleming como exemplos dunha brillantez que se pretende encerrar no círculo dun momento xenial. Con tal proceder destácase, certamente, a idea afortunada e a singularidade creativa, pero ocúltase, as mais das ocasións, que polo que con certeza se caracterizaron todas as persoas senlleiras, case sen excepción, foi por desenvolveren, na actividade na que destacaron, un labor esforzado e paciente. Neste sentido –permítaseme a digresión–, sempre insisto en que un dos principais valores que debe transmitir a escola aos nenos e nenas é o da capacidade de traballo e de concentración no obxecto de estudo, auténtica chave mestra que abre as portas que dan paso aos froitos do coñecemento, da inspiración e do éxito, entendido este como o logro do fin procurado.

Regresei a esta vella reflexión miña pensando en como debía afrontar a grata tarefa de escribir sobre Xosé González Martínez, á que fun amablemente convidado polas persoas que coordinan este libro en homenaxe á súa figura humana e intelectual. A primeira idea que me viu á cabeza estaba asociada ao xeito de falar e nomear a realidade. Se no mundo do galeguismo e da promoción cultural alguén escribe

unha entrada sobre "González Martínez, Xosé", probablemente moitas persoas se pregunten de quen estamos a falar. Se dicimos Pepe de Redondela a ninguén lle cabe dúbida ningunha.

Desde logo, o noso entrañable homenaxeado Xosé González Martínez, Pepe de Redondela, ten ben merecido este tributo, pois atesoura unha das máis modélicas biografías como activista cultural e promotor lingüístico de cantas eu teña coñecemento dentro do marco temporal das últimas décadas. Non entanto, quixera destacar, máis que esa biografía asombrosa e que nos move ao recoñecemento unánime, o exemplo de vida que deixa como herdanza. Dan boa fe da relevancia do seu legado, felizmente aínda en construción, os numerosísimos proxectos dos que el foi inspirador e dínamo, os centos de artigos e outros textos que publicou e mais a decena de libros que promoveu e editou, por non citar o seu labor, nada menor, de apóstolo das causas do galego e do galeguismo. En calquera caso, gustaríame fixar a mirada no feito sobresaliente de ter sido e ser aínda Xosé González Martínez un perfecto paradigma de entrega a unha empresa altruísta e de natureza social, valéndose, para iso, das únicas axudas da intelixencia apoiada na erudición humilde e no coñecemento histórico, e mais do traballo incansable e da perseveranza pertinaz.

O Foro Peinador, o Couto Mixto, a Asociación de Xuristas en galego, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, o galego amable, o respecto á diferenza, o pensar máis no que nos une que no que nos separa, en definitiva, a sabedoría e a humanidade, son fitos e características que definen unha vida única con moitos froitos aínda por dar. Hoxe gozamos de non pequenos logros no ámbito da extensión do uso do galego na sociedade galega moderna grazas á intelixencia, ao entusiasmo e á laboriosidade de Xosé González Martínez.

Xusto é que o honremos e necesario resulta que expoñamos o seu exemplo como modelo a seguir para as novas xeracións, as destinadas a continuaren o seu legado. En calquera caso, estou seguro de que esta homenaxe é un punto e seguido para o seu constante labor en prol de Galicia, e que Pepe de Redondela aínda ha dar moito de si na construción do país e no impulso da lingua.

Román Rodríguez González
*Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*



Un dos primeiros textos legais aprobados polo Parlamento de Galicia foi a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, feito que pon de manifesto a transcendencia da lingua propia como elemento definitorio da nosa identidade diferenciada como pobo.

Repasar o *Diario de Sesións* daquela xornada histórica é unha auténtica regalía, pola defensa encendida da nosa lingua que fan os oradores en representación de todo o arco parlamentario e que finalmente se traduce na aprobación da lei por unanimidade da Cámara.

Como se dixo naquela sesión histórica, a Lei de normalización lingüística era o punto de partida para devolver a plenitude de dereitos ao idioma galego e, con eles, completar o proceso de recuperación da identidade do noso pobo.

Transcorridas algo máis de tres décadas desde entón, podemos afirmar que os obxectivos iniciais están razoablemente acadados e que a lingua galega é hoxe un idioma case plenamente normalizado, malia as carencias puntuais que –estou seguro– seremos quen de ir corrixindo co paso do tempo.

Pero ese balance satisfactorio non é, nin moito menos, froito dun capricho do destino, senón consecuencia do traballo constante do conxunto da sociedade galega: a Administración, o sistema educativo, as familias e unha serie de entidades e persoas comprometidas coa causa da galeguización.

Entre estes últimos destaca o traballo de Xosé González Martínez, tamén coñecido como *Pepe de Redondela*, ao que teño a sorte de tratar desde hai moitos anos e co que tiven oportunidade de colaborar desde o Parlamento cando, a finais de 2013, logramos a aprobación, cos votos a favor de todo o hemiciclo, dunha iniciativa que eu mesmo impulsei inicialmente para promover o consumo de produtos galegos e mais a súa etiquetaxe e comercialización na nosa lingua.

O feito de que a Galicia do século XXI sexa unha comunidade bilingüe débese, en boa parte, ao labor, moitas veces calado, de persoas coma Pepe, xa que ningunha Administración, por moi poderosa que sexa, sería capaz, por ela mesma, sen a implicación da sociedade, de levar a bo porto un proxecto de semellante magnitude.

Falamos dunha tarefa normalizadora que inicialmente pivotou sobre o ensino e a Administración e que, paseniñamente, se foi estendendo a todos os sectores de actividade, destacando, neste ámbito, o compromiso de persoas coma Xosé González para incentivar a galeguización de ámbitos como o empresarial e outros.

Nalgún tempo, cometeuse o erro de minusvalorar as capacidades do galego, obviando un feito de suma relevancia no que con frecuencia non adoitamos reparar: o galego e o portugués son linguas intercomprensibles. Quere isto dicir que o galego nos abre as portas á comunidade integrada polos 250 millóns de persoas de fala lusófona, con todo o que iso implica no ámbito da cultura e da economía. Falar inglés é importante, imprescindible; pero o galego tamén é útil neste mundo globalizado, cómpre telo presente.

Se atendemos á etimoloxía da verba, xubilación implica desfrutar con xúbilo. Por iso, agora que Xosé González Martínez se xubila como funcionario, mais non como persoa

comprometida na tarefa de estender o galeguismo, tanto Galicia como o homenaxeado neste libro están de noraboa. Galicia, porque gaña un activista da súa causa a xornada completa; e Xosé González porque disporá de tempo adicional para continuar inzando galeguismo, ese sentimento nobre que todos os galegos de ben compartimos.

Miguel Ángel Santalices Vieira
*Presidente do Parlamento de Galicia*

Foi no ano 1978, recén chegados a Vilanova dos Infantes para pasar o verán no entorno familiar, cando por primeira vez escoitamos falar de Pepe "o Rapaz". Así o chamaban con gran cariño os meus pais.

Era un membro máis da nosa familia, era entón acompañante do noso tío Luis Soto, no seu percorrido político-emocional. Era o amigo, o seu confidente, e xuntos percorreron moitos vieiros de Galicia: Penosiños en Ramirás, Podentes na Bola, Mondariz e moitos outros que dalgunha maneira estaban unidos ás vivencias sentimentais do noso tío. Recalaban a miúdo en Vilanova, na casa dos meus pais, de aí a consideración que tiñan de Pepe e que me transmitiron. Pola vella estrada de Vigo a Celanova, chegando a Vilavidal, derivaban a ruta ata Penosiños para revivir con nostalxia os anos que Luis estivo alí como mestre. O mesmo en Mondariz, na visita á vella escola da que saíra o 18 de xullo de 1936. Sempre Pepe ao seu lado.

O coñecemento por nós destas vivencias uniunos ao amigo sinxelo, e foi permanente o desexo de coñecelo.

Xa no ano 1984, recén chegados a Vigo, preguntamos por el aos amigos comúns que nos informaron das múltiples actividades que a prol da nosa lingua levaba a cabo Pepe en diversos ámbitos: xurídicos, económicos, empresariais, políticos e outros.

Foi moito máis tarde, na presentación da biografía *Luis Soto. A xeira pola unidade galega*, escrita por Xurxo Martínez González, na librería Librouro, e grazas a el, cando puxen cara a aquel que os meus pais chamaban "o Rapaz" facéndose real naquel intre, no meu ideograma sentimental, Pepe.



A partir da presentación da biografía, e, xa en contacto real connosco, adicou tempo e cariño en revivir a figura do noso tío, un tanto esquecida.

Preparou un roteiro en dez concellos nos que Luis Soto deixara a súa pegada, dende o nacemento ata a súa saída cara ao exilio. Conseguiu que se convocaran actos públicos importantes, e con distintas placas, colaboracións de persoas recoñecidas e mais as axudas desinteresadas dos concellos, se recuperara a figura do noso tío. Unha preparación exhaustiva dos actos, unidos a súa presenza desinteresada en todos eles, fixo que medrara en nós, o gran afecto que xa existía.

Gran organizador, logrou que a figura de Luis Soto, ata entón esquecida ou descoñecida para moitos, se fixera presente e recoñecida.

Mais non é esta unha louvanza irreflexiva; é un recoñecemento dunha persoa capaz de revalorizar as institucións, empresas e persoas que son precisas para facer unha Galicia grande.

Ese é Pepe, gran organizador, incomparablemente tenro, veraz e rigoroso en cada unha das actuacións.

Ese Pepe é para nos aquel rapaz que os meus pais estimaban e nós queremos e admiramos profundamente.

Vigo, Nadal 2016
Sara Soto

## Traballador do idioma en campos de futuro

*Ser home é ser entregado á palabra*, dixo Georges Gursdorf. O espírito do individuo, home ou muller, vaise forxando a medida en que configura pola palabra. Tamén os pobos. Sen palabras que conxunten a súa xente, sen lingua que alimente a conciencia dun "nós", dificilmente orientará a súa historia e abrirá horizontes para os seus proxectos e esperanzas. Por iso, mesmo herdada, a lingua vai invadindo todos os membros e funcións do corpo social, reconfigurando o herdado de xeito que se amolde á súa situación e reflicta a súa sensibilidade, responda ás súas necesidades e vista de beleza os seus soños.

Un pobo que ten unha lingua de seu ten tamén unha personalidade única e un sitio específico no conxunto dos pobos e nacións da humanidade. Gardará a súa riqueza cultural e conservará íntegra a súa identidade no xusto grao en que preserve, enriqueza e actualice o seu tesouro único de nomes, metáforas, símbolos e expresións.

Non se trata dunha convocatoria ao illamento, porque tamén neste eido a mestizaxe constitúe unha marca da universalidade humana. Ningún idioma saíu da nada, igual que ningún pode vivir incontaminado nunha probeta idiomática. O problema xorde só cando os influxos son impostos pola forza bruta do poder ou mesmo por un prestixio asoballante, que lle acabe canibalizando a substancia propia e relegue as súas palabras, con teimosía implacable, á papeleira das sobras ou á humillación do desprezado.

Un pobo san reacciona. E a conciencia viva suscita individuos, desenvolve institucións e despregra estratexias de

defensa. A reacción pide ser estendida a todas as articulacións do corpo social, das máis íntimas e sensibles ás máis resistentes e inmunes. A poesía é case sempre galo auroral que alerta cando a noite se espesa. En xeral, as humanidades, sempre máis preto do corazón, son rápidas en acudir. A ciencia, o comercio, a industria adoitan vir despois. A política, cando de verdade é servizo á polis, comprende que lle toca apoiar, potenciar e acaso organizar... e ás veces sucede.

Na nosa Galicia, tras o espertar da Ilustración e do renacer dos Renacementos, o proceso está en marcha e, aínda que non sempre ben e desde logo nunca de xeito suficiente, vai chegando a todos os confíns e insuflando alento de xenerosidade en todas as funcións. Aos nosos sociolingüistas tócalles o diagnóstico preciso e, como non, orientar procesos e elaborar estratexias.

Aquí, neste puñado de amigos agradecidos que se xuntan para escribir un libro de cariño e agradecemento, non precisamos técnicos para sinalar o nome do noso homenaxeado, para estarmos seguros de que falamos de alguén que, imaxinativo, incansable e xeneroso, encontrou a súa trincheira ou, mellor, o seu posto específico na tarefa común. Xosé González Martínez sentiu a succión dun baleiro, a chamada dunha urxencia: a da Administración e o dereito, a do comercio e da industria, a do empresario e do axente social.

Non todo nese ámbito pertence seguramente aos membros máis sensibles do corpo comunal. Como non escapara á intuición profética de Rosalía, a nosa lingua foi amasada, desde o seu berce poético, con sangue de campesiños e mariñeiros e cortada no patrón das cousas máis naturais do campo e do mar, da paisaxe e da vida nosa de cada día. Por iso aquí a lingua foi, e malia todo continúa a ser, máis resistente (aínda que tamén máis humillada); por iso tamén ocupa e preocupa con especial intensidade. Pero non cabe ignorar que o influxo e a demanda medran con forza crecente nestes outros campos da actividade social, na nova cultura do consumo, administrada en oficinas, invadida por técnicas, produtos, nomenclatura e mesmo slogans de escada universal, con etiquetas estrañas e case sempre escritas nas colores e na prepotencia das linguas imperiais.

Traballar nese campo, significa traballar cabalgando nas mesmas costas do futuro. Un futuro con amplos espazos por diante e que, moi axudado polos *media*, invade as rúas, entra nos fogares, nomea os produtos e cualifica os traballos. A mestizaxe é imparable, e nin sequera ten por qué ser totalmente mala..., con tal de que, coma o noso amigo, sexamos quen de traballarmos para que o proceso sexa asimilación que enriquece e non canibalismo que manque e humille. Aínda que –estou seguro, porque el nolo demostra– non poderá aniquilarnos.

Andrés Torres Queiruga
*Teólogo, escritor e*
*académico da Real Academia Galega*



Pepiño de Teis e mais eu participamos na mesma guerra, aló polos anos 70, pero non estivemos na mesma trincheira polo que non chegamos a ter relación persoal. Para min era un dos xefes que dirixían a liberación da nación asoballada e aos que se debía obediencia cega. Eu, que viña traballando no sindicalismo agrario desde moi novo, non tardei en caer en desgracia e, chegada a democracia, na primeira asemblea das legalizadas Comisións Labregas –Sindicato Labrego Galego–, botáronme fóra por españolista e dereitoso. Polo tanto, daquela non coñecía a Pepe e non teño nada que dicir desa etapa, nin para ben nin para mal.

Despois empecei a traballar nas cooperativas agrarias, que era o mesmo que no sindicato pero con salario. Pasados moitos anos e avatares cheguei a ser empresario e sobre o ano 2005, Benigno Sánchez García, veciño e amigo, que estaba de director xeral da CRTVG nese intre, presentoume a Pepe como presidente do Foro Enrique Peinador. Despois de falarmos ben pouco do noso pasado compartido contoume as súas andainas na defensa da lingua. El teima que debemos ser os empresarios os salvadores, xa que os "culturalistas" non tiveron moito éxito. Eu díxenlle que na miña modesta opinión non sobraba ninguén e que vía o idioma como un elemento diferenciador importante no mundo da economía globalizada á marxe das cuestións patrióticas e sentimentais. Con esta reflexión deume o aprobado sen máis requisitos e empecei a colaborar co seu *holding*.

Foi unha gran sorpresa ver o seu nivel de compromiso na defensa do galego. Para el integrar o galego na vida económica debe ser a clave de asentar a presenza social da nosa lingua e para iso mobiliza a empresarios de todos os eidos da economía, tanto de grandes como pequenas empresas. Pero ademais do traballo cos empresarios, impulsou a creación da Irmandade Xurídica, a da sanidade e a dos adegueiros, os premios Peña Novo, a Asociación do Couto Mixto... Como di o noso común amigo Pepe Carballido: só lle falta crear unha asociación de afectados polo Pepiño. El enténdese cos do PSOE, PP, BNG, MAREA ou con quen ostente o poder, pois considera que o poder ten medios e tamén responsabilidades pero que ás veces lle faltan ideas.

Pepe, coa colaboración de Carme Vaquero e outros moitos, é capaz de organizar grandes eventos, dunha calidade única, nos que acolle a grandes oradores con actuacións musicais marabillosas e uns viños e petiscos de produtos do país.

Eu, en ocasións, non daba crédito aos meus ollos. Un día participamos nunha reunión de adegueiros e agroalimentarios para animalos a etiquetar en galego; honrábase aos que cada ano se ían sumando e escoitamos a persoeiros como Carlos Blanco, Benigno de Larpeiros e aos líderes sindicais e políticos... O pulo ao etiquetado foi enorme e hoxe ninguén discute o gran valor desta iniciativa. Seguindo coas sorpresas, fomos convocados a participar nun grande acto no Balneario de Mondariz cunha gran representación da Real Academia Galega.

Promove reunións periódicas no Pazo de Lestrove onde os membros do Foro podemos levar a outros colegas para que se motiven a impulsar o galego nas súas empresas. Organiza xuntanzas coa concorrencia numerosa de empresarios como a do Pazo de Mariñán e outras. Pero a gran sorpresa foi o acto organizado no Parlamento galego onde varios empresarios, nun momento moi emotivo, tivemos a oportunidade de dirixirnos os parlamentarios para ofrecer e pedir

colaboración no apoio ao uso da lingua como elemento potenciador dos nosos produtos no mercado local e na exportación.

Como Pepe non ten acougo, no verán do 2016 organizou unha xuntanza histórica no Hostal dos Reis Católicos en Compostela, onde un gran número de alcaldes e outros persoeiros da economía e da política promocionaron o consumo de produtos etiquetados en galego. A súa militancia polo idioma tamén a leva aos cemiterios e aos testamentos. Como el di, –e ten razón– *"toda a vida falando galego e ao final outros deciden que as últimas vontades e as lápidas estean noutro idioma"*. Para contrarrestar a tristura da morte, tampouco se esquece das festas populares e ten contactos cos empresarios dos espectáculos para convencelos de que en galego a xente baila máis e mellor.

O Pepe xubílase agora, pero seguirá coa tarefa. Eu xa propuxen unha colecta popular para poñerlle unha caseta nun dos cruces de camiños entre a Galicia do norte e a do sur, entre a cultura tradicional e o futuro, entre os culturalistas e os empresarios. En definitiva, alí onde estea Pepe sempre se fará País. El ten moita capacidade de traballo e moita constancia e seguro que dentro de trinta anos volveremos facerlle outra homenaxe onde a nosa lingua será unha das máis importantes do mundo e teremos un País moderno, solidario, con moito sentido do humor e aínda máis festas populares. Todo é cuestión de traballo e de tempo.

O noso Pepe sábeo ben!

Xosé Turnes Paredes
*Empresario*

## Xosé González, un dos imprescindibles

Xosé González Martinez é unha figura importante na historia recente deste país. Nos seus anos mozos, na militancia clandestina, cando participou na Unión do Pobo Galego (UPG), era coñecido como Pepiño de Teis, pois foi nese barrio vigués onde naceu hai sesenta e seis anos. Os que o coñecemos máis tarde chamámoslle Pepe de Redondela, pola súa longa vinculación laboral con ese concello do sur de Galicia. Agora que lle chega o momento da xubilación consideramos que cómpre facer un recoñecemento público dos seus méritos e do seu traballo.

Non podo falar do papel que xogou nos anos clandestinos, cando foi un protagonista importante do renacemento político do nacionalismo galego, pois descoñezo os detalles. El tampouco conta moito dese tempo aínda que teño a certeza que podería escribir unhas memorias con moita substancia. El verá cando se pon á tarefa, se así o considera. Mais nas últimas décadas fixo unha labor de gran trascendencia para "galeguizar Galicia", en defensa da cultura e da lingua propia.

É o impulsor principal dun entramado de organizacións que aglutinan a centos de persoas arredor do compromiso con Galicia e co galego. Desde a creación da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística en 1984 (que acollerá posteriormente a Irmandade Xurídica e a Irmandade Sanitaria), foron xurdindo iniciativas: a Fundación Lois Peña Novo, a Asociación Álvaro das Casas, o Foro Enrique Peinador, a Asociación de Amigos do Couto Mixto... É o máis parecido a un *holding* empresarial como o de Rumasa, que montou Ruíz Mateos para facerse multimillonario. Pero Pepe, en lugar de facer cartos, dedicou todo o seu esforzo a facer país, a potenciar a cultura e o idioma propio. Nestes últimos anos dedicou moito tempo e enerxía a potenciar o etiquetado de produtos en galego –como un elemento de identificación e prestixio–, a procurar a galeguización das numerosas orquestras que existen en Galicia –que arrastran tanto público polas romarías–, e a promover o uso do galego nos actos funerarios e nas lápidas dos cemiterios, pois resulta sorprendente a absoluta desgaleguización dos rituais que se realizan arredor da morte.

Xosé González fixo nestas últimas décadas, e continúa a facer, un traballo de extraordinaria importancia para o país. Desde un segundo plano, sempre sen buscar o protagonismo, está detrás de numerosas iniciativas sociais, culturais e políticas de gran relevancia. Hai unha idea, que comparto totalmente e que el recorda con reiteración: o porvir do país e do idioma non está na poesía, non está na literatura. Ou conseguimos que a lingua estea viva nos xulgados, nos hospitais, nas empresas, na rúa e nos patios de xogo, ou non terá futuro. A lingua ten que estar na vida cotiá e non ser só un elemento ritual dos actos políticos e dos xogos florais.

Comecei a ter contacto máis intenso e frecuente con Pepe de Redondela en 2005, cando tiven a honra de recibir o premio Lois Peña Novo. Desde 2010 puxemos en marcha, con outros compañeiros, a Irmandade da Sanidade Galega (ISAGA), que pretende promover a utilización do galego no ámbito sanitario. Neste intre ISAGA conta con trescentos irmandiños, persoas que se comprometen a usar o galego na vida e no exercicio da profesión. Cada ano facemos tamén un acto de homenaxe a figuras relevantes do ámbito sanitario do noso pasado recente. ISAGA honrou a memoria de Manuel Reimondez Portela (o médico dos pobres da Estrada, autor do libro *Un médico na aldea*) en 2011; a de Ramón Obella Vidal (investigador, empresario cofundador de Zeltia e galeguista) en 2012; a de Fausto Galdo (pioneiro da Reumatoloxía en Galicia e reputado gastrónomo) en 2013; a de Xosé Manuel López Nogueira (ilustre psiquiatra compostelán, de profundo coñecemento filosófico recollido no libro *Dialéctica existencial y psicoanálisis*) en 2014; tamén lembrou a Manuel Peña Rey (galeguista e xinecólogo, pioneiro desta especialidade en Ourense na primeira metade do século XX) en 2015; e no 2016 homenaxeou á doutora Olimpia Valencia que, en 1925, foi a primeira galega en obter a licenciatura de Medicina e a primeira muller en exercer a especialidade de Xinecoloxía.

Hai dúas características que definen a personalidade de Pepe de Redondela: a coherencia e a perseveranza. Nos seus anos mozos asumiu un compromiso con Galicia que non abandonou en todo o seu periplo vital; con erros e acertos, que de todo haberá, a súa fidelidade foi sempre inquebrantable. E da súa perseveranza dan testemuña os numerosos proxectos que foi quen de impulsar e soster, nestes tempos tan difíciles onde as axudas públicas para este tipo de iniciativas son máis ben escasas. Dos seus anos de actividade clandestina quedoulle unha actitude de seriedade e distancia afectiva que non é real. Pepe é, ademais de todo o dito, un home afectuoso e sentimental, que vive con paixón o seu compromiso; un home leal e con elevado sentido da amizade. Recordando a Bertolt Brecht, podemos dicir que é un dos imprescindibles.

*"Hai homes que loitan un día e son bos. Hai outros que loitan un ano e son mellores. Están os que loitan moitos anos, e son moi bos. Pero hainos que loitan toda a vida: eses son os imprescindibles". (Bertolt Brecht)*

Pablo Vaamonde García
*Médico de familia e escritor*
*Coordinador da ISAGA*

# Redondela e nós

Comezaba o outono cando coñecín a Pepe. Foi o 21 de setembro de 1979. Aires frescos respirábanse desde había meses nos consistorios dando paso a posibilidades ata entón inexistentes. Circunstancias ben distintas fixeron que coincidíramos nun espazo que ao longo dos anos foi vital para ambos, o Concello de Redondela. Unha nota de prensa anunciando a convocatoria de prazas foi o motivo que Luís Soto aproveitou para alentalo na procura dun espazo para o seu futuro. A miña situación era ben distinta, unha nova estudante que quería valerse por si mesma. Cando nos convocaron para tomar posesión das prazas sorprendeume todo del, a súa fasquía era moi distinta das persoas que eu ata entón coñecera. Tiña 29 anos e non era un home corrente.

Recordo ben aqueles primeiros anos compartindo oficina. A súa conversa cotiá foi abríndome os ollos a moitas cuestións nas que eu ata entón nin reparara: o sentimento galeguista, os espazos políticos, a defensa e uso da lingua galega, novas lecturas... Unha cachoeira de información que foi empapándome paseniñamente e que hoxe forma parte de min. E así, pouco a pouco, a cotío, fun descubrindo á persoa e a súa traxectoria de compromiso cívico-político.

Cando o 30 de novembro de 1979 morre en Vigo Eduardo Blanco Amor, recordo ben as palabras de Pepe –*haberá que facer algo para recordar a súa memoria*–. Dous anos despois, novembro de 1981, Redondela acolle a primeira edición do *Premio de novela longa Blanco Amor*, unha iniciativa que o concello asume con dous obxectivos claros: adiantarse na política cultural mancomunada e afianzar un xénero literario de maior envergadura que os relatos curtos. Un proxecto cultural que hoxendía segue vixente.

Redondela é o centro da súa actividade. Faise cargo do departamento de Cultura e crea un incipiente SNL. Esgota os días buscando a maneira de incidir en espazos nos que a lingua galega debe normalizarse. Proxecta a súa impronta en moitísimas vertentes da vida municipal e o equipo de goberno acepta as súas novedosas iniciativas. Luís Soto, Enrique Lister, Carlos Velo, Paco del Riego, Neira Vilas e moitas outras figuras son invitadas a falar en Redondela; organiza un congreso sobre a guerra civil española en San Simón; recupéranse milleiros de documentos na Illa que hoxe forman parte da documentación do arquivo provincial; fanse campañas para animar o uso da lingua con personaxes populares que teñen trascendencia dentro e fóra de Galicia; recupéranse os maios; propón a creación do conservatorio de música; fanse cursos de galego para persoal do concello e de alfabetización en galego para adultos e inmigrantes; publícanse guías de documentación administrativa en galego para a cidadanía; ródanse anuncios para a TVG no concello nos que os funcionarios e funcionarias fomos os protagonistas para incentivar o uso da lingua galega nas relacións dos cidadáns coa Administración; promove un festival de música en Redondela para galeguizar as festas populares; edítase un LP con letras en galego para incentivar ás orquestras na súa utilización; promove un periódico escolar *Primeiros e Rabelos* para que os nenos teñan una ferramenta de utilización da nosa lingua; incide na galeguización das festas da Coca e dálle unha volta á celebración do Entroido traendo a Redondela aqueles máis singulares de Galicia; propón a creación da Festa do Choco; promove a creación da Asociación Alén Nós e da Festa dos Fachos; da recuperación arqueolóxica de Monte Penide; incentiva con propostas ao movemento veciñal e asociativo redondelán; promove a irmandade do concello con outras vilas con Coca, etc... Pero Pepe vai moito máis aló, grazas a súa iniciativa o Concello de Redondela é invitado a participar en congresos sobre linguas minorizadas noutras comunidades con lingua propia: Cataluña, País Vasco e Comunidade Valenciana. Redondela é o exemplo de concello onde as cousas están cambiando e todos queren coñecer o funcionario que está levando a cabo esa tarefa.

Pasan os anos e chegan tempos difíciles, situacións complicadas que o abanean con forza desmedida sen provocar desalento e desánimo e sen que esas circunstancias o aparten do que é o centro da súa vida: a entrega e dedicación permanente na defensa da identidade de Galicia.

Unha vida marcada por unha integridade profundamente arraigada que o fai esquecerse do seu espazo máis íntimo, que o condiciona, chegando a rechazar en diferentes etapas da súa vida posibilidades profesionais importantes por considerar que poderían apartalo da transversalidade que sempre tivo como obxectivo.

Foi en Pontecaldelas, concretamente nos xardíns do Balneario que hoxe permanece pechado, cando Pepe por primeira vez fala do proxecto de creación dos Premios Peña Novo. Alí estabamos Mª Xosé Devesa, Pepe e mais eu. Baixo unha árbore centenaria convenceunos da necesidade de premiar o traballo arreo de moitas persoas a prol da defensa da lingua galega no ámbito das administracións públicas. Era un caloroso día do verán de 1994. Ao ano seguinte, xuño de

1995, despois de involucrar a moitas compañeiras e compañeiros do concello, fomos quen de levar a cabo a primeira edición dos Premios Peña Novo en Soutomaior. Unha festa da lingua que hoxe cumpriu xa a súa maioría de idade.

Dono dunha gran tenacidade e constancia, dunha intensa capacidade socrática, é capaz de ilusionar e provocar noutros ese afán pola defensa do noso. Auténtico motor do colectivo *Galeguizar Galicia* que engloba ao *Foro Peinador*, *Asociación de Amigos do Couto Mixto; Asociación Álvaro das Casas; Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros; Irmandade Xurídica Galega; Irmandade da Sanidade Galega; Fundación Lois Peña Novo e Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia,* entidades que inciden en amplos espazos que considera necesarios para que a lingua galega teña unha proxección global na sociedade e non quede reservada exclusivamente ao ámbito literario: xustiza, Administración pública, sanidade pública e privada, sector empresarial, escolas de negocio, etiquetaxe comercial, consumidores e consumidoras, derradeiras vontades, festas populares, etc...

Pero se Redondela é o cerne, Galicia é o ser. Son tantas e tan variadas as iniciativas que Pepe ten pensado, debuxado e argallado no seu maxín e despois levado a cabo que sería imposible facer un relatorio delas neste pequeno espazo co que conto.

Despois de case 38 anos de convivencia profesional, de amizade profunda e complicidade, de demoradas conversas e estreita confidencialidade, de encontros e desencontros, de proxectos, traballos e ilusións compartidas, non podo máis que facer un balance positivo de todo o vivido nesta longa etapa das nosas vidas. Coñecer a Pepe foi algo inesperado na miña mocidade que modificou substancialmente a comprensión que a partir de entón tiven de moitas cousas, pero sobre todo, porque sementou en min o orgullo de sentirme parte dun pobo e dunha cultura.

O transcorrer dos anos marca definitivamente a traxectoria vital dunha persoa. A de Pepe é abondosa en afectos e proxectos, soños, amizades e respecto, e estou segura de que nesta nova etapa que inicia terá a forza necesaria para seguir sendo o noso cerne. Nós seguiremos estando ao seu carón.

Ultreia!

Carme Vaquero
*Funcionaria do Concello de Redondela*



## Homenaxe a Pepe por tempo de servizo

Na relación entre as persoas existen diversos actos moitos dos cales se confunden cos propios sentimentos. Por iso as homenaxes son sempre benvidas áinda que coincidan coa xubilación e veñan referidas a unha persoa tan activa e profunda como Pepe.

Realmente o recoñecemento que queremos facerlle non é de despedida pois a despedida é sen dubida unha ruptura, unha mudanza que leva consigo certa dose de emotividade.

Pepe unicamente se despide da súa etapa funcionarial pero queda coa outra, a máis interesante e produtiva: a do dinamismo social, a das iniciativas, a das propostas en clave de galeguidade, a da análise e a do favorecemento práctico do avance social da nosa lingua.

Desta etapa de impulso creativo non se afastará nunca. Tampouco se afastará da nosa amizade, da nosa consideración, da nosa admiración e do noso respecto.

Eses sentimentos permanecen entre quen se despide e quen aínda continuamos en activo. Como todos seguiremos a desenvolver os proxectos que compartimos, non haberá entre nós ausencia, relaxación nin abandono do convivio diario, nin tampouco desvío dos obxectivos perseguidos.

Non vou falar do Xosé González Martínez funcionario do concello desde o ano 1979, tempo no que a sociedade redondelá coñeceu da súa competencia e dinamismo, da súa capacidade organizativa e firmeza, e até mesmo da súa vea mais polémica pero atinada; a que constata que o futuro da nosa lingua non pasa unicamente pola literatura nin a poesía senón pola súa incorporación a cotidianidade do tráfico económico e xurídico e das relacións laborais e sociais.

Vou falar do Xosé González Martínez humano, amigo leal e compañeiro destemido, vou falar de vivencias e de entrega na defensa dunha causa, e por qué non incluír todo no vocábulo que ten o poder de abarcar todos eses fenómenos humanos nun só. Falo de coherencia e de dignidade e de entrega desinteresada.

A defensa da nosa lingua é un traballo para a memoria. A todos os seus outros obxectivos –de creación, de relación, de facilitación da vida cotiá dos cidadáns– sobreponse o de conservar a memoria das persoas, dos acontecementos e dos valores.

Neste sentido, a lingua parece traballar contra o tempo. Todas as persoas, todos os acontecementos e todos os valores que o tempo parece devorar, condenándoos ao anonimato ou ao esquecemento, encontran na auto-concienciencia lingüística un lugar de rescate, fundado nun pacto coa posteridade. Porque a lingua, vindo do pasado, fala no presente para proxectarse no futuro. Así se recolle nas placas da campaña *En galego agora e sempre* dedicadas á restauración da memoria lingüística *Na memoria de todos os que xacen aquí, porque grazas a eles Galicia segue a ter cultura e lingua de seu*.

A busca permanente dun futuro próspero para a nosa lingua constitúe o eixo principal da actividade vital de Pepe. Sempre achegando actuacións novidosas para proxectalas

en todos os ámbitos sociais: xudicial, policial, sanitario, relacións económicas e de consumo, no intre do pasamento, nas actuacións festivas das orquestras, na redacción das escrituras notariais ou no territorio histórico do Couto Mixto.

Pepe foi quen de achegarlle ao departamento gobernamental de Política Lingüística unha morea de suxestións para dar o impulso institucional e mellorar a situación de uso social e profesional da nosa lingua. De feito, as propostas de Pepe foron sempre dirixidas a mellorar unha política pública de lingua para o galego. Sempre na liña de medidas prácticas e imaxinativas para garantir a súa presenza nas distintas administracións públicas e no sector privado empresarial.

Neste delinear incorporounos aos diversos profesionais de maneira ampla e abranguente, establecendo conexións entre todos os intervenientes. Concretou medidas a tomar nas distintas áreas facéndonos sentir a necesidade de expandir o uso da lingua que falamos, de prestixiala e de tomala como identificadora da nosa forma de estar no mundo.

Foi unha tarefa realizada con entusiasmo que permitiu crear instrumentos de normalización críbeis e eficaces que podan ser aceptados por todos como referentes no uso do galego.

É momento de despedida dunha etapa. Pero hoxe para Pepe é tempo de todo. De recoller o froito da amizade, da lealdade, do compañeirismo, do respecto, da sabedoría e da fidelidade aos principios que sempre acreditou. Todos oriúndos dunha semente que hai máis de trinta anos lanzou na terra fértil do noso corazón.

Permíteme, querido Pepe, a ousadía de dicir que os galegos exemplares e creativos non tedes dereito a xubilación.

Carlos Varela García
*Fiscal da Fiscalía Superior de Galicia*



## O enxame

### Pepe de Redondela visto por Luís Villares

A primeira vez que escoitei falar de Pepe foi por medio dun tríptico que a finais dos noventa falaba dunha tal Axulga (*Asociación de xuristas en lingua galega*). Eu era un inquedo estudante de terceiro de Dereito que descubrira unha profesora apaixoada dos dereitos lingüísticos –Alba Nogueira– e comentáralle a idea de crear con outros estudantes unha asociación de xuristas que traballasen en galego... *"pero se iso xa existe! Montouno Pepe de Redondela hai un tempo!"*

Aí comezou o meu contacto cos dereitos lingüísticos, que era a miña maneira de achegar valor técnico a algo que dende había anos facía de xeito profano: era defender o dereito a vivir en galego na nosa terra de xeito habitual e natural.

Nos vinte anos seguintes Pepe volveu a se cruzar na miña vida e na de centos de persoas que coma min traballabamos en defensa do galego ou o empregabamos decote, o que constitúe o xeito máis senlleiro de facelo valer. Dende a *Asociación de funcionarias/os pola normalización lingüística* floreceron asociacións sectoriais de promoción da lingua do máis diverso: a *Irmandade de Adegueiros*, a *Irmandade Sanitaria* e por suposto, a *Irmandade Xurídica Galega.*

Imaxino a Pepe ollando os montes do Morrazo, dourados de xestas floridas, ou imaxinando as candelas no souto da Abilleira en San Martín de Suarna, coas abellas traballando, silandeiras e pacientes, flor a flor, na procura do seu néctar. *"Canto mel por colleitar!"*, pensaría el.

Pepe promoveu a *Irmandade* para acubillar ao seu redor a todos os profesionais que en cadanseu campo do dereito empregaban nosa lingua. Xuíces, maxistradas, letrados de xustiza, camiñaban autonomamente na procura de medios informáticos, de bases de datos, de textos legais actualizados. Na avogacía afanábanse por dar atención en galego e preparar os xuízos nesta lingua malia a falta de formación académica e as pexas coactivas de certos operadores xurídicos que pretendían amedrentalos. Toda esta xente traballando, con corazón e vontade, para garantir que a cidadanía de Galicia non fose estranxeira na súa terra, e non recibise un tratamento discriminatorio só por pretender vivir con normalidade. Pero faltaba un punto de encontro, un foro onde poder compartir inquedanzas, queixas, e tamén iniciativas e propostas, un toro rexo de buxo onde apoiar os anceios, que servise de altofalante fronte a toda a comunidade xurídica, a administración e o conxunto da sociedade. E aí agromou a IXUGA, para sumar vontades e ilusións, para nos decatar de que non estabamos sós, e que a lingua unía, non só ao pobo galego, senón aos que facemos valer os seus dereitos. Unha ferramenta coa que se comezou a facer xustiza coa lingua. Coa nosa e coa dos devanceiros, recoñecendo, dando a coñecer e homenaxeando mulleres e homes que antes cá nós encarnaron a tradición xurídica galeguista.

Eramos abellas espalladas polo País, xente que traballaba discretamente por *galeguizar Galicia* na Xustiza e no Dereito.

E Pepe fixo de nós un enxame.

Grazas a xente coma el, o noso pobo sempre terá mel.

Luís Villares Naveira
*Maxistrado e Deputado no Parlamento de Galicia*

# Escolma de prensa

XGM

Una república independiente, de 26 Km cuadrados, entre Galicia y Portugal

# La Universidad de Vigo ofrece un curso de verano sobre la historia del Couto Mixto

REDACCIÓN • VIGO

Su origen se pierde en la Edad Media. Tal vez coincidiera con el nacimiento de Portugal como estado independiente, en 1143. El Couto Mixto fue, hasta su desaparición en 1864, una república independiente con algo más de 26 kilómetros cuadrados de extensión, entre Galicia y Portugal, en los límites de la provincia de Ourense con Tras-Os-Montes. Con instituciones e identidad social, política y económica propia, el Couto Mixto fue, en momentos de luchas sociales un santuario para quienes se enfrentaban a los poderes absolutos tanto en España como en Portugal.

Entre los cursos de verano que ofrece este año la Universidad de Vigo, entre los días 17 y 19 de septiembre tiene programado uno sobre la historia del Couto Mixto. Las conferencias serán impartidas por especialistas en diversas ramas del conocimiento, desde las perspectivas histórica, política y jurídica. El ámbito literario que ha crecido a propósito de esta singular institución geográfica será abordada también en conferencias y mesas redondas en las que participan autores que han hecho del Couto Mixto materia de su creación literaria, como Xosé Luís Méndez Ferrín, o Luís García Mañá quien abordó la existencia de esta pequeña república no solo desde el plano literario, en "O lume de Santo Antón", su primera novela, sino también desde el de la investigación histórica, que divulgó en diversos ensayos.



Xosé González.

El curso sobre la historia del Couto Mixto es coorganizado por las universidades de Vigo y la de Tras-Os-Montes-Alto Douro. El desarrollo del mismo tendrá lugar en las fechas antes señaladas, en las localidades de Chaves y Celanova. El plazo de inscripción para participar en él, concluye el 8 de septiembre y la tasa de matrícula, que incluye una comida y el alojamiento una noche en Celanova, es de 6.000 pesetas. Consta de 20 horas lectivas que computan a efectos de los cursos de doctorado, con un crédito.

Una de las singularidades del Couto Mixto era el régimen de nacionalidad de sus habitantes. "Non estaban obrigados a adquirir unha determinada nacionalidade– comenta Xosé González, presidente de la Fundación Premios da Crítica y codirector del curso–. Os que desexaban ser portugueses tomaban un vaso de viño á honra e saúde do Rei de Portugal, gravando a letra "P" de Portugal xunto á porta da casa. Os que se decidían pola nacionalidade española, facían un brindis polo monarca español, dispoñendo seguidamente a gravación dun "G" de Galicia, na casa que servía de domicilio conxugal".

Según González Martínez, el Couto Mixto no aportaba soldados a los ejércitos de España o de Portugal ni siquiera en tiempos de guerra, pues estaban exentos de cumplir servicio militar sus habitantes y existía el derecho de asilo que convertía su territorio en un santuario ya que las autoridades de los dos países no podían entrar a detener a nadie que huyese, salvo que fuese por un delito de sangre.

16 de agosto de 1999



# Tres nuevos jueces honorarios velarán por la memoria histórica del Couto Mixto

A.MÍNGUEZ - randin (ourense)



j.docampo **Los tres nuevos jueces, con Luis García Mañá y otros miembros de la asociación, ayer en Rubiá.**

El Couto Mixto cuenta desde ayer con tres nuevos jueces honorarios, encargados de velar por la memoria histórica de este territorio que fue independiente durante siglos en la frontera hispano lusa. Se trata de Constantino García González, catedrático emérito de la Universidad de Santiago, padre de la magna obra "Atlas Lingüístico de Galicia"; Xosé González Martínez, presidente de la Fundación Premios da Crítica e impulsor de distintos acontecimientos culturales y Antonio López Martínez, alcalde del Ayuntamiento de Calvos de Randín, donde está el territorio que antaño ocupaba el Couto Mixto, por la puesta en valor de esta riqueza cultural y patrimonial.

De esta forma, por tercer año consecutivo, la asociación de Amigos do Couto Mixto que promueven entre otros el comisario de Vigo, Luis García Mañá, o el escritor Benito Reza, reconoció y premió a tres personas que se han caracterizado por su labor en los campos de la lengua, el patrimonio y la cultura gallega, de forma democrática, como antaño los vecinos elegían en este lugar a sus gobernantes. Recibieron una llave simbólica, en alusión a las tres llaves que eran necesarias para abrir el arca del Couto Mixto, donde estaban depositados los documentos de esta república independiente que fue abolida en 1864 y que Luis García Mañá se encargó de rescatar e inmortalizar en un libro.

Dentro de la recuperación histórica de este lugar, hay que reseñar el proyecto de museo abierto del Couto Mixto, un espacio que aún no tiene una ubicación fija, pero se encargará de perpetuar la historia de este lugar. Se han señalizado ya los elementos más significativos de las tres parroquias que formaban esta república en la que sus vecinos estaban exentos de impuestos y entre otros privilegios podían adoptar la nacionalidad lusa o española, en función de sus preferencias.

3 de xuño de 2002

# Viños galegos en galego



Xosé González Martínez*

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia vén desenvolvendo dende hai vintecinco anos múltiples iniciativas para extender o uso da lingua galega en todos os ámbitos da vida social, social, institucional e económica. Cumpriríanos moito espazo para dar conta desa incensante e prolífica actividade no espazo que se nos concede para esta colaboración xornalística. Pero os que se queiran informar desе dilatado labor poden ler o libro Palabras da Terra. Galeguizar Galicia, que se vén de publicar co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, dedicado fomentar o uso da lingua galega nun sector tanto importante da nosa economía como é o do viño.

Aínda non hai moitos anos estaba moi estendido o prexuizoso criterio de que etiquetar os nosos viños en lingua galega era contraproducente. Os valedores de tal teoría argallababan os máis variopintos razoamentos. Dicían que utilizar a lingua galega limitaba o mercado. Iso si, non se opuñan, sen embargo, a que as marcas fosen topónimos ou denominacións galegas. Pero fóra diso o galego podería ser un impedimento para penetrar nos mercados. Paradoxalmente admiten que o whisky, a champañas, vodka e outros licores, fabricados alén do Pardonelo se vendan etiquetados nas linguas de orixe, como garantía de calidade.

Álvaro das Casas, o creador de tantas iniciativas nacionalistas,culturais e políticas, na década dos trinta, cando creou a UCRA (Unión de Cooperativas do Ribeiro do Avia) avogaba pola calidade dos viños da comarca ribeirán e propuñalle aos socios que etiquetasen en lingua galega. El mesmo chegou a facelo co viño que embotellaba na adega do seu pazo de Esposende.A proposta non tivo éxito, porque a dictadura franquista dictou unha lexislación restritiva, que impedía a utilización da nosa lingua nas etiquetas. Coa restauración da democracia a situación mudou e algúns empresarios vinícolas tiveron o valor de etiquetaren os seus viños no noso idioma. Foron poucos, abofe. Pero algúns había. E ademais de moita calidade.

No 2002 a Asociación Álvaro das Casas e a Fundación Premios da Crítica Galicia promoveron un manifesto a prol da etiquetaxe en galego baixo o rubro COLLEITA 2002. Máis Galega. Cento e pico de personalidades asinaron aquel manifesto que lles foi remitido aos preto de catrocentos adegueiros galegos, repartidos en moitas denominacións de orixe. A receptividade foi inmediata. Hoxe xa son máis de setenta e cinco os produtores de viños que etiquetan os seus envases na nosa lingua con deseños atractivos, por certo. O terreo está aboado. Porque os nosos empresarios –grandes, medianos e pequenos– comenzan a entender que a situación de cambio que conleva o mundo globalizado, non debe ser atranco para prezar a necesidade de valorar as referencias do máis próximo, do que crea un sentimento de pertenza a unha comunidade por medio da elaboración e o consumo de produtos que nos fagan protagonistas. É cuestión de termos paciencia e grandes doses de pedagoxía para que a galeguización avance neste sector agroalimentario.

Neste labor pedagóxico e colaborador que pretendemos para o noso traballo é fundamental o arroupamento dos consumidores. Solicitar nos restaurantes viños de calidade etiquetados en lingua galega provocará un cambio de mentalidade naqueles adegueiros receosos do valor da nosa cultura para referenciaren as súas marcas en galego. Os Consellos Reguladores deben sumarse tamén a esta tarefa pedagóxica para convenceren aos nosos adegueiros das bondades do uso da lingua galega. O proceso está en marcha e non debe deterse. É importante que todos turremos del. "O viño galego –di un adegueiro–, todos os viños galegos, teñen que identificarse, en primeiro lugar coa Terra que os crea e coas mans que se expresan a través dun produto orixinal e, en segundo lugar, coa calidade e cunha lingua igualmente única, o galego". Máis rotundidade non pode haber.

*Secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.*

12 de maio de 2003

**La Región**

Domingo, 26 de agosto de 2007

# COLLEITA 2007. MÁIS GALEGA

**XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ**

*Xa hai tempo que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística fixo un chamamento aos adegueiros para incorporar a lingua galega ás etiquetas. Agora, catro anos despois, volvemos insistir na mesma mensaxe. Nesta ocasión co patrocinio da Consellería de Medio Rural e da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Retomamos, pois, un discurso necesario para normalizar a lingua galega no ámbito económico...*

*Se no ano 2004 a mensaxe fora ben recibida, agardamos que desta volta as adhesións sexan máis numerosas. E non nos faltan motivos para sermos optimistas... A razón témola na excelente receptividade a identificar os viños coa lingua galega, que ademais de ser un instrumento de comunicación, tamén é un elemento de identificación. Estamos, xa que logo, ante un discurso cada vez máis utilizado polos adegueiros e cunha forte galeguización do sector.*

*No libro "Palabras da Terra. Galeguizar Galicia", editado pola Asociación de Funcionarios, Lois Anxo Rodriguez, presidente do Consello Regulador do Ribeiro, afirma que "o viño galego, todos os viños galegos, teñen que identificarse en primeiro lugar coa Terra que os crea e coas mans que se expresan". Esta opinión reflicte a nova mentalidade dos adegueiros galegos na aposta que fan pola utilización da lingua galega, o sinal de identidade máis xenuino da nosa cultura. Deste xeito, amais de reafirmaren a oríxe territorial das súas marcas, divulgan polos mercados internacionais o noso idioma en pé de igualdade con outras que se identifican cos champáns, vodkas ou whiskys.*

"O viño galego, todos os viños galegos, teñen que identificarse en primeiro lugar coa Terra que os crea e coas mans que se expresan"

*O apoio á normalización lingüística que están a facer os adegueiros é merecente do apoio dos consumidores. E sobre todo,en primeiro lugar, dos que din estar máis sensibilizados na defensa dos nosos valores culturais, e nomeadamente as institucións públicas. É unha proposta de política lingüística. Nos actos protocolarios que inclúan un refrixerio ou xantar deberían ter preferencia nos menús os viños etiquetados en galego, que será unha maneira de fomentar o seu uso.*

*E o que predicamos para as institucións públicas vale para o común dos cidadáns que acotío, ou de cando en vez, manifestan o seu apoio ás convocatorias de marcado carácter reivindicativo, galeguista ou nacionalista. Manifestaremos deste xeito o compromiso e solidariedade cos adegueiros que etiquetan os seus envases en lingua galega.*

*Eis o lema da segunda parte desta campaña normalizadora, que desenvolveremos no mes de nadal: "Deixe que o viño fale. Escolla viño etiquetado en galego".*

26 de agosto de 2007

# Galegos, en defuntos tamén

*Para Marisa, sempre na lebranza.*



**Xosé González Martínez**

Pode alguén imaxinar a lápida funeraría de Rosalía de Castro rotulada en castelán, ou a de Castelao, Cunqueiro, Otero Pedrayo… a que non? Os seus panteóns e nichos rezan na lingua que defenderon en vida, coa palabra e coa escrita. Un movemento popular quixo que así fose. Peor sorte tiveron outros moitos que durmen o sono eterno so unha lápida, inxustamente escrita en castelán. Velai están, por citarmos uns cantos casos, os irmáns Marcial e Avelina Valladares, autores dun dicionario galego-castelán e de varios poemarios galegos, respectivamente, no cemiterio de Berres; Laureano Prieto, rescatador da tradición oral coa súa obra "Contos vianeses"; Lois Peña Novo, egrexo xurista e primeiro representante popular electo que falou en lingua galega no Concello da Coruña, soterrado na súa Vilalba natal; ou Álvaro das Casas, fundador do movemento xuvenil "Ultreia", en Sabucedo de Montes. Todos eles, como digo, so lápidas escritas nunha lingua distinta da que falaron e defenderon e pola que foron obxecto de persecución política e mesmo asasinados, como Xoán Xesús González, escritor e fundador dun partido socialista de expresión galeguista, a Unión Socialista Galega ou Benigno Álvarez, veterinario de Maceda e fundador do Partido Comunista que non renunciou á utilización da lingua galega, aínda que o congreso se celebrase en Sevilla, solicitando para iso a mediación dun tradutor.

A razón de tal imposición idiomática ten as súas oríxes no Concilio de Trento, que lles ordenou aos cregos levar un libro de inscricións dos defuntos da parroquia. De aí que os que durante a vida tiveron como única lingua a galega – que foi a inmensa maioría dos galegos e galegas-, unha vez falecidos fosen rexistrados e sinalados no cemiterio parroquial, "per omnia saecula saeculorum", en castelán. Aquela imposición legal derivou nunha perversa inercia que chega aos nosos días. Os máis de 3.750 cemiterios galegos ofrecen unha visión falsa dos creadores da nosa cultura popular. Só unha de cada mil lápidas está escrita en galego. E unicamente un 3% das esquelas publicadas nos medios de comunicación nos convocan aos actos fúnebres en lingua galega.

No idioma está a vida e no idioma está na morte. Con esta divisa viviron sempre os galegos. A vida e a morte convivían unha a carón da outra. O cemiterio –a parroquia dos mortos- é unha continuación da comunidade parroquial –a dos vivos- que fala e se expresa en lingua galega. Por iso é unha perversión cultural negar ou renegar da lingua na que foron arrolados os meniños, na que amaron, choraron e se entenderon para coviviren os galegos. Vivir en oposición teimosa e constante coa nosa historia, tradición, cultura e lingua é prolongar o drama dunha Galicia como pobo diferenciado.

Fronte a aqueles que, antes e agora, optan por un discurso claudicante, no canto de crearen unha pedagoxía galeguizante, cativadora,–como dicía Florentino Cuevillas-, que incorpore ao proceso de regaleguización a moitos homes e mulleres, nenos e nenas, deben emerxer voces desde as institucións públicas e entidades culturais que chamen á poboación a coherencia. Nesta liña apunta a declaración do Alcalde de Redondela dirixida aos demais rexedores galegos para que incorporen ao Día de Defuntos un discurso de lembranza e gratitude na memoria dos nosos devanceiros; grazas a eles Galicia aínda ten cultura e lingua de seu.

É hora de que os galegos reflexionemos e galeguicemos a cultura da morte. A mellor homenaxe que lle podemos facer aos seres queridos nesta data tan sinalada do ano é, amais da visita aos cemiterios e a ofrenda floral, a rehabilitación da memoria dos nosos defuntos demostrándolle gratitude pola cultura que nos legaron. E non hai mellor xeito de facelo que substituír a lápida escrita en castelán por outra en galego. É de xustiza. A coherencia é unha virtude das persoas conscientes. E a ela apelamos en datas como o Día das Letras Galegas ou o Día de Galicia. En Defunto, tamén.

1 de novembro de 2007

# Couto Mixto, a Andorra galega



**Xosé González**
Presidente da Fundación Premios da Crítica

As orixes do Couto Mixto son as mesmas cás do actual Estado de Andorra. Este territorio singular de 3.000 hectáreas, situado en Ourense, entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, está integrado por tres parroquias: Santiago, Rubiás e Meaus. Por mor dunha lei de lindes entre os reinos de España e Portugal, estas terras arraianas, independentes desde a idade media, perderon a súa soberanía en 1864, afectando tal decisión a mil habitantes.

En 1907 o derradeiro xuíz e autoridade gobernativa daquela república independente, Delfín Modesto Brandón, publicou un opúsculo de corenta e sete páxinas, titulado *Interesante Historieta del Coto Mixto*, na que describe as vicisitudes políticas, privilexios e historia dunha vila apenas coñecida, independente no económico e gobernativo, das coroas portuguesa e española. Foron poucos os historiadores galegos do século XIX que se ocuparon daquel pequeño Estado. Vicente Risco, dunha maneira breve; Madoz, tamén. Luis M. García Mañá recuperou os apuntamentos de Delfín Modesto Brandón e arrequeceu con esculcas en moitos arquivos históricos de Galicia e Portugal a reconstrución da identidade dunha república esquecida, que elixía á súa autoridade, gobernativa e xudicial, en asemblea aberta democraticamente cada catro anos. Circunstancia esta que non pode pasar desapaercibida para os estudosos da convulsa historia de España do século XIX. Delfín Modesto Brandón defendeu a permanencia da identidade político-territorial daquel pobo, pero foi vítima da reacción absolutista, que tiña na Igrexa tridentina o seu mellor esteo. "O Estado non debe ter relixión, porque o Estado non confesa, non recibe a comuñón, nin morre", dicía Modesto Brandón seguindo o ditado do seu dirixente, o tribuno Emilio Castelar.

No ano 2000 a Fundación Premios da Crítica Galicia visitou aquelas terras arraianas, tan ben descritas nas páxinas literarias de Bento da Cruz, Méndez Ferrín ou Ribeiro Coello, entre outros, para tomar contacto cos seus homes e mulleres, nos que aínda vivía aniñada na súa memoria a historia dos seus devanceiros. Foi así como xurdiu a creación da Asociación de Amigos do Couto Mixto. A partir de entón celebramos varios cursos académicos en colaboración coas universidades de Vigo, Tras-Os-Montes e Alto Miño, grazas ao entusiasmo do profesor Xosé Manuel Cid; recuperamos as antigas institucións do "vigairo", dos "homes de acordo" e puxemos en marcha un ambicioso proxecto de "enteirar" a historia do Couto Mixto, en acaída e enxebre expresión de Otero Pedrayo, e mesmo institucionalizamos o nomeamento do "Xuíz Honorario" para todos aqueles que fosen merecente de tales honores polo seu apoio nesta tarefa esculcadora.

Sete anos despois deste intenso traballo, dous deputados, Alberto Fidalgo e Laura Seara, presentaron senllas proposicións non lei para o recoñecemento da singularidade do Couto Mixto, que o Congreso e Parlamento de Galicia aprobaron por unanimidade. A eles vailles conceder a Asociación de Amigos do Couto Mixto a distinción de "Xuíces Honorarios", e como tales serán investidos con todos os rituais establecidos nunha sesión que se celebrará o próximo día 7, na igrexa de Santiago de Rubiás, onde tamén serán obxecto de idénticos merecementos o profesor Máximo Salinas da Universidade de Santiago de Compostela e o crego Miguel Blanco. O vello arcón gardará para mellor gloria da historia a crónica dese día.

As iniciativas parlamentarias debatidas e aprobadas por todos os grupos parlamentarios das dúas cámaras lexislativas abren un horizonte de posibilidade para as novas corporacións locais de Calvos de Randín e Baltar, agora máis receptivas ao recoñecemento da "república esquecida". Esta mesma ilusión estenderémola aos concellos lindantes co obxectivo inmediato da creación dunha mancomunidade transfronteiriza que elabore un plan estratéxico que lles sirva de guieiro ás actuacións das administracións públicas galegas e portuguesas. A Asociación de Amigos do Couto Mixto será unha rexa valedora na consecución deste obxectivo político ■

6 de xullo de 2007

# Desde Piñeiro a Enrique Peinador

## Para Pucho Viñas, amigo e membro do Foro E. Peinador

**Xosé González Martínez**

Cóntase que nunha viaxe de propaganda política os liberais pasaran por Ponteareas, porque o Sr. Bugallal permitíulles o paso, pois puido erguer o rastrillo, colocar as súas forzas nas almeas do seu torreón e tratalos coma a habitantes da meseta. Ao entraren en Mondariz refolegaron e aledáronse: "xa pasamos o dominio do Sr. Bugallal e entramos no do Sr. Peinador. Xa podemos respirar", dixeron. Este comentario define moi ben os contrapostos talantes políticos en dous lugares da comarca do Condado.

Enrique Peinador Lines, fillo de Enrique Peinador Vela, fundador do Balneario de Mondariz, foi un personaxe singular no seu tempo. A súa condición de burgués ilustrado e progresista, soñador e realizador de grandes proxectos para a modernización da gran área metropolitana de Vigo deseñada polo seu amigo, o arquitecto Antonio Palacios, equipárao ao papel desempeñado no século XVIII polo Marqués de Sargadelos. Os dous foron vitimas das intransixencias ideolóxicas dos reximenes políticos de cadanseu tempo. Mondariz foi o escenario no que se debateron e ideraron diversos proxecto de modernización da economía e da política galega.

Xohán Carballeira bautizouno como "Cónsul do romanticismo". Eu máis ben penso que de ter sido cónsul, seríao do galeguismo. Porque Enrique Peinador desempeñou labores de representación do Partido Galeguista en instancias decisivas para a política do País, sobre todo nos anos da República. Foi un home clave no galeguismo da época. Cando Portela Valladares, interesado en promover unha plataforma liberal-moderada, agraria e galeguista, promove o "Pacto de Barrantes", naquel momento Peinador forma parte da comisión que participa nos debates xunto con Otero Pedrayo, Cuevillas e Castelao. Noutras ocasións viaxa coas delegación do PG a Catalunya ou a Madrid, como aconteceu en 1935 para reunirse con Manuel Azaña e desbloquear o proceso que permitise plebiscitar o Estatuto de Autonomía para Galicia.

En xullo de 1934 don Enrique Peinador realizou unha viaxe a Esukadi cunha delegación do partido Galeguista para participar nos actos celebrados por "Galeusca". O xornal donostiarra "El Día" entrevistouno. A súa lectura é interesante. É unha síntese do seu pensamento político. O entrevistador preséntao como amigo e colaborador dos máis famosos escritores e poetas galegos do século XIX; asiduo contertulio da "Cova Céltiga", da que formaban Murguía, Lugrís Freire, Carré, Eduardo Pondal... Declárase "gran devoto e amigo de Manuel Murguía", asegurando que é o primeiro nacionalista da historia de Galicia. Do Partido Galeguista di que "ningún partido conta con cadros tan brillantes. E isto dígoo eu, que estou na segunda reserva e non actúo máis que de comparsa. O galeguismo, por moitos inimigos que teña a súa doutrina política, inspira como falanxe intelectual o respecto dos máis encarnizados .Chamóusenos separatistas, desmembradores de España e case asesinos da unidade nacional". Tal coma hoxe.

Del volta desa viaxe, Enrique Peinador, participa o día 24 na "Noite das arengas patrióticas", tal e como nola conta o cronista: "Comezou o acto cunha nómina de oradores na que figuraban 'desde Piñeiro a Enrique Peinador' (sic). Vinte oradores que representaban o amplo espectro do galeguismo". Xerardo A.Gallego resumíu o espírito das intervencións deste xeito: "o galeguismo é algo máis que unha clientela partidista, que busca o medre das urnas e a cobiza dos cargos. É unha idea. É un sentimento dunha Galicia máis digna e mellor". Ao día seguinte asiste na Coruña á lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Castelao, da que logo sería membro correspondente.

Está por escribir aínda a biografía completa que defina ao político, filántropo, empresario, e articulista galeguista (deixou escritas moitas colaboracións periodísticas co seu heterónimo) que foi Enrique Peinador. En 1936 abril de 1936 os xornais deron a noticia de que "a candidatura da Frente Popular triunfou en Pontevedra", sinalando como un dos compromisarios a Enrique Peinador na lista na que tamén ían Alexandre Bóveda e Xerardo Álvarez Gallego. Finou en 1940, nun piso da rúa Cuba, en Vigo, desposuído das súas propiedades, intentando reconstruír o P.G. na clandestinidade, nun ambiente de persecución política do que foi vítima o seu fillo, asasinado en Madrid, pola súa militancia en Izquierda Republicana.

8 de marzo de 2008

O.J.D.: 38827
E.G.M.: 267000
FARO DE VIGO
Fecha: 17/03/2008
Sección: OPINION
Páginas: 13

# Adegueiros no Parlamento



**Xosé González Martínez**

A Mesa do Parlamento de Galicia recibirá o próximo día 18 do mes que andamos a tódolos adegueiros que etiquetan os seus envases en lingua galega. A cámara de representación popular tributará homenaxe institucional a cantos fan posible que a nosa lingua campe nas etiquetas e contraetiquetas das botellas dun produto tan de noso, que mesmo representa unha alta porcentaxe da nosa economía. Estamos a falar de cento quince adegas, das catrocentas corenta que están esparexidas pola xeografía galega. Acudirán, a maiores, vinte e pico máis que prometeron identificar as súas marcas coa lingua galega a partir da próxima colleita, secundando o chamamento que vén facendo tódolos anos a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística coa colaboración inestimable da Consellería de Medio Rural e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Vén sendo tradicional, xa de vello, que as marcas dos nosos viños teñan nomes de topónimos, maiores ou menores, dos lugares onde se colleita. Curros Enriquez referíase a esta circunstancia nun artigo publicado en 1895 na cidade de La Habana, a onde se exportaban: "San Lázaro, Saldo d´o Can, Enxebre, Vieira d´o Miño e Ribeiro (nomes case todos das fincas onde se cultiva)". Claro que, daquela, fóra do nome, o resto da etiqueta estaba redatada en castelán. Hoxe, non. Afortunadamente a conciencia galega da meirande parte dos nosos adegueiros mudou e publicitanse en galego.

Cando en 2006 presentabamos o libro "Palabras da Terra", unha fermosa publicación con fotografías de Pío García, e textos de tódolos adegueiros embarcados na aventura de galeguizaren os seus envases, o señor presidente da Xunta de Galicia, don Emilio Pérez Touriño, na súa intervención naquel emotivo e masivo acto, afirmaba que incorporar a lingua galega á actividade comercial supón, cada vez máis unha decisión vantaxosa para as contas de resultados das empresas. Ademais de consolidarse como a mellor estratexia comunicativa no ámbito empresarial, o galego contribúe a identificar unha referencia xeográfica que pola calidade contrastada dos produtos do país conleva sempre connotacións positivas. Este aserto certificao, efectivamente, a experiencia de moitos anos nos mercados interiores e exteriores das adegas galegas que xa etiquetan en lingua galega. Non hai ningún atranco ou eiva que desaconselle o uso do noso idioma na relación cos consumidores.

Velai porque os nosos gobernantes deben pular por un proceso galeguizador da economía, e nomeadamente do vinícola. O conselleiro de Medio Rural, Sr. Suárez Canal tamén sostén a opinión de que fomentar a identificación da calidade do noso produto co patrimonio cultural e lingüística galego é unha aposta gañadora. Do mesmo parecer é o pensamento de dona Marisol López, Secretaria Xeral de Política Lingüística, cando afirma que o feito de vender en galego pode determinar un incremento, tanto cuantitativo como cualitativo, no proceso de compra que a este se lle deriva. E a Mesa do Parlamento, que aprobou no ano 2004 o Plan Xeral de Normalización Lingüística, non só vai render homenaxe aos adegueiros con vocación galeguizadora; vai máis aló, porque o seu compromiso coa normalización da lingua galega vai supoñer que a partir de agora nos actos institucionais da Cámara Galega, nos que o protocolo inclúa bebidas, as etiquetadas en galego terán preferencia. E a mesma decisión tomaron os cincuenta concellos máis importantes de Galicia e moitas das súas institucións públicas.

> Non hai ningún atranco ou eiva que desaconselle o uso do noso idioma na relación cos consumidores

Estamos nun momento decisivo para que os axentes económicos identifiquen as súas mercadorías co sinal de identidade máis importante de noso. Nesta tarefa socrática anda metido o Foro Enrique Peinador, herdeiro daqueles empresarios que como Antonio Fernández, Ramón Obella Vidal (a quen rescataremos axiña do esquecementos) e Enrique Peinador abrazaron hai ben ano, con gran éxito empresarial, a galeguización do País. Foron os precursores da fórmula aritmética I+D+i, que hoxe tanto se cacarexa. Foron uns adiantados no seu tempo, porque xa lle engadiran un sumando máis: o G, de galeguismo. E nesa dirección queremos andar todos: as institucións, os que xa etiquetan na nosa lingua e aqueloutros que, como a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, pulamos un proceso cheo de éxitos.

17 de marzo de 2008

# Cando o viño fala e fala galego

**NORMALIZACIÓN** ► Preto de cento corenta adegas da comunidade etiquetarán a súa produción na lingua de Galicia na colleita do 2008 ► O Parlamento apoiou onte a galeguización das lendas e Dolores Villarino sinalou que o idioma galego "é rendible, tamén no mundo empresarial"

**REDACCIÓN/AXENCIAS** • SANTIAGO

O Parlamento de Galicia manifestoulle onte o seu apoio á campaña *Deixa que o viño fale* de etiquetaxe de viños en galego e, durante o acto, a presidenta da Cámara, Dolores Villarino, lembrou que 115 adegas xa etiquetan en galego e outras 24 empezarán a facelo na colleita do 2008.

Na súa intervención, Villarino sinalou que no 2003 só etiquetaban en galego 15 marcas dun total de 440 adegas adscritas ás cinco denominacións de orixe de Galicia e destacou que o obxectivo é que "mañá sexan aínda máis as que se comprometen a levar a lingua galega con elas".

A presidenta do Parlamento destacou que o galego, ademais de ser o vehículo de transmisión óptima da cultura da comunidade, representa "un factor positivo de mercado". Así, concluíu que está confirmado que o idioma galego "é rendible, tamén no mundo empresarial".

Por iso, animou os sectores produtivos a que se unan a iniciativas como a de *Deixa que o viño fale* e resaltou a boa acollida da campaña. Ademais, saudou a implicación dos bodegueiros e considerouna de "especial relevancia" para a defensa e normalización do uso do galego.

"Este acto consolida a alianza estratéxica entre as adegas e a nosa lingua, grazas ao cal o galego é presentado en todo o mundo", resaltou Villarino, que explicou que a Cámara que preside desexa vincularse ao máximo con este proxecto.

ANTONIO HERNÁNDEZ



**Suárez Canal, esquerda, Dolores Villarino e Marisol López, onte no acto celebrado no Parlamento**

A.H.



**Imaxe do público asistente onte ao acto 'Deixa que o viño fale'**

Pola súa banda, o vicepresidente de Adegas Martín Códax, Ramón Barral, destacou en nome dos bodegueiros que o viño é "un dos produtos máis identificados coa terra", tras o cal sentenciou que "ninguén dubida de que o viño galego debe falar galego".

Barral subliñou que "o viño e a lingua levan moitos anos camiñando xuntos" e advertiu de que a utilización da lingua "é máis que unha opción, é unha esixencia".

Finalmente, explicou que o uso do galego na etiquetaxe "demostrou ser un exercicio de coherencia e unha estratexia comercial axeitada".

**OS DATOS**

**Exemplarizante** ► O presidente da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, Xoaquín Monteagudo, sinalou que escolleron o sector vitícola como "exemplarizante" para o resto do mundo agrario galego e apostou por traballar a favor do galego no mundo tamén no ámbito "económico e empresarial".

**Calidade** ► "Multiplicamos por dous o número de adegas que etiquetan en galego desde 2003", asegurou Monteagudo. A súa organización acumula vinte anos de historia a prol da incorporación da lingua aos ámbitos institucionais e xurídicos de todo tipo. Tamén impulsou o seu uso no mundo económico e empresarial, a través de Galicia Empresa e co Foro Enrique Peinador. Segundo Monteagudo, o galego dálles aos viños un "plus de calidade, reforza o seu vínculo con Galicia e singulariedade".

**Tres grupos** ► "No acto, que se desenvolveu no Salón dos Reis do Parlamento galego, tamén estiveron presentes deputados dos tres grupos, numerosos bodegueiros, a secretaria xeral de Normalización Lingüística, Marisol López, e o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal ■

18 de marzo de 2008

Xosé González Martínez, presidente do Foro Peinador

# 'Economía e empresa débense galeguizar con paciencia'

**X. Carballa**

"O informe [do Club Financeiro de Vigo] non responde a ningunha realidade, nin se sustenta en datos estatísticos de ningún tipo. Hai sectores que non reman na mesma dirección e móstrannos a realidade dun país desvertebrado. Esa saña coa que se manifestan contra o galego penso que cos anos acabará sendo un retorno á Terra, como dicía Rof Carballo. Son comportamentos de xente colonizada", así analiza esta polémica o presidente do Foro Peinador, un organismo que trata de seducir para a galeguización ao mundo da empresa e da economía. Xosé González Martínez é un veterano nesta lides e reivindica un traballo de paciencia e insistencia. Entre os logros deste esforzo enarbora como símbolo a etiquetaxe de viños en galego, "en 2003 apenas eran 15 adegas sobre máis de 400, e hoxe xa son máis de 157 as que practican con fachenda esa galeguización".

Insiste na idea da pedagoxía e da insistencia como marca para avanzar na normalización da lingua "a filoloxización do idioma fracasou. Non ten sentido ningún nos servizos públicos de normalización, ou nas das organizacións empresariais. Mesmo no ensino fracasou. Os profesores de galego non teñen que ter como obxectivo formar escritores ou poetas, senón axudar a desenvolver unha vida profesional en galego. Por iso penso que especialistas en dereito e empresa, sociólogos e non filólogos, son os que teñen que atender prioritariamente ese labor porque son os que entenden de métodos e prospeccións, e saben da lexislación e das maneiras de aplicala. O futuro do galego está na economía e na empresa e iso esixe renunciar a tantas actitudes de arrebolar con pequenos conflitos que son unha perda de enerxía".

**DIÁLOGO E PERSUASIÓON.** "O modelo que propoñemos desde o Foro Peinador é o do diálogo constante. Levamos apenas dous anos funcionando e xa nos temos entrevistado con máis de 50 empresarios, seguindo unha metodoloxía de conversar e expoñerlles nun foro aberto, sen condicionamentos de pronunciarse publicamente, as vantaxes da galeguización. Este é un labor que se debe facer sen condicionantes ideolóxicos a priori. Comprobamos que con paciencia, tempo e mecanismo axeitados se conseguen resultados".



**Xosé González.** A.G.N.

> **Especialistas en dereito** e empresa, sociólogos e non filólogos, son os que teñen que levar os servizos de normalización"

O recente acto no que Barreras anunciou o proceso de galeguización das actividades empresariais é considerado un modelo por Xosé González, que lembra que o Club Financiero o recoñece coa medalla de ouro da entidade neste 2008. "Francisco Viñas puxo en marcha un amplo programa de galeguización do estaleiro e agora vai ser el mesmo quen nos vai axudar a convocar a varias ducias de empresarios que colaboran coa súa empresa. Desa maneira poderemos ter un contacto directo cun novo círculo de xente da economía. É certo que ás veces nos preguntan 'e vós de quen sodes?', pero ese estigma se perde axiña cando se establece o diálogo directo. A lección que sacamos é que hai que ser máis flexíbeis e saber que sen paciencia non se consegue nada en política lingüística".

O método seguido desde o Foro Peinador é a convocatoria dunha reunión mensual, pensada para falar con calma e comproban "que o discurso galeguista non ten contestación. Hai descoñecemento e falta de información. Nalgúns casos hai prexuízos ideolóxicos, pero cando se presentan dúbidas legais e ven que é o propio Fiscal Xefe de Galicia quen llas aclara o camiño é máis fácil".●

13 de abril de 2008

# Irmandade xurídica galega

**XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ**



SECRETARIO DA ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

HAI ben anos que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística vén preocupándose polo desenvolvemente de accións e iniciativas para normalizar a lingua galega nos usos xurídicos. O Parlamento galego foi o destinatario das máis delas. Isto vén acontecendo ininterrompidamente desde 1983. Traducións dos textos legais á nosa lingua, códigos Penal e Civi; creación da sección de linguaxe xurídica e administrativa no Instituto da Lingua Galega; publicación do primeiro manual do notariado; xornadas e congresos nos que participaron as asociacións profesionais do Dereito e, nomeadamente, da xudicatura. Foron algunhas das moitas propostas nas que vimos traballando desde entón. Sen esquecermos que os gabinetes de traducións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e das catro audiencias provinciais son tamén parte da ristra de conquistas acadadas por nós nun ámbito de escasa receptividade a este discurso.

O ordenamento xurídico que regulaba o uso da lingua galega na Administración de Xustiza —tanto as normas estatais como as autonómicas— deixa a porta entornada para que a lingua galega poida entrar en ámbitos vedados desde hai catro séculos. Sen embargo a cidadanía, en xeral, e os operadores xurídicos, en particular, non fan uso das posibilidades da legalidade vixente ao non invocaren o dereito establecido no artigo 7.3. da Lei de Normalización Lingüística para demandaren dos tribunais que as resolucións xudiciais que lles afectan sexan ditadas na nosa lingua. Xurisdicións como a laboral e contencioso-administrativo, por exemplo, tan frecuentadas polas asesorías xurídicas dos sindicatos e institucións públicas, poderían presentar un balance de uso do galego case total. Sen embargo, polo non exercicio dese dereito, o resultado é cativo. Isto mesmo acontece nas notarías, onde a demanda do uso da lingua por parte dos usuarios destes servizos públicos é insignificante porcentualmente.

É certo que a nai do año desta contradición e disfunción está na incompleta formación dos xuristas. As facultades de dereito e escolas de prácticas xurídicas non se teñen preocupado do establecemento de asignaturas optativas ou da organización de cursos monográficos, respectivamente, para o coñecemento do ordenamento xurídico que regula a utilización das linguas en tódalas ordes da vida social, institucional e económica.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non é un exemplo brillante de institución dunha comunidade autónoma con lingua de seu con rango oficial. É certo que nos seus comezos, grazas ao maxisterio galeguista do maxistrado Daniel García Ramos algunhas das súas salas —a civil e a do contencioso— ditaban boa parte das súas resolucións na nosa lingua. Pero axiña aquela esperanza virou en frustración pola conduta belixerante da maioría dos maxistrados daquel tribunal, que lles pecharon as portas á lingua galega.

Di o refrán que o moito asoprar, o lume acende. E isto foi o que veu facendo a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística durante todos estes anos. E agora alborexa no horizonte unha esperanza. Unha nova fornada de xuíces, fiscais e avogados vai secundar o exemplo de Carlos Varela, fiscal superior de Galicia, de Benito Montero, Xoán Horro e Xoán Xosé Barreiro Prado, fiscais e maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra, verdadeiros esteos deste movemento regaleguizador, que veñen traballando arreo neste labor desde hai moitos anos, sen esquecer aos tamén maxistrados Luciano Varela e Xoán Alfaya.

O próximo día vinte e un celebraremos no mosteiro de Celanova o acto de constitución da Irmandade Xurídica Galega —unha póla máis da Afnlg—, coa primeira investidura de togas da galeguidade a máis de vinte funcionarios e funcionarias xudiciais que veñen realizando o seu labor xurisdicional en lingua galega. Nese mesmo acto homenaxearemos a Sebastián Martínez Risco, mestre de xuristas, ex presidente da Real Academia Galega, coa edición dun libro no que Xosé L. Franco Grande e Xosé L. Rodríguez Pardo, fan as respectivas louvas. Un home, sen dúbida, que forma parte dunha numerosa e honrosa tradición de xuristas galegos que estiveron identificados cos nosos valores culturais: F. Bouza Brey, R. Carballal Pernas, M. Casado Nieto, D. García Ramos, R. González Pastoriza, V. Gutiérrez Aller, P. López González, Claudio Movilla, Arturo Noguerol, V. Paz Andrade, Peña Novo, F. Penzol, Porteiro Garea, Orencio Pérez... Irmandiños no Dereito e no galeguismo. Xente de lei.

**PAREJA**




15 de xuño de 2008

# Jueces y fiscales crean la Irmandade Xurídica Galega

## La organización busca fomentar el uso del gallego en la Justicia

CRISTINA HUETE
**Ourense**

Veinte juristas y cinco funcionarios hicieron votos por la promoción del gallego en la Administración de Justicica. La fórmula solemne de su compromiso resonó como una liturgia laica en el abovedado refectorio del Monasterio de Celanova. "Sí, me comprometo a utilizar y promocionar el gallego en mi actividad profesional", fueron asumiendo uno a uno todos los compromisarios juristas del idioma. Y así, fiscales, abogados y funcionarios se convirtieron en los primeros miembros de la Irmandade xurídica galega. Investidos con la toga (excepto los funcionarios) y bajo el lema "En galego. É de Lei", los primeros irmandiños de la Justicia se reivindicaron "hijos de la tradición" y embajadores de la dignificación y ampliación del gallego a las bases sociales.

El Observatorio da Lingua Galega había lamentado apenas 24 horas antes la "escasa presencia del gallego en el ámbito judicial". Lo ratificó en Celanova su presidenta, Mari Sol López, y el Fiscal Superior de Galicia, Carlos Varela, que presidió el acto, dejó clara la "realidad distorsionada" de la administración de Justicia. "Veinticinco años después de la aprobación de la Ley de Normalización Lingüística, la norma no es observada: todo se redacta en castellano", reprobó Varela instando a las audiencias provinciales a cumplir el mandato legal y exhortando a "todos los sindicatos" a que usen el gallego en las demandas y juicios sociales. "Si la Xunta, los ayuntamientos y las diputaciones fueran diligentes habría otras cotas de normalidad", sentenció el Fiscal Superior. Varela abogó por "suplir las carencias" de la diversidad lingüística en los planes de estudio de Derecho en las universidades gallegas.

Ya antes, el presidente de la Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, Xoaquín Monteagudo, había reclamado que "el Estado asuma la promoción del uso del gallego". Destacó que este idioma "no será una lengua plenamente oficial si no se incorpora a las relaciones jurídicas". Monteagudo abogó por mantener el pacto social por el gallego de 1981 y "enterrar el enfrentamiento lingüístico que sectores ultramontanos quieren imponer".

Junto al Fiscal Superior de Galicia, se invistieron como irmandiños el Jefe Superior de Policía de Galicia, Luis García Mañá, magistrados de primera instancia de diversos municipios gallegos, el fiscal de la Audiencia de Pontevedra, el magistrado del Juzgado de Vigo de Violencia contra la mujer y diversos jueces y abogados.

La constitución de la Irmandade estuvo vinculada al homenaje de los juristas a Sebastián Martínez Risco, que además de abogado y magistrado fue presidente de la Real Academia Galega entre 1960 y 1977. Un periodo en el que la justicia "estaba llena de gente absurda en un mundo disparatado que Martínez Risco desmanteló", destacó Xosé Luís Franco Grande, formado en el bufete que Risco tenía en A Coruña.



**Integrantes de la Irmandade Xurídica fundada ayer en Celanova.**

Tras saludar a las dos hijas de Martínez Risco, un cortejo cívico encabezado por la banda de música de Celanova y seguido por los togados, autoridades y público, recorrió las calles de la villa hasta la Casa Museo de Curros Enríquez . Allí, el fiscal de la Audiencia de Pontevedra, Benito Montero Prego, pronunció unas palabras sobre el proceso judicial desarrollado en Ourense contra el autor de *Aires da miña terra*. Un libro que, en opinión del entonces obispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, contenía "versos blasfemos".

Transcurrido más de un siglo del proceso judicial contra Curros, y coincidiendo con el centenario de su muerte en La Habana, una veintena de juristas gallegos le rendía tributo en su casa natal tras reclamar respeto a la diversidad lingüística de los gallegos "sin menoscabo de los ciudadanos que se expresan en una lengua distinta a la nuestra".

"Todo vale la pena si el alma no es pequeña", parafraseó ayer a Pessoa el Fiscal Superior, Carlos Varela, tras destacar que el acto celebrado "no tiene precedentes en la historia de Galicia".

21 de xuño de 2008

# A lingua galega na xudicatura e nas forzas e corpos de seguridade



**Xosé González Martínez***

Hai trinta anos promulgouse a Constitución española. Desde entón o desenvolvemento normativo foi incesante. Sen embargo, no que fai aos dereitos lingüísticos o Estado ten feito moi pouco por adecuar a súa Administración ao réxime da cooficialidade lingüística establecida polo artigo 3.2, que establece que "a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección".

Fóronse sucedendo os gobernos e adiándose as orientacións do Tribunal Constitucional sobre o alcance e consecuencias da cooficialidade lingüística para tódolos poderes públicos, que recoñecen o dereito dos cidadáns a usaren calquera das súas linguas perante calquera Administración da Comunidade respectiva con plena eficacia xurídica. Este dereito obriga a tódolos poderes públicos (estatais, autonómicos e locais) radicados na Comunidade a adaptaren os seus servizos a esa situación de bilingüismo, debendo esas administracións dotárense dos medios necesarios para a efectividade de tal dereito.

As forzas e corpos de seguridade e a xudicatura son dous exemplos que ilustran esa disfunción en cadanseu ámbito institucional. Aplicacións informáticas centralizadas que impiden o uso da lingua galega nos procedementos que se tramitan nas súas dependencias e a falta de regulación dos usos lingüísticos, tollen os dereitos fundamentais dos cidadáns que garante a Constitución española, e converten en papel mollado a "protección e respecto" que se pregoa das linguas distintas do castelán.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística vén realizando unha actividade continuada neses dous ámbitos institucionais con propostas que se traduzan en iniciativas lexislativas que artellen un sistema normativo que regule o uso das linguas cooficiais nesas institucións, por unha banda, e, por outra, campañas de sensibilización que van mudando os hábitos e actitudes lingüísticas dos funcionarios públicos adscritos a elas.

> "Os xuíces e maxistrados propoñen levar a cabo unha serie de experiencias piloto en órganos xudiciais galegos"

Recentemente, coa Irmandade Xurídica Galega celebraron un encontro cos responsables de 15 zonas da Garda Civil, da Xefatura Superior de Policía de Galicia e da Unidade adscrita do C.N.de Policía á Xunta de Galicia, o Fiscal Superior de Galicia, un númeroso grupo de xuíces e fiscais, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, Dirección Xeral de Xustiza e directivos da Escola Galega de Seguridade Pública. Resultado dos debates é a chamada "Declaración de Aciveiro", na que se recollen as demandas para axilizar o proceso normalización consonte co réxime de cooficialidade lingüística vixente.

Nas conclusións da xuntanza, sen prexuízo de recoñecer os notables avances rexistrados nos últimos anos en materia do uso do galego nos seus respectivos ámbitos de traballo así como da situación actual, considerouse preciso seguir avanzando nesta liña, deliberándose sobre unha serie de medidas conducentes á mellora desta situación: capacitación lingüística do persoal dos organismos representados, e presenza nos servizos de atención ao público da administración xudicial e policial de persoal abondo capacitado, debendo ser dito aspecto especialmente valorado nos plans de calidade ou avalación dos servizos. Estimouse relevante promover o uso da lingua galega nas intervencións públicas e comunicados de prensa. Asemade, os xuíces e maxistrados participantes, propoñen levar a cabo unha serie de experiencias piloto en distintos órganos xudiciais galegos nas que as relacións mutuas entre xulgados e policia se desenvolvan tamén en galego, imprescindibles para difundir a normalización lingüística.

**Secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.*

10 de decembro de 2008

# A fala dos viños. Antoloxía dos viños etiquetados en galego



MANUEL **DOURADO DEIRA**

Ámbolos dous títulos, moi significativos de por si, figuran na portada e no canto do magnífico libro que me acaba de enviar o amigo Pepiño de Redondela; isto é: Xosé González, secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística. Un veterano, admirable e incansable loitador polos dereitos do idioma natural de Galicia. Un galego exemplar; un referente que hai que seguir para recuperar a dignidade de Galicia, baseada na súa Lingua, na súa Cultura e Historia e Tradición, como sostiven sempre. O autor expresão moi ben nun magnífico artigo que publicou en EL CORREO GALLEGO o pasado 16-dec.-08, e que titula *Etiquetado de Viños en galego, por favor*.

Un libro de gran formato (24X17), en papel couché estucado, con ilustracións a toda plana e en cor. Un libro extraordinario que non debe faltar en ningún fogar galego se quere ter na súa mesa os mellores caldos de Galicia que xa están a competir cos mellores viños do mundo. Non se trata de sibaritismo esaxerado, senón máis ben de regalarse modestamente na mesa do noso pan de cada día cos *sabores e saberes* dunha exquisita euforia na que *as penas* non aboian; tampouco afondan e afogan de vez no noso mar de posibles tribulacións; pero, polo menos, lograremos que pairen entre augas e nos permitan unha tregua para superalas e seguir navegando polos camiños da Vida desafiando os posibles temporais cando se enfronten.

E, se non, poñan como acompañante na súa mesa un Monterrei, un Rías Baixas, un Ribeira Sacra, un auténtico Ribeiro, ou un Valdeorras...

> ***Libro extraordinario que non debe faltar en ningún fogar galego se quere ter na súa mesa os mellores caldos de Galicia, que xa están a competir cos mellores viños de todo o mundo***

E, ao remate do seu xantar ou da cea, como acompañante satisfactorio e indispensable, un bo augardente ou mesmo un licor, feitos como os preparan, por exemplo, Arco da Vella, Dos Eidos, Galegas, Martín Códax –que, amais do saber poético-histórico, engade o pracer do sabor para unha dixestión exquisitamente euforizante que alumea as penumbras dos camiños da Vida (Castelao) para atinar co noso futuro, co futuro dunha Galicia Consciente de si mesma.

Iso sen se esquecer da economía propia de Galicia, que, como sostivo Marxs, constitúe a plataforma de toda Política galega digna que explote os propios recursos e non permita que sexan espoliados por empresas foráneas cuxo único obxectivo é o lucro. E o sector vitivinícola é un dos factores fundamentais da nosa economía, como sosteñen Mari-Sol López Martínez, secretaria de Política Lingüística, o conselleiro do Rural, Suárez Canal, e Xoaquín Monteagudo, presidente da Asociación de Normalización Lingüística, nos seus respectivos prefacios ao libro.

Ir pasando as follas do libro, con fotografías a toda plana e cor e as breves referencias ás virtudes de cada denominación de orixe, ¡uhm!, é un pracer de deuses. Semella que os percibes pola vista e embriagan os restantes sentidos. ¡Iso é facer Patria Galega! Feliz Aninovo con viños galegos!●

16 de decembro de 2008

A Peneira
1ª Quincena, Maio de 2009



# 'Galeguizando Galicia'

## promocionado o galego

Antón F. Escuredo/ Xurxo Martínez

A lingua galega está de actualidade. A aparición hai uns meses de certos sectores minoritarios que tentar frear o lento proceso de normalización do noso país e os primeiros movementos do goberno entrante neste sentido sinalan que o noso idioma seguirá a protagonizar debates e tertúlias. Hai uns meses xurdiu na rede unha páxina web na que participan varias organizacións de promoción do galego. O seu nome: galeguizargalicia.com.

### Seis entidades

Este "novo espazo social", como gosta en chamarlle Xosé González, un dos seus promotores, pretende artellar un discurso de nación que implique a diversos sectores sociais aos que non chegan outras iniciativas. "Vivimos unha fase de desgaleguización", asume Xosé González. E deso sabe moito. Foi fundador da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que estes días celebra o 25 aniversario da asamblea que, en Compostela, sentara as bases da actual política lingüística municipal.

Na experiencia virtual participan, ademais desta entidade, a Irmandade Xurídica Galega, a Fundación Lois Peña Novo, a Asociación de Amigos do Couto Mixto, a Asociación Álvaro das Casas e o Foro Enrique Peinador.

### Sectores

"Tratamos de galeguizar a cinco ou seis sectores moi concretos pero dentro dunha transversalidade", conta González. A idea é conseguir que os notarios e os avogados, por exemplo, se impliquen para conseguir un corpus xurídico documental en galego. "Se somos capaces de conseguir que a economía se galeguice, vanse galeguizar os consumidores, os traballadores, a propia empresa, as entidades coas que a empresa ten relacións, as entidades bancarias...", argumenta Xosé González. Este traballo de concienciacion realízano fóra do ensino e a cultura. Teñen claro que hoxe a economía é fundamental. "O día en que sexamos capaces de conseguir que Citrën faga as súas nóminas, papeis administrativos, rotulación, en galego estariamos mandándolle unha mensaxe directa aos traballadores", asegura.

Todas estas entidades teñen en común, tamén, o seu método de traballo. Fuxen da protesta e mesmo da resposta contundente aos ataques á lingua. Daquela, prefiren apostar por convencer amablemente.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística fundouse en 1982 a partir dun grupo de funcionarios e funcionarias da Xunta e a Administración local.

En de xuño 2008 celebrouse no mosteiro de Celanova a constitución da Irmandade Xurídica Galega, que aglutina, amais de persoal xudicial a outros profesionais do Dereito.

A Fundación Lois Peña Novo crease a partir dos premios constituidos en 1995 para animar, alentar e incentivar a aquelas persoas que traballan arreo polo normalización dalingua galega.

A Asociación de Amigos do Couto Mixto xurdiu en 1992 cao intención de dar a coñecer este territorio outrora independnete de España e Portugal.

A Asociación Álvaro das Casas creouse en 2003. Fomentan o uso do galego en sectores como o da enoloxía cos premios "Baccos de prata".

5 de maio de 2009



# En galego consumo gusto

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Presidente do Foro E. Peinador



CHEGA o mes do Nadal e con el as grandes campañas publicitarias. Van ser tantas que achourilarán aos consumidores. Ofertaranse viños, whiskys, champáns e licores de tódalas clases. Iso si, etiquetados en linguas distintas da nosa. Tampouco faltarán nesta época os anuncios de cosméticos e colonias que se anunciarán maioritariamente en inglés e francés con imaxes insinuantes e voces afectadas. E os consumidores observarán esta proliferación de reclamos comerciais sen estrañárense polas linguas estranxeiras empregadas.

Sen embargo, aínda hai empresarios e axencias de publicidade que consideran que a lingua galega non é apta para a comunicación cos consumidores. Determinar e subliñar a imaxe dun produto ou marca é un factor de enorme relevancia, e a peor estratexia é aquela que parte do principio apriorístico viciado polos prexuízos lingüísticos, que lle negan á lingua galega as posibilidades que lles outorgan a outras. A orixinalidade é un factor decisivo no discurso da comunicación. Os empresarios galegos deberían tomar nota do éxito acadado pola campaña publicitaria de Gadisa.

> Sen embargo, aínda hai empresarios e axencias de publicidade que consideran que a lingua galega non é apta para a comunicación cos consumidores

O mesmo predicamos para a etiquetaxe. Identificar os envases dos produtos coa lingua galega é un valor engadido nos mercados da globalización. O Foro E. Peinador e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, veñen de lanzar unha campaña animando ao uso da lingua galega na etiquetaxe nun acto celebrado en Ourense baixo o rubro "En galego consumo gusto". Coñecidas marcas de viños, aceites, augas minerais, bebidas carbónicas, produtos cárnicos, lácteos, conservas, etc. xa etiquetan na nosa lingua.

A reivindicación dunha maior presenza social da lingua galega implica que esta se estenda aos ámbitos empresarial e comercial. Non ten fundamento o argumento utilizado para negarse a etiquetar en galego aducindo que a lingua galega pecha portas noutros mercados. Iso non é certo. Que llelo digan ás cento cincuenta e sete adegas galegas que etiquetan no noso idioma e están nos mercados internacionais. Ou ás firmas que etiquetan os seus produtos en francés e inglés e que se venden en tódolos establecementos do noso País.

Os consumidores, nomeadamente aqueles que din defender a nosa cultura, teñen moito que aportar para que ese proceso de normalización lingüística sexa progresivo e chegue a outros ámbitos. Cómpre que os consumidores propicien eses avances aplicando o principio da discriminación positiva nas compras: a igual calidade, preferenza polos produtos etiquetados en galego. Deste xeito, afortalaremos o proceso produtivo do País en clave identitaria.

A responsabilidade é de todos: dos empresarios, pero tamén dos consumidores. Sexamos prácticos.

2 de decembro de 2009

# A automoción podería ser motor da identidade

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

PRESIDENTE FORO E. PEINADOR

SEGUNDO os datos estatísticos, o sector da automoción en Galicia é un dos que máis postos de traballo ten creado. Estiman as cifras oficiais que poderían ser ao pé de trinta e tres mil traballadores e traballadoras, dos que seis mil e pico pertencen ao grupo PSA Peugeot-Citroën. Unha nómina considerable que á súa condición de traballadores/as une, indisociablemente, a de seren cidadáns aos que a Constitución e seu ordenamento xurídico lles recoñece dereitos. Dentro deles enmárcanse os lingüísticos. Pero, paradoxalmente, na súa condición de traballadores limítanselles ou impídenselles eses dereitos.

O empresariado galego segue a manter coa súa actitude unha Galicia dual, ignorando o contexto cultural no que están asentados, minorizando unha lingua coa súa marxinación ao tempo que fracturan as raíces da identidade colectiva.

Os reitores das tres universidades galegas veñen de enviarlles ás cen empresas máis importantes de Galicia, entre elas as da automoción, unha carta convidándoas a superaren esa práctica e incorporar a lingua galega a algunhas das súas actividades dando paso a unha nova cultura empresarial en harmonía co país: «Animámolo a que cambie os hábitos lingüísticos da empresa que dirixe: sabemos que un cambio como o que lle propoñemos suporá un esforzo e, xa que logo, abrir un proceso que terá que ser gradual, para superar inercias e ir creando unha nova mentalidade. Mais estas pequenas dificultades son superables, como así o demostraron outras empresas que foron incorporando o noso idioma en diferentes actividades. A lingua galega é un factor de cohesión social que debe ser aproveitado polos empresarios».

As experiencias de empresas que incorporaron a lingua galega a algunhas das súas actividades teñen redundado favorablemente na autoestima dos traballadores e clientes, ofrecendo co paso do tempo un balance positivo. Os seus exemplos deberían terse en conta no sector da automoción e nomeadamente na fábrica de Balaídos. O argumentario dos tres reitores é irrefutable, e as medidas que propoñen para incorporar a lingua galega á publicidade, relacións cos traballadores, consumidores e administracións públicas non ofrecen dificultades que non sexan superables.

Da redacción dos códigos éticos e boas prácticas que moitas destas empresas teñen establecidas como normas de obrigado cumprimento, queda clara a non discriminación por razón de idade, sexo, estado civil, raza, relixión, opinión, afiliación sindical «ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social», nas que vemos implícita a lingüística.

É tempo de mudas. Iso é o que pensan os reitores das tres universidades galegas, institucións académicas que son baluartes da ciencia e a galeguidade.

10 de febreiro de 2015



# Homenaxe ao pobo de Tourém

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ


NAS TERRAS do Barroso está a aldea de Tourém, que os arraianos galegos denominan Turei; unha freguesía do Concello de Montalegre, porta con porta con Randín deste lado da fronteira galega, e a unha carreiriña dun can do Couto Mixto se ímos polo Camiño Privilexiado. No século XIX pertenceu á diocese de Ourense. Alí, sen saír da súa xurisdición eclesiástica, estivo desterrado don Pedro de Quevedo, o bispo que non quixo xurar a constitución de Cádiz de 1812, deica maio de 1814, fai agora douscentos anos.

Tourém contrasta con Randín. Mentres do outro lado da raia a economía agraria é puxante e a poboación moi numerosa, deste lado o censo de habitantes é mínimo, composto por xente vella que xa abandonou as actividades agrícolas.

> Conta Soto Fernández que había alí oitenta refuxiados galegos, todos sen un can e sen teren que comer. E os corenta veciños, pobres de solemnidade, axudábanlles

Tourém e Randín comparten o mesmo espazo natural do parque do Xurés e unha historia común. Poucos territorios teñen sido obxecto de tanta atención polos antropólogos e creadores literarios. João Gonçalves da Costa, António Lourenzo Fontes, Paula Godinho ou Bento da Cruz pola banda portuguesa dedicáronlle monografías e relatos literarios que se complementan cos que Xoaquín Lourenzo 'Xocas', Méndez Ferrín, Luís Manuel García Mañá, Antón Riveiro Coello e Xosé Benito Reza teñen publicados. Otero Pedrayo na súa novela 'O señorito da Reboraina' describe as actividades conspirativas de Xoán Manuel Pereira nas loitas entre liberais e absolutistas por aquelas terras.

Ese escenario tamén foi elixido en 1936 polos republicanos galegos que fuxían da persecución da sublevación militar. Luís Soto Fernández nas súas memorias describe así a Tourém: «é un 'pobiño' que tiña entón corenta veciños e no intre en que eu recalei nesa aldeiña había oitenta refuxiados galegos, todos sen un can e sen teren que comer. Os corenta veciños, pobres de solemnidade, axudaban ós nosos fuxidos, pois só había dúas familias que se desenvolvían económicamente ben: o farmacéutico e o profesor Barros, un conservador, oliveirista, pero con sentido humano, mentres que o señor Barros, que era masón e mestre de escola, era antifascista».

Por Tourém pasaron ducias de galegos: pasou o doutor Antonio Fernández Carnicero, médico, e outros compañeiros de profesión aos que relaciona David Simón Lorda no seu documentandisímo libro sobre os médicos perseguidos na provincia de Ourense. Por alí pasaron tamén o deputado Alfonso Pazos, o poeta Delgado Gurriarán e outros moitos, que deste xeito salvaron a vida. Algúns estiveron metidos nun agocho moi ben desimulado que tiña a casa dos Bragança que aínda se pode ver hoxe.

Luís Soto, amigo e compañeiro meu nas lides políticas, tíñame insistido na necesidade de recoñecerlles tanto ao profesor Manuel Barros Gonçalves como ao pobo de Tourém os sacrificios e solidaridade. Recollín o seu mandado e xa hai anos que celebramos un acto de homenaxe a aquel mestre colocando unha placa na casa onde vivira. Agora, o próximo sábado día 15, ás 12.30 horas, promovida pola Fundación Lois Peña Novo dentro das actividades do roteiro 'Luís Soto.Vieiros da Memoria', e coa inestimable colaboración do alcalde de Calvos de Randín, Aquilino Valencia, celebraremos un acto público co descubrimento dun monumento en homenaxe a aqueles homes e mulleres de Tourém que deron acubillo e protección aos loitadores polas liberdades en 1936.

12 de marzo de 2014

▶ «Unha cousa é lembrar o pasado, fundamental para coñecer as nosas orixes, e outra ben distinta, pensar no futuro cunha estratexía eficaz para incardinar a tódolos sectores da sociedade no proceso de regaleguización, fuxindo dos reiterativos rituais inzados de ineficaces ideoloxemas. Así non avanzaremos».

# Día da patria galega

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ





**OU DÍA DE GALICIA**, que tamén se denomina así esta xornada dedicada á exaltación dos nosos valores identitarios. Foron as Irmandades da Fala as que institucionalizaron ese día grande de Galicia, que chegou a ter moita forza nos anos da segunda república coa escenificación do mitin das arengas na praza da Quintana nas vésperas do 25 de xullo. dos articuladores máis vizosos do discurso galeguista definía o sentido daquela data: "O sentimento da patria debe ser un sentimento dinámico. Os pobos que consagran a súa historia como un dogma definitivo matan tódalas enerxías renovadoras. Por iso a veneración dos nosos antepasados, homes ou ideales ou dereitos que dormen nos fríos cemiterios ou nas bibliotecas enterradas baixo o pó dos séculos, ou nos incunables comestos, só nos deben servir de alento para superalos para preparar o camiño ao exército descoñecido dos nosos fillos".

Unha reflexión moi atinada. Abofé que si. Porque unha cousa é lembrar o pasado, fundamental para coñecer as nosas orixes, e outra ben distinta, pensar no futuro cunha estratexía eficaz para incardinar a tódolos sectores da sociedade no proceso de regaleguización, fuxindo dos reiterativos rituais inzados de ineficaces ideoloxemas. Así non avanzaremos.

A regaleguización do País implica unha actualización constante do discurso da nación, superando esquemas e comportamentos que só poden servir para consumo interno dalgunhas organizacións políticas. Nós representamos a continuidade entre o pasado que nos empuxa e o porvir que nos atrae.

Non abonda con perdírmoslles ás institucións públicas que protexan o noso patrimonio, e que incentiven e dinamicen políticas culturais. Teñen obriga legal de facelo. Pero hai decisións que corresponden ao ámbito de autonomía persoal dos cidadáns. De aí que os galegos, individualizadamente, deberiamos ter claras unha serie de medidas que aviven e revitalicen o espírito galeguista no ámbito das súas actuacións privadas. Vexamos algúns:

Primeiro. Apoiar ás empresas que se identifican coa nosa cultura. Se somos coherentes coa defensa dos nosos sinais de identidade, debemos consumir produtos etiquetados en lingua galega. Velaí están os agroalimentarios e os viños. Sen patriotismo económico, dificilmente podemos avanzar na galeguización do País.

Segundo.- Intensificar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar e nas nosas relacións sociais. Con pedagoxía e paciencia debemos galeguizar aos nosos. Para liberar un pobo, primeiro deberemos liberarnos nós.

Terceiro.- Sendo como somos un país de minifundios, de pequenos propietarios, témonos que esforzar por incorporar a lingua galega aos actos xurídicos documentados que recoñecen a propiedade (escrituras públicas) e a súa transmisión (testamentos) nas notarías.

Cuarto.-Proceder á rehabilitación da memoria lingüística dos nosos antepasados que están soterrados baixo lápidas redatadas en castelán. Reemprazalas por outras en galego, máis acordes coa lingua que usaron en vida os nosos defuntos. Un dato revelador: só unha de cada mil lápidas e un 2% das esquelas publicadas nos xornais están redactadas en lingua galega.

Quinto.- Establezamos o costume de agasallar libros en lingua galega.

O Día da Patria Galega é unha boa data para a remuda de hábitos culturais e de consumo. Despois da celebración das manifestacións e actos institucionais celebrémos o Día cun brinde, pero que sexa cun viño etiquetado en galego, por favor. Fagamos Patria.

25 de xullo de 2010



# Unha campaña promociona o consumo de produtos etiquetados en galego este Nadal

**A iniciativa 'En galego, con sumo gusto' pretende dar un paso cara a normalización lingüística mediante a concienciación dos usuarios de que apoien ás empresas que usan a lingua galega nos seus produtos**

Texto: **Redacción**

No propósito de avanzar cara a normalización do galego este Nadal o Foro Enrique Peinador puxo en marcha como en anos anteriores a campaña *En galego, con sumo gusto*. Este programa pretende promocionar o etiquetado en galego dos produtos propios do país como un paso máis cara a normalización. Personaxes coñecidos como Amancio Prada, Alba Nogueira, Suso de Toro, Antón Reixa, Morris ou Ernesto Chao apoian esta iniciativa e aconsellan á sociedade que aposten polo produtos galegos, etiquetados e comercializados na lingua galega. A campaña complétase cunha carta de consumo responsable e solidario aberta á firma dos empresarios e consumidores para amosar este compromiso.

O Foro Enrique Peinador alerta aos usuarios de que en momentos de crise como os actuais fagan un consumo "responsable e solidario". O presidente do ente, Xosé González, destaca que a sociedade debe darse conta de que para que a identidade perviva a lingua galega ten que ocupar outros espazos a maiores da cultura. "Se a lingua está presente na economía está salvada", explica.

O responsable do Foro Enrique Peinador explica que con esta campaña faise "un galeguismo de proximidade" co que se intervén no ámbito familiar á hora de facer as compras, sobre todo en épocas festivas como o Nadal. "A solución aos negocios non está na globalización senón en ter identidade propia porque os mercados internacionais esixen singularidade á hora de competir", destaca Xosé González. Cree ademais que un dos motivos polos que as empresas escollen este camiño é porque son conscientes de que é a maneira máis eficiente para acadar a denominación de orixe debido a que, xunto coa calidade, a lingua oferta unha "garantía" aos consumidores e "define a personalidade" do produto.

> Amancio Prada, Antón Reixa ou Ernesto Chao participan nesta iniciativa




Amancio Prada. / LA OPINIÓN




Antón Reixa. / LA OPINIÓN




O actor Ernesto Chao. / LA OPINIÓN




O presentador Xosé Manuel Piñeiro. / LA OPINIÓN

17 de decembro de 2012

# Antón Beiras

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ



PRESIDENTE DO FORO E. PEINADOR

O PROFESOR Ricardo Gurriarán é o autor dunha documentadísima obra publicada polo Servizo de Publicacións da USC co título 'Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)'. Un período de esplendor que se corresponde coa conversión das obsoletas estruturas dunha moderna universidade, debido fundamental a varias razóns; unha delas foi a aterraxe en Compostela de profesorado innovador. Martín Sauras, Calvet, Parga Pondal, Charro, Montequi… serían os principais nomes, que tiñan á súa fronte ao reitor Rodriguez Cadarso. A moitos deles coñeceunos Antón Beiras sendo alumno da Facultade de Medicina.

Rematada a carreira escolle a especialización de oftalmoloxía e abre consulta en Vigo, na rúa Policarpo Sanz número 22, porta con porta co despacho de Valentín Paz Andrade. Pola volta dos anos 60 Antón Beiras participa no seminario dedicado aos oftalmólogos de Galicia dirixido polo profesor Sánchez Salorio desde a súa Cátedra de Oftalmoloxía da USC. Ambos os dous organizan o ano 63 o Congreso da Sociedade Española de Oftalmoloxía na Toxa.

«Antón Beiras foi o primeiro galeguista optimista que eu coñecín», dixo o profesor Sánchez Salorio nun traballo publicado no libro 'Antón Beiras. La mirada certera. Historia del Vigoscopio', de Alejandro Otero, un dos seus máis estreitos colaboradores na creación daquel instrumento tecnolóxico revolucionario no seu tempo que permitiu corrixir o estrabismo. O ollo birollo tiña amaño grazas ás súas investigacións. Outros aparellos construídos baixo a súa dirección e polos seus colaboradores foron o alterno-obturador, o quinepleoscopio, a estimulación muscular por radio frecuencia, os prismas hidroelásticos de variación automática…

> «Antón Beiras foi o primeiro galeguista optimista que eu coñecín», dixo o profesor Sánchez Salorio nun libro de Alejandro Otero

O galeguismo de Antón Beiras víñalle de vello, pois na súa mocidade pertencera aos Ultreia, unha agrupación xuvenil creada por Álvaro das Casas. Daquelas ensinanzas quedaron o seu amor pola nosa lingua, que consideraba apta para os traballos científicos. «Coido eu que os homes de ciencia, e concretamente os médicos, poden tratar de honrar a propia fala, escribindo nela as súas observacións e experimentos aínda que sexan modestas… Máis aínda: deben tratar de expresarse na propia fala e isto como consecuencia dunha intención, que é a de identificarse e chegar ao pobo ao que pertencen, sen renunciar, todo o contrario, ao senso universal da ciencia», afirmaba nun artigo publicado na revista 'Referata'.

A Irmandade da Sanidade Galega e o Colexio Oficial de Médicos da provincia de Pontevedra convocan en Vigo, o próximo día 2 de marzo, unha homenaxe ao doutor Antón Beiras pola súa sabedoría científica e galeguismo.

22 de febreiro de 2013



# Domingo F. Del Riego

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ



Presidente do Foro E. Peinador

TIÑA BOTICA na rúa do Príncipe, fronte á rúa Eduardo Iglesias. Domingo faleceu relativamente novo, en 1978, cando tiña sesenta e dous anos. Era irmán de don Paco, a quen admiraba con garimosa devoción. A súa rebotica foi tan importante para a cultura galega como a de Perfecto Feijóo en Pontevedra para a música tradicional. Sen embargo, son moi poucos o teñen memoria dun home que deixou tras de si unha estela de galeguismo comprometido nos tempos difíciles da dictadura franquista.

Cando acababa de cumprir dezaseis anos, levado polo P. Seixas, tiven a inmensa fortuna de coñecelo e de asistir ás tertulias que se celebraban na rebotica. Falaba pousadamente, cun sembrante que transmitía afecto e tranquilidade nos seus interlocutores. Ameno nas súas conversas e aleccionador, así exercía o seu maxisterio socrático. Sabía escoitar demoradamente infundindo confianza e ganando a simpatía de todos. Domingo sempre estaba disposto a axudar, a botar unha man para que un grupo cultural de mozos dispuxera dos medios necesarios. No seu coche carretábanos ó pé dun castelo ou dun pazo, para que coñecésemos o patrimonio histórico de Galicia.

A Domingo del Riego ese amor por Galicia víñalle de novo, de cando estudara a carreira en Compostela. Foi ali onde con outros mozos fundaran as Mocidades Galeguistas, das que foi o seu primeiro secretario xeral, herdeiros da agrupación xuvenil «Ultreia», fundada por Álvaro das Casas, que había desembocar na creación en Ourense da Federación das Mocidades Galeguistas

Grazas ó seu estusiasmo e compromiso a lingua galega incorporouse á liturxia e textos bíblicos. Lembro as primeiras misas oficiadas polo P. Seixas na igrexa do Asilo no Paseo de Alfonso, onde os asistentes dividiamonos en dous grupos diferenzados: os que acudian por militancia, e os que o facían para controlar ós primeiros, a Brigada Político-Social. Estes en numeroso tropel.

No haber de Domingo del Riego están a fundación da Cooperativa Farmacéutica do Noroeste e a editorial Sept, pensada para publicacións litúrxicas e de pensamento cristián. No ámbito político cómpre dicir que foi cofundador do Partido Galego Social-Demócrata, que se integraría nas postrimerías do franquismo no Consello de Forzas Políticas Galegas. Máis tarde sería candidato ó Congreso coa alianza do seu partido, o PGSD e a democracia cristiana cristiá.

A Irmandade Galega da Sanidade o próximo día 4 de maio homenaxeará a este boticario adornado coas virtudes dun profundo sentido da responsabilidade ética e un inequívoco compromiso co País. Ás 12:30 descubrirase unha placa na fachada do edificio onde estivo a botica e a seguir celebrarase unha mesa redonda nos salóns do Círculo Mercantíl de Vigo. Memoria eterna para Domingo F. Del Riego.

25 de abril de 2013



Imagen: SANDRA ALONSO

# O galego, un punto forte para ter empresas máis competitivas

Comezan as reunións de traballo para dinamizar e ampliar o uso da lingua do país no tecido socioeconómico

35

ELISA ÁLVAREZ
SANTIAGO / LA VOZ - 02/09/2016 05:00

Estender o uso do galego na imaxe e na rotulación das empresas, asociar o uso desta lingua a produtos locais e de proximidade, fomentar a etiquetaxe galega ou promover a utilización do dominio .Gal nas webs das empresas. Son algunhas das medidas que recolle o Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico 2016-2020, que xa se aprobou no Consello da Xunta e agora comeza a súa implementación.

Onte levouse a cabo a primeira reunión de traballo entre os axentes implicados e os responsables da Consellería de Educación e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para debater como aplicar as medidas recollidas no documento. Participaron os representantes de quince entidades, entre asociacións de empresarios ou compañías particulares, en concreto as que foron máis participativas coas súas propostas na elaboración do plan. El Corte Inglés, Aenor, o Foro Enrique Peinador, a Confederación de Empresarios de Galicia, Anfaco ou Feiraco foron algúns dos colectivos representados. Esta foi a primeira dunha serie de reunións cos axentes que fixeron aportacións ao texto.

2 de setembro de 2016



# Luís Soto

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ



O CONCELLO de Celanova vén de acordar darlle a un vieiro o nome de Luís Soto. Os que fomos os seus compañeiros de loita agradecémoslle á corporación municipal esta honra a súa memoria. A Fundación Lois Peña Novo tamén recibe con ledicia esta decisión motivada pola proposta que lle fixera hai dous anos ó goberno municipal. Xaora o rueiro celanovés ten tres nomes unidos por un tempo e unha loita común: Celso E. Ferreiro, Pepe Velo e Luís Soto. Os tres foron amigos e abandeirados de proxectos culturais e políticos de transcendental magnitude para Galicia.

Pepe Velo, o nacionalista galego que co secuestro do trasatlántico Santa María logrou chamar a atención do mundo para denunciar as dictaduras franquista e salazarista. Celso E. Ferreiro, o sobranceiro cultivador da poesía social do século XX, emulador do seu admirado mestre Curros Enríquez. E Luís Soto, o home de acción que mobilizou conciencias e deu pé á organización do nacionalismo galego de esquerdas na década dos anos sesenta coa fundación da UPG, que moitos anos despois abandonaría para crear o Partido Galego do Proletariado.

Xurxo Martínez González, que é o seu biógrafo, debulla con intelectual pulcritude unha vida dedicada á liberación social e nacional. Primeiro, en Ourense, onde funda a Asociación de Traballadores do Ensino (Ateo) e participa na organización do Partido Comunista. Máis tarde, en pleno conflito bélico, acompañando a Castelao por diversos países do mundo para recabar apoio para a República. Xa no exilio, en México, Luís Soto, xunto con con outros compañeiros, crea organizacións políticas e culturais para reivindicar a legalidade republicana e a defensa da identidade nacional de Galicia. En colaboración co cineasta Carlos Velo, natural de Cartelle, pon en marcha o Padroado da Cultura Galega e a mellor revista xamais editada na diáspora: Vieiros.

Na miña memoria permanecen imborrables as lembranzas do amigo. Con el compartín o ilusionante proxecto político de crearmos un partido nacionalista superador das vellas correntes ideolóxicas que sobreviviran á guerra civil. Para el fora a creación máis importante da súa vida despois dos moitos fracasos políticos por non ter sido capaz de conseguir un partido comunista de obediencia galega. Para min foi a oportunidade histórica de crear e dirixir con outros compañeiros (moi poucos) un proxecto político nacionalista con vocación de avangarda, animadora do proceso de autoorganización das clases populares.

O Concello de Celanova vai facer posible que organicemos diversos actos naquelas localidades que tiveron que ver coas súas actividades políticas. 'Os vieiros de Luís Soto' unirán a distintas localidades: Buscalque, en Lobios; Penosiños, en Ramirás; Mondariz, Ourense e Tourém, no concello portugués de Montalegre, sen esquecermos Vilanova dos Infantes e Podentes, parroquia de nacencia, no Concello da Bola. En cada un destes lugares deixou Luís Soto a súa pegada política. Procuraremos organizar os actos que nos sexan posibles para restaurar a súa memoria un chisco esborroada polo paso dos anos, ao tempo que divulgarmos o seu pensamento político.

14 de agosto de 2013

XGM

| | |
|---|---|
| Introdución | 7 |
| Prólogo. Alonso Montero | 11 |
| Abalo, Mariano | 15 |
| Amoedo López, Gonzalo | 16 |
| Barreiro Prado, Xosé Xoán | 17 |
| Bas Corugeira, Javier | 19 |
| Beiras Torrado, Xose Manoel | 20 |
| Carballido Présas, Xosé | 22 |
| Castro Rey, Consuelo | 25 |
| Cid Fernández, Xosé Manuel | 26 |
| Conde Muruais, Perfecto | 28 |
| Couñago, Xosé | 29 |
| De Toro, Suso | 31 |
| Dobao, Antón | 32 |
| Domínguez, Celso | 34 |
| Domínguez, Quico | 35 |
| Estévez, Xerardo | 49 |
| Fernández del Riego, Francisco | 51 |
| Ferro Ruibal, Xesús | 52 |
| Fontaíña Pazos, Rosa | 54 |
| Fontán Feijoo, Guillermo | 55 |
| Franco Grande, Xosé Luís | 57 |
| García Crego, Xosé Manuel | 58 |
| García Gómez, Valentín | 59 |
| García Mañá, Luís Manuel | 61 |
| Gómez Segade, Xosé Antón | 62 |
| González González, Manuel | 64 |
| González Pérez, Clodio | 67 |
| González Tosar, Luís | 68 |
| González Trigás, Miguel Angel | 69 |
| Gurriarán, Ricardo | 70 |
| Harguindey Banet, Henrique | 97 |
| Iglesias Otero, Obdulio | 98 |
| Leal Fariña, Xosé | 99 |
| López Martínez, María Sol | 100 |
| Lorenzo, Ramón | 102 |
| Losada, Basilio | 103 |
| Martínez González, Xurxo | 105 |
| Méndez Ferrín, Xosé Luís | 107 |
| Míguez Vigo, Ana | 109 |
| Monteagudo Romero, Xoaquín | 110 |
| Montero Prego, Benito | 113 |
| Neira Vilas, Xosé | 115 |
| Nogueira, Alba | 116 |

Nogueira, Camilo 117
Núñez Feijóo, Alberto 119
Palmou, Xesús 120
Pérez Touriño, Emilio 122
Piñeiro, Antonio 123
Reboiras, Manuel 129
Regueiro Tenreiro, Manuel 145
Reza Rodríguez, Xosé Benito 148
Ricón Virulegio, Amado 149
Rios Paredes, Xosé Lois 151
Rios Paredes, Xulio 152
Rodríguez González, Román 153
Santalices Vieira, Miguel Ángel 155
Soto, Sara 156
Torres Queiruga, Andrés 157
Turnes, Xosé 159
Vaamonde García, Pablo 160
Vaquero, Carme 162
Varela García, Carlos 165
Villares Naveira, Luís 167
Escolma de prensa 169

*Este libro editouse co gallo da homenaxe a*
*Xosé González Martínez*
*con motivo da súa xubilación*
*celebrada na Pousada do Castelo de Soutomaior*
*o día 31 de marzo de 2017,*
*despois de 38 anos de servizo público ininterrompido*
*e de toda unha vida de compromiso*
*con Galicia, coa súa cultura e lingua*

galeguizargalicia